

terraetempo

revista galega de pensamento nacionalista

Entrevista a Isabel Rauber



O paraíso (fiscal) da Igrexa católica

A voltas coa cultura...

O Orde do Templo en Galicia

A actualidade da Teoría da Dependência

Que pasa en Siria?

DOSSIER | **BEN-CHO-SHEY**



14



35



102



112

5

Entrevista

Isabel Rauber

[María Pilar García Negro]

14

Economía

A Liquidación do Sistema de Financiamento das CC.AA. de Réxime Común en 2009

[Xosé Díaz Díaz]

30

O paraíso (fiscal) da Igrexa católica: o caso do I.B.I.

[Rubén Cela Díaz]

46

Cultura

A voltas coa cultura...

[María Pilar García Negro]

56

A Orde do Templo en Galicia. Unha aproximación

[Carlos Pereira Martínez]

62

A "idea do tesouro" en Álvaro Cunqueiro

[Antonio Reigosa]

68

Pensamento

A atualidade da Teoria da Dependência

[Theotonio dos Santos Júnior]

96

Internacional

Que pasa en Siria?

[Fayed Badawi]

102

Viaxes

En Palestina

[Xulio Valcárcel]

112

DOSSIER | Ben-Cho-Shey, político

Xosé Ramón e Fernández Oxea, setenta anos de militancia nacionalista

[Xosé Ramón Ermida Meilán]

117

Os movementos nacionalistas na Europa actual

[Ben-Cho-Shey]

129

Carta a Castelao

[Ben-Cho-Shey]

132

Carta sobre a reconstitución do Partido Galeguista

[Ben-Cho-Shey]



Tomando uns chatos nun bar próximo á praza de Cascorro Méndez Ferrín sentenciou: “Brais Pinto pasará á historia”. Pensei que era o viño quen falaba e non o poeta xa galardoado nas Minervais de Santiago. A premonición cumpriuse, máis pola deriva política que pola vertente literaria coa que se iniciou o grupo. Se do afiadador imaxinario non houbera xurdido a UPG, seguramente a sona da súa roda non pasaría o alto do Rodicio. Seis ou sete libríños de poemas -de acrisolada calidade, non cabe dúbida- non dan para encher un capítulo da historia da literatura galega. Quen daba cohesión a Brais Pinto era o nacionalismo, manifestado externamente a través da pluma, aínda que o aspecto literario non era o preferido por todos os que participamos na súa fundación, entre os cales me atopo eu. A finais dos cincuenta xa empezaba a rebulir unha oposición cada vez maior á Ditadura, cuestionada inclusive por algúns que antes a serviran. Pero Galiza, como dicía Castelao, non se rebelaba. Aquí seguíase emigrando. Tras os culatazos da guerra xurdira unha xeración que aspiraba a combater o fascismo como galegos e non como españois. Pero carecía de referentes políticos. Os máis preocupados sabíamos que houbera un Castelao e un Alexandre Bóveda. Sobre todo Castelao, entre o pobo o home dos chistes. A partir deles pechárase a historia. Todo unha penumbra.

Ramón Piñeiro puxera o nacionalismo de remollo, deixando a acción política para os partidos españois. Impartía doutrina desde o confesionario da rúa de Xelmírez, sobre todo entre o sector universitario de Compostela. Era un predicador de tertulia, deses agora de moda nas televisións, verdadeiras enciclopedias que en media hora danlle a volta ao mundo sen saír da casa. Para as camadas criadas polo piñeirismo o galeguismo reducíase á literatura escrita no idioma do país. Non se debía corromper meténdolle o verme da política. Eu ignoraba todo isto cando lle espuxen a idea dun proxecto nacionalista a algún compañeiro que compartía comigo os mesmos ideais. Por iso me estrañou que a resposta fose, de alí a pouco, a creación dun grupo cultural, nucleado arredor dunha editorial. Algo é algo, pensei. Habería que agardar un tempo para que o froito puidese madurecer, a que todos os penitentes se alonxasen do confesionario. Recoñezo que o noso rexurdimento empezou pola lira, pero esta non lle servía a Ulises para loitar con Polifemo. Non tardei moito en comprobar que orientación do grupo era debida ao cordón

O que verdadeiramente lle imprimiu carácter a Brais Pinto foi ser o restaurador do nacionalismo na postguerra. Non por atribuírmonos o mérito os que fomos protagonistas, senón porque así nos ven os que nos contemplan desde fóra

umbilical que unía algúns Brais Pinto coa placenta de Piñeiro. Eu nunca tivera trato persoal co filósofo da saudade. Léralle un artigo sobre o idioma publicado na revista do Centro Galego de Bos Aires, ilustrado cunha fotografía do autor. Polas trazas do retrato, en branco e negro, pareceume un home rexo e pelexón. Cando mo presentaron en Madrid, nas viaxes que facía para controlar a grea, a imaxe que tiña del esnaquizouse. Voz gora, negada para arengas e máis propia para botar a sesta, saúdo flácido. A súa man deixou na miña a mesma impresión que a de Filgueira Valverde na man de Bóveda. Non tiven necesidade de retornar a *Tagen Ata* para descubrir quen era. Xa se adiviñaba nel o traidor que anos máis tarde votaría en contra da representación nacionalista no primeiro Parlamento de Galiza, e a prol da investidura dun Presidente de Alianza Popular, traizoando así tamén ao partido que lle regalara escano. Quizais o problema era que sempre vivira de prestado.

Brais Pinto tivo unha existencia curta pero deixou pegada. Cando os estudantes, que eran maioría, remataron as carreiras, a súa actividade esmoreceu. No tempo que durou deulle un verniz cultural ao Centro Galego, que tiña salas para as partidas de subastado, e aos libros reserváralle un cortello que facía de roupeiro. Non se instituíra aínda o *Día das Letras*, pero promovemos recitais e debates sobre os problemas nacionais. Tivemos ocasión de escoitar os melancólicos versos da Anduriña recitados pola súa voz pousada e garimosa. ¿Vivirá aínda? Carmiña Piñeiro, que penso que facía pouco que estreara os amores que tiña merecidos, rimaba as coitas sentimentais en lírica rosaliana. ¿Qué será dela? Anda por aí nunha foto na que aparece entre Ben-Cho-Shey e Ferrín nunha homenaxe poética a Daniel Sueiro. Quizais o mérito máis importante do grupo foi o de terse convertido en embaixada e referente de Galiza en Madrid. Da Galiza cultural e política, evidentemente, pois a outra, a renegada, escolleu Madrid como casa propia. Recibimos e agasallamos a Ramón Otero, Benxamín Penzol, Lois Soto, Carlos Velo e Luís Seoane. E tamén compartimos inquedanzas con Montero Díaz, xa de retorno da aventura falanxista da xuventude. Piñeiro sempre aparecía de ganchete con Sabell. Entre os dous facían unha das parellas máis coñecidas da sociedade compostelá. Outra formábana as Marías, hai anos donas da Ferradura. E os



Grupo Brais Pinto, Madrid, 1958. Diante da casa en que viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía. De pé, Fernández Ferreiro, Otero Pedraio, Bernardino Graña, Antón Arias e un directivo do Centro Galego. Agachados, Bautista Álvarez, Méndez Ferrín, Reimundo Patiño e Leonardo Fernández Souto

que viviron xuntiños, xuntiños remataron. Un como emisario de Madrid, e o outro como esbirro do PSOE.

Otero Pedrayo merece consideración aparte. Un dos homes máis honestos e consecuentes co seu compromiso nacionalista. O nome del e de Castelao abundan para dar lustre e inmortalizar o partido que nunca abandonaron. Fómolo esperar á estación de Príncipe Pío. Sempre foi un home de transporte público. Pode que del herdase Francisco Rodríguez a preferencia por esa forma de viaxar. Era o día no que se iniciaba o cónclave para substituír a Pacelli por Roncalli. Ou sexa, o Papa nazi polo Papa bo. Lémbrome porque comentamos as esperanzas que Castelao depositara en Quiroga Palacios, a quen Roma lle acababa de conceder capelo, como o futuro Makarios de Galiza. Don Ramón era crente e rezador pero parvo non. Pouco lle faltou para converter o sorriso en gargallada. Como historiador que era, ben sabía que a mitra xa facía moito que deixara de ser galega, e que aquí fora sempre servidora da coroa. Por iso Otero non secundou a aventura iniciada no ano 35 polos galeguistas de sacristía. Desprazárase a Madrid para participar nos actos conmemorativos do centenario da voda de Rosalía e de Murguía. Ademais da placa descuberta na rúa da Ballesta onde vivira o matrimonio e dunha actuación musical no Circo Price, houbo unha velada literaria no Centro Galego da praza de Oriente. Brais Pinto estivo presente en todos eles, e comezou a brandir as armas que afixaba. Pasada xa a época da lírica, había que empezar a ensaiar coa épica.

No Circo Price, ao rematar a participación do coro, postos en pé e desafiando a prohibición que pesaba sobor del, os membros de Brais Pinto, catro gatos coma quen di, arrincamos a cantar o himno galego. Ignoro cal foi a actitude da coral. O que nos sorprendeu foi que un sector importante do público secundase a nosa iniciativa. Desde entón o himno nacional endexamais volveu ás catacumbas. A historia debe darlle o mérito a quen o sacou do purgatorio. Boa noticia e bo sinal



En primeiro termo, pola esquerda, Juan Soto, Baixeras, Bautista Álvarez e Reimundo Patiño

ver que os pitos estaban a romper a casca. Do acto do Centro Galego xa se fixeron eco outros compañeiros. Concretamente Fernández Ferreiro nun libro de memorias. Eu mesmo me referín a el en conversas e nalgún escrito. A Otero Pedrayo emparedárono entre Varelita (como el lle chamaba a J.L. Varela) e Fraga Iribarne. ¡Vaia compañía! Ou sexa, fixéronlle a petaca, como vulgarmente se di. O primeiro sacou o látigo para zorregarlle ao patriotismo cutre dos precursores. Sería por agasallar os oídos do xerarca franquista -de corpo presente en prosa de Manuel María- e así poder acceder á cátedra que se lle resistía. A don Ramón, o único que falou galego, tocoulle limpar as babas que o frustrado opositor acababa de cuspir sobre as figuras que son brasón das nosas letras. Por fin o Fraga, home de moitas letras pero mal dixeridas. Facía tempo que levaba no peto dunha camisa de cor azul unha chave para abrir as portas dalgún ministerio. Dáballe igual que fose de letras ou de ciencias, sempre que a carteira levase cartos, non para el senón para comprar aduladores. Político de pintorescas ocorrencias, a primeira delas escoiteilla alí: "Desde que en España manda nuestro invicto *caudillo*, en Galicia ya no existen viudas de los vivos y de los muertos". E tan campante. Só lle faltou pedir o aplauso do auditorio para premiar o inxenio do vilalbés. Non llo escatimamos, pois a provocación, ademais de ridícula, era grave. Os compañeiros apóñenme a min o inicio da revolta que se armou, con pateos, apupos e insultos cos que lle respondemos desde a primeira fila, antes de deixalo plantado no salón de actos. Os pitos acababan de saír do ovo. Por vez primeira lle fixeran unha figa a un fillo mimado da Ditadura. Reservo para outra ocasión enumerar as curiosas xenialidades de don Manuel q.e.p.d.

Xa o dixen ao comenzo, en poucos sitios se salienta o aspecto literario do grupo de Madrid. Inclusive nas obras e traballos especializados. Podía achacarse á dispersión dos fundadores ou á falta de novas incorporacións para

dar continuidade a un camiño que estaba aberto. Estes argumentos valerían de negármolle o posto reservado para el na historia de Galiza. Se despois de máis de medio século a súa memoria segue viva, non se trata dunha simple anécdota, como anécdotas foron varias asociacións hoxe desaparecidas. É que detrás da pluma estaba a espada. O primeiro poemario publicado -o *Bocarribeira* de Otero Pedrayo- constitúe xa, sen querelo nin pensalo, unha implícita declaración de principios. As novas xeracións nacionalistas tendían a man aos militantes do vello Partido Galeguista. Todos tiñamos claro sermos súbditos dunha soa patria: a patria galega, que deixaría de ser escrava cando fose ceibe. Había quen non pasaba dunha vinculación sentimental e combativa co seu pobo. E tamén quen coidaba que a liberación nacional dependía da revolución mundial. Insignificantes episodios. O que verdadeiramente lle imprimiu carácter a Brais Pinto, o que o meteu na historia, foi ser o restaurador do nacionalismo na postguerra. Non por atribuírmonos o mérito os que fomos protagonistas, senón porque así nos ven os que nos contemplan desde fóra.

Cancelado o proxecto literario -a Galaxia bis pretendida por Ramón Piñeiro- os que fomos núcleo de Brais Pinto iniciamos os trámites para constituír un partido nacionalista, belixerante na clandestinidade, e que incorporase as experiencias obtidas doutros procesos de liberación. Ou sexa, que estivese na *Terra* e máis no *Tempo*. Intentouse co Consello da Mocidade, fracasado por abri-lle as portas aos que entraran co ánimo de boicotealo. ¿Cando aprenderemos a vacinarnos en contra dunha peste que no nacionalismo parece endémica? Xa daquela, cando non había extremismos, andaba o gremio dos moderados á caza de radicais, os que en lugar de combater inimigos adicábanse a amansar rivais. Coñézoos ben. Os mesmos que no ano 63 se confabularon para abortar a miña participación no acto do Día das Letras en Madrid. Os que deliberadamente alongaron os tempos para deixar sen auditorio a intervención final que os boicoteadores me asignaran. ¿Cómo? Rídevos un pouco. Recitando *Unha oración para cada hora do día* de Michel Quoist. Coido que o rezador descoñecía outra obra do mesmo autor: "*Unha oración para rezar pola rúa*". Menos mal. Caso contrario, o galeguismo andaría hoxe en procesión.

Brais Pinto foi o preludio do rexurdir nacionalista, que se consolidou coa creación da UPG no ano 64. Non se me acuse de sectario se poño a este partido no centro do protagonismo. A fábula invéntase, a historia faise. É o primeiro que aparece, o que fai axitación, o que pasa polos tribunais da xustiza, o que tivo militantes na cadea, no exilio e no desterro. E, sobre todo, o



Pancarta pendurada da Alameda de Santiago o Día da Patria Galega de 1968

que acompañou no martirio a Vítor Casas e Alexandre Bóveda. O que conto non son lendas. Está nas actas. Sacou o Día da Patria de San Domingos de Bonaval e levouno á rúa. Deixou de ser liturxia e recuperou o espírito combativo do mitin das arengas. Pois ben, a nova organización xestouse e naceu entre os membros de Brais Pinto. Os dez puntos programáticos foron redactados nunha reunión celebrada en Madrid a principios do mes de xullo, e lixeiramente retocados no acto fundacional de Santiago. Estes son os poderes da UPG. Non os que descubriu Cisneros, decorrendo as cortinas do seu convento. Na recente política galega, río Miño só hai un. Guadianas, varios. Río que aparece e desaparece, tan veleidoso que os portugueses llo devolveron a España en canto pisou terra lusa para que fose morrer en Ayamonte, no mesmo país que o viu nacer. O da nacemento é un falar, pois parece ser o único río fillo de pai descoñecido. Ningún outro máis apropiado para saír do ventre da adúltera Castela, terra que se fartou de parir bastardos.

Xa en marcha o proxecto nacionalista, a colonia galega de Madrid participou activamente na creación de conciencia nacional, principalmente entre o sector estudantil. Proscritos no Centro Galego, presidido por un franquista, que ademais de xeneral tiña a desgraza de apelidarse Lobo, atopamos acougo no *Club de Amigos de la UNESCO*, que xenerosamente nos acolleu na súa sede para o funcionamento do Seminario da Cultura Galega. Pero esta etapa merece outro capítulo ou outra pluma. Concretamente, a de Lois Diéguez, pois xa lle dera protagonismo na *Torre de Babel*.

BAUTISTA ÁLVAREZ

Isabel Rauber



Isabel Rauber é unha das máis destacadas investigadoras sociais de Latinoamérica. Nada na Arxentina, reside desde hai anos en Cuba. Filósofa de formación, centra os seus estudos nos movementos sociais latinoamericanos. Entre os seus libros salientamos *Una Historia Silenciada*; *Tiempos de Herejía*; *Construcción del poder desde abajo, conceptos clave*; *Vírgenes sin manto*. En galego contamos con dúas obras: *Actores sociais, loitas reivindicativas e política popular* (A Nosa Terra, 2003) e *Xénero e Poder. Ollada desde América Latina* (Confederación Intersindical Galega, 2004).

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Isabel, recordamos brevemente que significa exactamente o concepto "xénero"?

Cando falamos de xénero estamos a falar sempre de relación de poder entre homes e mulleres, quer dicir, non se trata de calquer tipo de nexo entre un home e unha muller, senón daquelas relacións que se referen aos posicionamentos na sociedade, ao recoñecemento das identidades e ás capacidades en virtude das cais se tecen despois os roles. Por tanto, se son relacións sociais de poder que se xeran desde a base da constitución da sociedade, de máis está dicir que a transformación desas relacións de poder, que son asimétricas e discriminatorias da muller, resulta fundamental para calquer plantexamento democrático. De aí vén o inicio do que eu considero, do que se considera, democracia raizal. Non é posíbel que falemos dunha democracia plena se se mantiver a cuestión da discriminación de xénero, sen mudar as relacións asimétricas de poder. Dicemos "asimétricas", cando na realidade son de subordinación, de dominación e de exclusión das mulleres por un sistema patriarcal-machista. Iso é o que se esconde detrás do concepto de asimetría. Xa que logo, todos os decorados, as mudanzas superficiais que se lle fan á democracia, aínda se están ben nun sentido macro- se non chegaren á base, a nosa democracia está trunca. Estou absolutamente convencida de que sen unha transformación das relacións de xénero, destas relacións de poder, non hai posibilidades de democratizar a vida social.

Está diversificado o debate dos xéneros?

Efectivamente, o que aponte existe na base, porque, hoxe en día, o debate dos xéneros está moi diversificado e imos dicir que superou a cuestión do que é ser home e que é ser muller. En realidade, hai amplos

A prologuista deste último, María Pilar García Negro, subliñaba a orixinalidade radical dun libro que unía teoría e praxe, pensamento e sentimento, ciencia e vida, en simbiose necesaria, ao servizo de pór en primeiro plano a experiencia directa das mulleres entrevistadas, que pasaba a ser, así, non complemento ou ilustración senón parte central da construción do pensamento feminista e da precisa transformación, do preciso cambio social que del deriva.

Hai uns meses, visitou de novo a Galiza, estaba que aproveitamos para lle realizar a seguinte entrevista.

movimentos sociais que falan de identidades de xéneros, porque procuran os dereitos de recoñecemento, de lexitimación, os movementos de gays, lesbianas, travestis e bisexuais. Daquela, eu considero -e coincido con todos os que o consideramos así- que todas as identidades de sexo teñen un dereito a se conformaren como seres humanos na sociedade, isto é, que non se pode reducir a cuestión da democracia de xénero a home e muller, mais é a partir desta relación de subordinación como se encadean todas as outras subordinacións. Porque o xuízo cara aos suxeitos como gays, lesbianas, transexuais, bisexuais ou travestis comeza a partir do estereotipo do que é ser home e o que é ser muller. A partir do tal estereotipo, todo o demais se considera dexeneración ou deformación, cuestións que cómpre anular. Por iso, na base de todo sempre está a modificación das relacións de xénero, do que é ser home e o que é ser muller, que son identidades que



María Pilar García Negro e Isabel Rauber



se construíron en función do poder hexemónico. Esa é a clave.

Daquela, cal é a relación clase social-xénero?

Máis que complicada quizabes sexa complexa. O complexo non é complicado, é sinxelo, mais xustapóñense varias dimensións. Entón, vamos partir da clave home-muller e despois diso poderemos comprender talvez unha dimensión máis ampla. Certamente, durante moito tempo se contrapuxeron relación de clase e relación de xénero, até chegar a unha especie de cortocircuíto que certamente leva a un desentendemento ou incomprensión entre clase e xénero.

Para min hai unha cuestión de partida que reside no tempo previo ou o longo tempo de acumulación orixinaria de capital. Estamos a falar non sei se de miles, mais si, por suposto, de mil anos, porque se hai capitalismo hai máis de quíntos anos, a acumulación orixinaria para a formación do capitalismo procede de moitos séculos antes.

Este período de acumulación orixinaria é un período de despoxo de potencialidades, de apropiación da riqueza e saqueo. E a subordinación da muller, o relegamento da muller ao fogar que se acentúa no período aberto da acumulación de capital é funcional ao capital para extremar a explotación do home. Non ten tempo, non ten tempo para dormir, chega á casa e alguén ten que ter a roupa limpa e a comida feita, quer dicir, que explota a unha familia para obter a riqueza absoluta de un, ou sexa, a riqueza directa, mais como quita a posibilidade de desenvolvemento á outra parte da familia, hai que entender toda a relación familiar como submetida á explotación do capital e, nela, a subordinación da muller. Digamos que o capital chuchou o sangue ao home de forma directa e á muller para pór en función o seu desenvolvemento, en función da explotación do ser humano: en función da plusvalía operou tanto o relegamento da muller como a explotación directa do home. Polo tanto, para min, a subordinación de xénero é claramente entendida desde a óptica de clase porque é parte da acumulación orixinaria do capital. Sen subordinación, explotación da muller e reclusión da muller na vida doméstica, o capital non podería ter feito o xigantesco proceso histórico de saqueo da humanidade, porque a acumulación orixinaria é un saqueo.

Digamos entón que a partir de aí o debate de xénero e clase é un debate que carece de sentido porque a postura de clase, para min, é a postura da equidade de xénero. Por tanto, a clase non pode ser cómplice da explotación do capital nen de si mesmo nen da muller. E houbo tempos en que o capital explotou directamente a man de obra feminina e os nenos. Entón, cando ao capital lle convén, explótate directamente; cando non, non. O que acontece é que na base da constitución o que transcende os séculos é a reclusión da muller no fogar e aínda hoxe o temos. Menos, talvez visíbel porque existen formas de "compensación". A muller fica na casa, mais pode estudar



costura, decoración, atender os rapaces, vai ao centro comercial e o marido cómpralle cousas que disimulan a subordinación e aínda existen os grandes grupos de parvas que cren que con iso teñen compensada a súa existencia.

Téndese a facer a lectura de que demostrar o carácter de clase do problema de xénero é como para xustificar que discutir as cuestións de xénero non está reñido coa cuestión de clase e, para min, é ao revés. Para min, o que me permite dicir é que se vou discutir o tema da liberación de clase, o tema dos traballadores e as traballadoras en relación ao capital, teño que discutir as relacións de xénero, porque se non discuto as relacións de xénero non discuto de raíz o problema do capital, o roubo histórico da identidade, de vida que se transforma en riqueza que o capital fixo da humanidade. Isto é, unha posición coherente de clase é unha posición que discute as relacións dos xéneros e de subordinación dos xéneros.

Por tanto, a cuestión de xénero non é somente unha cuestión das mulleres...

A cuestión de xénero, para min, non é un problema de mulleres, é un problema de terminar con calquer punto de vista discriminatorio. Así que cando eu vexo o de "agora vén o da muller, agora vén o de xénero...", iso é algo que me indispon, porque hai unha comprensión moi, moi escasa de que o problema de clase é tamén un problema de xénero. E, viceversa, o problema de xénero é tamén un problema de clase. No meu libro [editado en galego] *Xénero e poder* teño teorizado sobre estas cuestións. Chámoo ensaio-testemuño, porque tento reflexionar, por un lado, sobre a parte conceptual e, por outro, apoiar o debate dos conceptos coa experiencia de mulleres dedicadas á tarefa política, ou sexa, un cometido ben amplo, tanto con militantes de partidos como con mulleres que construíron unhas relacións de poder diferentes...



Mulleres e política...

Ti non por seres muller es necesariamente diferente. En primeiro lugar, as mulleres estamos educadas pola cultura patriarcal, tamén na conformación da nosa identidade, quer dicir, somos mulleres patriarcalmente machistas ou somos patriarcalmente mulleres. Ter identidade de xénero implica unha deconstrución deste patriarcalismo na deconstrución da identidade e esa deconstrución da

identidade é un proceso moi interesante e pasa por moi distintas fases. Unha fase moi infantil e moi común é disfrazarse de home no sentido de masculinizar a presenza feminina, crer que con rudeza ou tirando adobíos... se consegue. No meu libro, algo máis da metade se dedica a examinar o comportamento das mulleres dirixentes, as mulleres que son referentes doutras mulleres para faceren algo diferente... E é interesante ver como as mulleres na súa grande maioría fan un tránsito dunha cuestión mimética. En principio, sabemos que a educación comeza pola imitación. Entón, como se pode dirixir dunha maneira diferente á do home se non se sabe dirixir de nengunha maneira?. A primeira cuestión, pois, é asumirse na dirección e tratar de ser tan boa como un home, co cal se reproduce a dinámica masculina. Implica esta dinámica reproducir os parámetros de autoritarismo, verticalismo etc.

Hai un aprendizado nas mulleres para tamén deconstruíren isto e aprenderen que a eficiencia non ten nada a ver co autoritarismo. Si coa autoridade, mais unha autoridade que se pode construír colectivamente e desde abaixo. Autoridade no sentido de respecto, xa que non se trata de xerarquías senón de roles diferentes. O libro recolle todas as posicións das entrevistadas, que non teñen por que ser coincidentes...

Que abano de mulleres existe neste seu libro?

Eu procurei unha perspectiva plural e diversa e conseguino abordando temas de mulleres políticas, sindicalistas, líderes bairrais, mulleres indíxenas, monxas, amas de casa, traballadoras informais, empregadas domésticas... E, nos últimos anos, moito foi o que se avanzou no tema da multiplicidade das identidades de xénero, de cómo se insiren, de cómo interactúan no conxunto social... ¿Somos realmente capaces de que un travesti lidere unha organización social? Non, culturalmente... Cumpriría escribir un novo libro sobre isto!



¿Por qué é transversal a discriminación de xénero, a quen serve?

Xa o expliquei, en parte... Hoxe en día as mulleres de diferentes procedencias sociais están atravesadas polos mesmos paradigmas porque é o paradigma do capital, que é discriminatorio; por iso se trata de terminar coa civilización do capital e non samente co capitalismo, porque, civilizatoriamente, castra tanto a mulleres como a homes, non só ás mulleres traballadoras. Ás mulleres traballadoras moito máis, porque as castiga unha e outra vez no público, no privado, no doméstico, no familiar e, ademais, como muller.

Que entende por empoderamento das mulleres?

En primeiro lugar, é unha reapropiación do que significa ser muller, non en termos de voltar a tempos pretéritos, senón porque a identidade hai que a construír en cada momento histórico. Parte de recuperar o que está na base, que é a plenitude do ser humano. Quer dicir, as mulleres somos tan

plenas no sentido de completas como suxeito humano como o home. A partir de aí temos o dereito de constituírmos a nosa identidade historicamente. No tempo histórico en que estamos vendo, empoderarse comeza por aquí. Pode transitar pola masculinización, que é explicábel, aínda que eu a vexa como algo pernicioso, porque iso nos leva a mulleres con poder que non teñen en absoluto conciencia de xénero. Pode haber homes con ela e mulleres que non a teñan...

Empoderarse é recuperar un poder de ser, un poder de identidade, que che foi quitado polo capital. Cando ese empoderamento se fai social, converxe cunha transformación civilizatoria, isto é, coa construción dunha nova civilización. Falaríamos de múltiples e diversos procesos de empoderamento, mais, por certo, a diversidade en termos nacionais é elemento básico para redefinir as relacións de poder e para transformalas nesa dirección civilizatoria que citei.





¿Qué salienta da súa experiencia como docente?

R. Pois non só a mellora da docencia en sentido estrito de dar clases, senón a docencia que visa cambiar o mundo e ben sabemos que o mundo non vai mudar se non mudan as nosas ideas, a nosa concepción do mundo. Quero achegar desde a pedagogía das prácticas unha pedagogía do coñecemento **outro**: hai unhas outras formas de existencia que cómpre divulgar.

Fíxeno en Cuba, onde me formei e sigo a facer na Arxentina. Sempre trato de achar as lóxicas das condutas que nos axudan a ter unha nova visión, unha nova proposta da transformación do mundo, resgatando as experiencias que nos axudan a avanzar nesa visión... A metodoloxía realmente baséase en Paulo Freire: ese labor de luír os saberes populares, que o son, aínda que non sexan académicos. O saber non é popular nen académico, é un saber. Afirmo que debemos articular a produción intelectual coa produción de saberes dos povos.

En que cuestións básicas debería cambiar o exercicio do poder político e económico para falarmos de democracia igualitaria?

Cómpre, como xa dixen, mudar desde a raíz. A crise actual é unha das mostras do esgotamento civilizatorio. A min chámame a atención que o que están a quebrar é a estrutura da sociedade. Están atacando a economía e, porén, a crise é financeira. O erro máis grande está na especulación, que produce este vacío nos capitais, pero acoden, máis unha vez, ao saqueo dos povos. Isto non é un produto do estado de benestar nen do estado de non benestar. Isto é un produto do avance do capital especulativo sobre o capital produtivo. Este, o capital produtivo, aínda que estivese no mellor dos tempos, tamén está esgotado, porque é un capital que se basea na destrución crecente da natureza e dos seres humanos. Non hai posibilidades de suster isto nen no produtivo nen no especulativo nen moito menos na relación – fusión do especulativo co produtivo, porque estamos nunha irracionalidade e nunha loucura total...

Esta crise civilizatoria é raizalmente converxente cos debates de xénero. Estamos a coñecer un novo ciclo de acumulación do capital, que lle está dando a volta outra vez á historia da humanidade, e agora con capacidades de globalizar este período de acumulación. Por iso hai povos inteiros saqueados polas guerras, co saqueo dos seus recursos. Outra vez as máquinas



O capital produtivo,
aínda que estivese no
mellor dos tempos,
tamén está esgotado,
porque é un capital que
se basea na destrución
crecente da natureza e
dos seres humanos

de chuchar o sangue dos povos en todos os sentidos, non só dos povos do Sul. Coido que vostedes en Galiza o ven claramente. Todas as periferias, inclusive dentro do Norte, son subsumidas, explotadas e marxinasadas. Todo isto ten a ver co xénero...

E América Latina?

En América Latina estamos nisto, con todas as limitacións, mais tamén con todas as fortalezas que dá o ternos atrevido a ocupar as oportunidades. En América Latina conseguíuse un avance con gobernos populares, que van desde Brasil até Venezuela... Con diferenzas entre eles, mais digamos que hoxe en día nós non estamos enfatizando as diferenzas senón as coincidencias: Brasil, Venezuela, Ecuador, Bolivia, Uruguay, Argentina, El Salvador, Nicaragua, Paraguay inclusive, Cuba. Unha fortaleza que levou á organización da CELAC, que considero positiva, porque é a primeira vez que podemos construír unha organización continental que nace dos propios

gobernos e povos de América Latina, aínda que non son o mesmo. Os povos haberemos de facer a nosa converxencia tamén, porque debemos ter a capacidade de defender a autonomía de pensamento dos povos. A razón de Estado non é sempre a razón do povo. Un pode apoiar, mais tamén debe ter independencia para posicionarse sobre temas que saen desde abaixo, non desde a superestrutura.

Non podemos esquecer tampouco que o imperio tamén está presente nesta organización a través de gobernos que lle son funcionais. Entón, non creamos o conto de que esta organización é a que supera a OEA. Non, a OEA tamén a temos dentro, no sentido da expresión de gobernos que traten de distorsionar o proceso, de desestabilizar... mais, indubitabelmente, a CELAC é algo moi importante...

... Isabel, moitas grazas pola túa presenza e o teu testemuño.

– Un millón de grazas pola miña parte... ■

A Liquidación do Sistema de Financiamento das CC.AA. de Réxime Común en 2009

O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DAS CC.AA. DE RÉXIME COMÚN 2009.

Comecemos por unhas cuestións xerais. Se, por exemplo, catro –catro, non dezasete– espazos independentes deciden constituírse nunha **unidade política** (olho, non só unha **integración económica** de determinado tipo como resulta ser o caso da UE), iso implicará unha nova distribución de competencias entre os espazos plenamente soberanos e a nova entidade federal/confederal, e o financiamento necesario para esta última poder levar a cabo as competencias que se lle asignen/transfiran no pacto fundacional. Aquí, directamente, de maneira nítida e transparente, aparece como son os espazos soberanos ou as 'partes auténticas, orixinais, constitutivas' da nova entidade política de quen proceden os recursos.

No caso dos estados unitarios centralistas, por definición, todas as competencias pertencen a ese Estado. Non existe aquí sistema de financiamento ningún. Un estado destas características pode, nun momento dado, proceder a unha descentralización como, por exemplo, co "Estado das Autonomías" español. Isto implicou que o Estado unitario centralista procedese a transferir determinadas competencias ás chamadas Autonomías. Competencias cuxo exercicio ten un custo de subministración, ficando o Estado como o financeiro das mesmas. O Estado das autonomías tivo 'como orixe' unha organización política e administrativa de prestación dos servizos públicos plenamente centralizada, unitaria. Trátase dun nacemento ao revés do que antes vimos. Estamos, pois, diante dunha aparencia completamente invertida da anterior situación.

Isto é a base esencial dunha ideoloxía que denominaremos en diante *españolismo*: o Estado español (España) aparece como previo ás partes constitutivas; aparece como unha entidade eterna, existente desde sempre e para sempre. Non se trata dunha construción humana historicamente determinada. Por isto, tamén, o sis-



tema de financiamento establecido, nas súas diferentes variantes ao longo do tempo, incorpora como fundamento, implícita ou explicitamente, esa ideoloxía españolista. Precisamente, a última versión, a que entrou en vigor no ano 2009 afonda descaradamente, como veremos, nesta cuestión, aínda sexa ao custo de vulnerar principios científicos elementais e de incorrer nunha complexidade desmesurada.

Pois ben, unha descentralización tal podería financiarse a través de diferentes sistemas de financiamento, dos que veremos dous casos extremos:

Primeiro. O Estado podería facer unha transferencia sen máis ás CC.AA. polo custo das competencias respectivas. Estas aparecen entón como 'gastadoras', tendo maior ou menor autonomía (liberdade) para executaren as diferentes competencias segundo estas sexan transferidas con carácter condicionado ou non, e resulta claro que non teñen ningunha responsabilidade (autonomía) a respecto dos ingresos que financian as competencias.

Segundo. O Estado podería financiar as competencias transferidas ás CC.AA. por medio da 'cesión' dunha *cesta de impostos* (que poderían ser todos os que compoñen o sistema fiscal español ou unha parte deles). Aquí distínguense dúas situacións: a) Se as CC.AA. non teñen ningunha competencia *normativa nin de xestión* sobre os impostos 'cedidos' (autonomía), estaríamos no caso primeiro: é como se tratar dunha simples transferencia;

XOSÉ DÍAZ DÍAZ

Economista. Autor de múltiples traballos sobre o sector naval, o mercado de traballo e de pensións, o sector enerxético e perspectivas financeiras

Escultura representando unhas cuncas ou *kaikus* (recipientes de madeira utilizados antigamente para cocer o leite ou fabricar queixos). Con todo, estes *kaikus* xigantes non son de madeira senón de formigón con baldosas cerámicas, vermellos un e negros outro, creados polo escultor navarro e profesor universitario Angel Garraza. Diante do "café para todos", os vascos e navarros trataron de conservar a súa especificidades fiscal



Monumento aos foros. Trátase dunha construción deseñada polo arquitecto Manuel Martínez de Ubago e formada por tres corpos. O corpo inferior consta de cinco caras que simbolizan as cinco merindades de Navarra. Debaixo hai cinco placas de bronce con distintas inscricións que aluden á defensa dos Foros. No corpo central destacan cinco grandes esculturas que simbolizan o traballo, a paz, a xustiza, a autonomía e a historia. Finalmente, no corpo superior, álzase unha gran columna de mármore vermello con capitel branco. Sobre ela atópase unha estatua de bronce de cinco metros de altura. Trátase dunha matrona coroada que sostén, na man dereita, unha cadea rota e, na man esquerda, a Lei Foral. Esta escultura foi realizada no marco da reacción popular contra a intención do intento de tentar suprimir o réxime foral, se ben a estatua nunca foi inaugurada

b) Se as CC.AA teñen competencias totais sobre os tributos 'cedidos', e de non existir ningunha limitación a respecto da contía de gasto en determinada competencia, estaríamos perante unha situación de *responsabilidade plena de gasto e de ingreso* por parte das CC.AA.. É dicir, nunha situación de autonomía financeira que, como sabemos, significa liberdade completa de decisión sobre os gastos e ingresos. Por outra parte, caso de o Estado 'ceder' unha *cesta impositiva* que contiver todos os impostos estatais, quedaría sen recursos para o exercicio das súas competencias. Así, as CC.AA. terían de ceder unha parte dos recursos recibidos para facer iso posíbel, o que desmantelaría completamente a ideoloxía *españolista* e deixaría claras as cousas sobre quen recaen e quen achegan os ingresos por impostos que, xunto coas cotizacións sociais dos traballadores, non 'nacen', obviamente, no quilómetro cero ou no ceo madrileños. Isto é o que acontece cos sistemas de Concerto

e de Convenio vasco e navarro, respectivamente. A *cota vasca* (846,5 M€ en 2009) e a *achega navarra* (433,5 M€ no mesmo ano) son as transferencias ao Estado que realizan esas Comunidades para financiar os servizos competencia do Estado, e por tanto, non transferidos ás mesmas.

Veremos como o sistema actual é unha mestura destas situacións consideradas. Deste xeito, as competencias transferidas ás CC.AA. fináncianse, primeiro, a través dunha *cesta impositiva* que non abrangue, por suposto, todos os impostos estatais, con escasas cando non nulas competencias normativas e de xestión (autonomía), e dos incluídos, os máis importantes en volume (IRPF, IVE e Impostos Especiais) son 'cedidos' nunhas porcentaxes iguais para todas as CC.AA.. Dado o diferente nivel de desenvolvemento das CC.AA., iso vénlles ao pelo para asentaren e consolidaren a ideoloxía *españolista* coa que temos que aturar: a Galiza subvencionada incapaz de se valer por si propia. E logo, a través dun conxunto de transferencias, que experimentaron un grande crecemento no sistema actual, cara a afondar no anterior, mais tamén para beneficiar descaradamente as CC.AA. que ocupan os lugares superiores no *ranking* de desenvolvemento.

Finalmente, dentro destas cuestións máis xerais, cando se implanta ou se modifica un sistema de financiamento, unha síntese esquemática do procedemento que iso implica é a seguinte:

- 1º) Determínanse as Necesidades de Gasto (o custo das competencias transferidas) nun ano base, no que se coñecen todos os datos.
- 2º) Defínese a *cesta impositiva* a 'ceder' e cuantifícanse os ingresos que achega a cada Comunidade nese ano base.
- 3º) Por diferenza entre os dous chanzos previos, obtense o **volumen de transferencias**, que no sistema anterior constituía o chamado Fondo de **Suficiencia** e que era, por tanto, o elemento de peche do



sistema. Mais no actual estírouse para abranguer catro diferentes fondos como veremos (aínda que dous son os que corresponden ao sistema de financiamento propiamente dito, Título I da Lei do sistema de financiamento - Lei 22/2009), sendo agora o chamado Fondo de **Suficiencia Global** o elemento de peche do sistema. En todo caso, tanto Fondo, e complexidade, que, como veremos ten unha finalidade moi clara, non debe facérmonos perder de vista a idea esencial de as competencias das CC.AA. financiárense a través dunha *cesta impositiva* parcial de todos os puntos de vista e dunha *transferencia*, división de recursos que resulta esencial ao *españolismo* para o espallamento das súas falacias.

Por suposto, cúmprese nese ano base elixido as **Necesidades de Gasto = Recursos financeiros totais** (recursos tributarios –*cesta impositiva*– máis a transferencia). Porén, isto xa non se cumpre, en xeral, en anos sucesivos, dependendo da evolución que experimenten o custo das competencias e os ingresos totais cos que se conta, ao dependeren cada un deles de circunstancias moi diferentes, acontecendo, en xeral, que os custos experimenten un peor comportamento que os ingresos. Así, este sistema pode ter **suficiencia estática** –no ano base–, no caso de estar calculado correctamente o custo das competencias, mais non ter **suficiencia diná-**

mica, é dicir, no transcorrer do tempo. Deste xeito, o que era igual no ano base deixa de selo en anos sucesivos, o que é unha causa principal de os sistemas de financiamento teren que ser revisados periodicamente, a pesar de que o anterior, que entrou en vigor nos tempos *aznarianos*, se declaraba definitivo, para sempre, eterno. A **suficiencia dinámica** implica a existencia dunhas garantías ou fórmulas de actualización ao longo do tempo. Veremos en que consisten realmente no sistema actual e as súas limitacións.

Pártese tamén do principio xeral, como sempre, de que para que todas as CC.AA. acepten o cambio de sistema, ningunha delas debe resultar perdedora en termos absolutos a respecto do sistema anterior, aínda que para iso se teña que recorrer a unha complexidade crecente do sistema, de maneira que todas as CC.AA. resultan beneficiadas, se ben en graos relativos moi diferentes, como veremos. De aí que o novo sistema incorpore uns recursos adicionais 'procedentes do Estado'. Isto tan elemental debería deixar algo desconcertados a toda a caterva de 'expertos' que, no seu momento, ateigaban os diferentes medios de comunicación, nomeadamente no especializado en anular a voz e os intereses da Galiza e dos galegos, anunciando o cataclismo de perdas que novo sistema, froito do demo catalán, ía provocar no noso país. Mais hai que espallar o *españolismo* a toda costa, que é do que se trata e ao servizo do que se está, pois acreditan cega-

Tras a supresión franquista, a autonomía fiscal vasca era reelaborada unha vez morto o ditador coa sinatura -o 9 de xaneiro de 1981 e entre representantes do Goberno español e da Comunidade Autónoma Vasca- do texto que habería de rexer as relacións entre ambas as administracións. Así pasaban as facendas forais a contar cun réxime tributario e fiscal propio. En definitiva, a recadar e xestionar os seus propios impostos e, en consecuencia, a regular a cantidade de recursos cos que implantar políticas sociais ou económicas. De forma máis gráfica, consistiría en substituír en territorio vasco a Facenda española pola foral.

O daquela Ministro de Facenda Jaime García Añoveros sela a firma do Concerto Económico cun simbólico apertón de mans co Conselleiro de Economía de entón do Goberno Vasco Pedro Luís Uriarte



Reunión do Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 17 de maio de 2012.

O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas foi creado en 1980 pola LOFCA (Lei Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas), no seu artigo 3, co obxectivo de adecuar a coordinación entre a actividade financeira das Comunidades Autónomas e da Facenda do Estado. O Consello de Política Fiscal e Financeira está constituído polo Ministro de Facenda e Administracións Públicas e o Conselleiro de Facenda de cada Comunidade Autónoma. Dáse o caso que na presidencia da xuntanza atopamos como Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos a anterior conselleira de Facenda da Xunta de Galiza Marta Fernández Currás

mente no aserto de que pobo manipulado é igual a pobo anulado.

O VIXENTE SISTEMA DE FINANCIAMENTO 2009+. Foi aprobado polo Acordo 6/2009 no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) sobre a reforma do sistema de financiamento, celebrado o día 15 de xullo de 2009, ben que coa abstención dos representantes das CC.AA. gobernadas polo PP. Tal acordo tradúcese logo na modificación dos textos legais correspondentes a: a L.O. 3/2009, de 18 de decembro, de modificación da L.O. 8/1980 de Financiamento das CC.AA. (LOFCA); a Lei 22/2009, do mesmo día, pola que se regula o sistema de financiamento das CC.AA. de réxime común (todas agás as forais: País Vasco e Nafarroa), en vigor a partir do exercicio 2009; e a Lei 23/2009, tamén do mesmo día citado, que regula os Fondos de Compensación Interterritorial. Os días 21 e 22 de decembro de 2009 tiveron lugar as diferentes Comisións Mixtas Estado-CC.AA. e aí –que é onde realmente vale– **todas as CC.AA. decidiron aceptar o novo sistema.** A Comisión Mixta Estado-Galiza reuniuse o día 21 e nela aprobouse o acordo de modificación do réxime de tributos cedidos, o acordo de aceptación do novo sistema de financiamento e a fixación do valor inicial do Fondo de Suficiencia Global (1.496,58 M€, ano base 2007). Todo iso torna esperpéntica a queixa actual do goberno galego **a respecto da necesidade de modificar do sistema,**

sendo como foi unha das partes asinantes. Finalmente, o 16 de xullo de 2010 ficaron aprobados os textos legais polos que se determina o sistema de 'cesión' de tributos a cada unha das 15 CC.AA. e fíxase o alcance e condicións da cesión (Lei 17/2010, do 16 de xullo, no caso da 'cesión' a Galiza).

Incrementábase a porcentaxe de 'cesión' (igual para todas as CC.AA.) nos tributos 'cedidos' parcialmente, nomeadamente os principais (IRPF, IVE e IIEE), que pasan de 33%, 35% e 40% a 50%, 50% e 58% respectivamente. Isto tradúcese nun incremento de participación dos recursos tributarios e nunha diminución dos recursos procedentes das transferencias en relación co sistema anterior. Esta 'cesión' en iguais porcentaxes leva a que as diferentes CC.AA., segundo o seu nivel actual de desenvolvemento, financien coa *cesta impositiva* unha proporción do custo das competencias que teñen transferidas moi diferente entre si: mentres que estes recursos tributarios financian na media do réxime común 84% das competencias, no caso galego só o fan en 70%, **14 puntos porcentuais menos.**

Melloran lixeiramente as competencias normativas a respecto do IRPF (seguen a ser nulas no caso do IVE e dos IIEE), e no caso dos tributos chamados 'cedidos tradicionais' modifícase o cálculo da súa contía sen exercicio de competencias, é dicir, con criterio normativo, para que este valor se achegue máis á recadación real. Debemos ter en conta que nos cálculos do sistema de financiamento se utiliza, por motivo de homoxeneidade, este tipo de cálculo dos diferentes impostos que integran a *cesta impositiva* 'cedida'.

Este novo sistema incrementa desmesurado a súa complexidade e opacidade. De feito, até o ano 2013 non teremos os datos oficiais definitivos relativos ao ano base 2007, e só os anexos numéricos da liquidación de 2009 ocupan 79 páxinas. Mais tamén continúa a determinar o custo das competencias a través dunha serie de


No ano 2009, os tributos soportados polos galegos en virtude do sistema fiscal español foron, como mínimo, de 9.430 M€. Tal é a Capacidade Fiscal real da Galiza

variábeis, malia os acordos reiterados no tempo a respecto de partir do custo real de prestación das diferentes competencias nas diferentes CC.AA., que parece sería o lóxico. Como veremos, o financiamento por Poboación Axustada ou por Unidade de Necesidade de Gasto, pondera non só o número de habitantes, aínda que desempeña un papel moi importante no sistema, beneficiando a aquelas CC.AA. que experimentaron unha evolución dinámica da poboación máis favorábel, senón tamén, como xa ocorría anteriormente, por determinadas características da Poboación que presentan diferenzas moi acusadas en certos casos entre as CC.AA.. Ademais debe terse en conta o feito de que a herdanza do proceso de descentralización específico baseado no chamado 'custo efectivo', en xeral moi beneficioso para o Estado e prexudicial para as CC.AA., dificilmente pode ser salvábel mediante a simples transformación *ad hoc* dunhas variábeis suposta ou realmente determinantes do custo de prestación dos diferentes servizos públicos. Precisamente é na escolla, *a priori* arbitraria, de que variábeis se inclúen (e se exclúen) e, sobre todo, da ponderación das diferentes variábeis, onde se incorpora implicitamente o tratamento desigual das diferentes CC.AA.

Aquí unicamente debemos ter claro que a poboación por si mesma, como pretende o españolismo –e por iso é tan amigo de utilizala como elemento central– non é a determinante, polo menos no grao único, ou cando menos tan determinante que se pretende, destes custos, xa que se obvian as economías de escala. Ademais, o incremento de poboación significa un incremento de ingresos, tanto máis no caso español en que tal incremento de poboación nos últimos anos derivou, sobre todo, do proceso inmigratorio experimentado. Trátase en xeral dunha poboación nova que, como todos os estudos públicos e privados demostran, achegan un efecto maior no incremento dos ingresos alí onde residen que no incremento dos gastos

nos servizos públicos fundamentais e, en xeral, nos servizos públicos.

Desta maneira, as variábeis e ponderacións que compoñen o cálculo desta Poboación Axustada (ou unidade de necesidade) son as seguintes: a poboación (30%); a poboación entre 0 e 16 anos (20,5%) [ensino]; a poboación maior de 65 anos (8,5%) [sanidade, servizos sociais]; a superficie (1,8%); a dispersión (0,6%); a insularidade (0,6%); e a denominada poboación protexida distribuída en 7 grupos de idade (38%) [sanidade]. Mentres a inmigración está integrada na variábel poboación, non acontece así coa emigración. Por suposto, non existe ningunha xustificación de por que a poboación nova pese 20,5% e a maior de 65 anos 8,5%, cando está demostrado que esta consume máis de tres veces o servizo sanitario que, por certo, supón un custo moi superior ao do ensino. Ademais, a poboación **axustada** resultante destas variábeis e ponderacións é moi sensíbel a estas últimas, de maneira que, por exemplo, unha subida lixeira da ponderación por dispersión (que levaría a unha baixada equivalente noutra das variábeis) faría que o cálculo da poboación axustada experimentase modificacións considerábeis en CC.AA. como a nosa. Posto que, para a determinación do custo (necesidade de gasto) dos chamados **servizos públicos fundamentais (SSPPFF)** –sanidade, ensino e servizos sociais– esta poboación axustada é determinante, veremos logo a súa inadecuación para reflectir os custos reais da subministración destes servizos na Galiza. Mais digamos xa que a aplicación deste concepto de poboación axustada ao noso país significaría que se no ano 1999 (ano base do anterior sistema) **Galiza alcanzaba 7,59% dos custos do réxime común, no ano 2009 diminuíría a 6,83%**, experimentando unha perda de case 0,8 puntos porcentuais, o que representa unha cantidade considerábel en euros. Esta baixada beneficia as outras CC.AA. e vén a significar o disparate de que *os custos de subministración dos servizos públicos galegos*



Edificio de oficinas en Bilbao. Metáfora da estrutura fiscal do Estado a respecto das Comunidades Autónomas

se abarata ao longo do tempo en relación aos das outras CC.AA (!!). Tal é a lóxica que preside todo isto. Deste xeito, o sistema incorpora, a través desa definición específica da poboación axustada que se pretende reflicte con precisión o custo das competencias transferidas, un elemento estrutural gravemente prexudicial para Galiza.

E é que se o sistema anterior integrase os tres bloques de competencias que se distinguían antes del (comúns, sanitarias, servizos sociais), o sistema actual vai distinguir entre estes SSPPFF e o resto de competencias. Para isto recorre a un trebello **tautolóxico** para tentar presentarnos propiedades máxicas, mais ilusorias, ao facer referencia á presumida 'solidariedade' que o caracteriza, como todos os sistemas de financiamento habidos ou padecidos.

O custo das Necesidades de Gasto no ano 2009. De acordo coa Lei, o custo das competencias para o ano de entrada en vigor do sistema (2009) determínase resumidamente a través de dous tipos de recursos: os que resultarían da aplicación nese ano do anterior sistema (mantemento do *statu quo*), e duns recursos adicionais que 'achega' o Estado e que se fan en 2009 por un total de 5.236,85 M€ e en 2010 por 2.400 M€, sen incluír os Fondos chamados de 'converxencia', que veremos logo.

O cadro 1 resúmenos isto para o ano 2009, de entrada en vigor e xa liquidado.

Observemos simplemente que no caso de que Galiza mantivese o mes-

mo peso no sistema de financiamento (7,2%) que no ano anterior (2008), isto significaría que as súas Necesidades de Gasto (custo das competencias) fose de 6.333 M€, é dicir 360 M€ superiores (6% máis) ás que resultan da aplicación do novo sistema. Sen entrar en detalles, vemos que o fundamental dos recursos adicionais son os dedicados ao **reforzamento do estado de benestar (4.900M€)**. Os criterios utilizados son os seguintes:

- 75% en función da variación absoluta experimentada na Poboación Axustada entre 1999 e 2009.
- 12,5% polo peso relativo da Poboación Axustada de 2009.
- 10% en atención do peso relativo da Poboación Potencialmente Dependente.
- 2,5% polo peso relativo da Poboación Recoñecida como Dependente.

Á vista destes criterios, especialmente o primeiro, no que o coeficiente galego de participación é unicamente de 1,98%, Galiza resulta gravemente prexudicada, de maneira que **só participa en 3,3% dos mesmos**, como se o sistema de benestar existente no noso país estivese moi por riba da media estatal, algo que de ningunha maneira, e lamentabelmente, poden confirmar as estatísticas, e peor, a realidade. Como se ve, Galiza participa no conxunto dos recursos adicionais do sistema en 2009 tan só en 4,6%, o que conduce directamente a que as Necesidades de Gasto (o custo das competencias), teñen un

Cadro 1

CC.AA.	(1) Total Statu Quo	(2) RECURSOS ADICIONAIS EN 2009 (M€)					(1) + (2) NECESIDADE DE GASTO
		Reforzo E.Benestar	Dispersión > Media	Densidade < Media	Normaliz. lingüística	TOTAL REC. ADICIONAIS	
R. COMÚN	82.714	4.900	50	50	237	5.237	87.951
GALIZA	5.729	163.0	34	0	46	243	5.972
% GZ / RC	6.9	3.3	68.2	0.0	19.4	4.6	6.8

menor peso dentro do conxunto do réxime común.

Así que, á peor posición de partida, ao negativo comportamento temporal galego da poboación axustada tal como se define no sistema, hai de engadir o anterior a respecto da repartición dos recursos adicionais. O maltrato galego resulta evidente, é dicir, que a incapacidade do PP para defender os intereses galegos no momento de negociación do acordo e que aceptou na Comisión Mixta son tanto ou máis evidentes. E teñamos en conta que todo isto tan negativo se trasladará cara a adiante ao longo do tempo, polo que o financiamento do conxunto dos servizos públicos galegos terá cada vez máis dificultades coa deterioración conseguinte dos mesmos.

Como se financian as Necesidades de Gasto. As necesidades de gasto (o custo das competencias) que vimos financiarse a través dos recursos que se mostran no cadro 2. Este cadro tan sinxelo que resume o que explicamos ao principio agocha todo un catálogo de formulacións das posicións do españolismo que cómpre desvendar e sacar á luz.

En primeiro lugar, a chamada 'Capacidade tributaria' é a *cesta impositiva* que integra os seguintes impostos estatais, indicando entre parénteses as porcentaxes de 'cesión': IRPF (50%); IVE (50%); IIEE de fabricación (58%); impostos 'cedidos' tradicionais (sucesións e doazóns, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, taxa sobre o xogo); as taxas afectas aos servizos transferidos; o imposto sobre a electricidade, sobre determinados medios de transporte (matriculación) e sobre a venda retalista de determinados hidrocarburos (o 'céntimo sanitario'), todos eles transferidos a 100%. Recordemos que a 'Capacidade tributaria' se calcula non a través do recadado realmente por esta *cesta impositiva* parcial, senón polo que resulta do seu cálculo sen exercicio das competencias normativas, no caso de existiren. Resulta do cadro que a 'Capacidade Tributaria'

Cadro 2				
CC.AA.	Necesidades de Financiamento	Capacidade Tributaria	Fondo de Garantía dos SSSPPFF	Fondo de Suficiencia Global
R. COMÚN	87.951	76.997	3.316	7.638
GALIZA	5.972	4.342	881	749
% GZ / RC	6.8	5.6	26.6	9.8

galega foi de 4.342 M€ no ano 2009, **5.6% da do conxunto do réxime común.** É a primeira estupidez non neutral: por que unha *cesta impositiva* PARCIAL (nos impostos que integra e na porcentaxe de 'cesión') se pretende facer pasar por unha totalidade, como se os impostos **realmente soportados polos galegos fosen estes 4.342 M€ unicamente?** É obvio que soportamos o 100% do IRPF, IVE e IIEE de fabricación e non unicamente nas porcentaxes de 'cesión' correspondentes. É o mesmo de obvio que soportamos outros impostos estatais que non están integrados na *cesta impositiva*, como por exemplo, o imposto de sociedades, tráfico exterior ou sobre primas de seguros. Ninguén definiría un ser humano algo así como un ente formado por media cachola, un brazo e unha perna do lado contrario, sen ser tachado de tolo, como pouco. Porén, os 'científicos' que definen deste xeito a 'capacidade tributaria' están a incorrer precisamente nisto. Para que fiquen máis claro: na realidade, **no ano 2009, os tributos soportados polos galegos en virtude do sistema fiscal español foron, como mínimo, de 9.430 M€.** Tal é a **Capacidade Fiscal real da Galiza** (deixando de lado agora a cuestión dos impostos propios galegos e os impostos das corporacións locais), ou sexa, unha cifra que é moi superior as Necesidades de gasto que determina o sistema de 5.972 M€. Mentres tanto, a 'capacidade fiscal' *españolista* de 4.342 M€ é, por suposto, inferior a esas necesida-



Guillermo Vázquez declarou nas concentracións contra a reforma express da constitución: "Esta reforma, e non é unha cuestión menor ou secundaria, trae tamén consecuencias para o autogoberno. As xa de por si máis que limitadas competencias do Estatuto víranse inexistentes definitivamente. Os gobernos autónomos serán simples xestorías das decisións do poder central"

des de gasto. Así resulta é preciso que funcione a 'solidariedade' estatal a través de transferencias: antes, o chamado –non por casualidade– Fondo de Suficiencia e agora, por dous Fondos, o **Fondo de Garantía dos Servizos Públicos Fundamentais** (nada menos!) e, o elemento de peche do sistema, o **Fondo de Suficiencia Global**. Trátase dunha complicación absurda, mais moi proveitosa desde a perspectiva españolista para remachar nos tópicos da 'solidariedade' e do 'estado benfeitor', sen o que resulta imposible a nosa existencia.

O artigo 158.1 da Constitución española (CE) refírese aos servizos públicos fundamentais (sanidade, ensino e servizos sociais esenciais) cando *abre a posibilidade* de que nos orzamentos do Estado se *puidese* "estabelecer unha asignación ás CC.AA. en función do volume dos servizos e actividades estatais que asumisen e da garantía dun nivel mínimo de prestación dos servizos públicos fundamentais en todo o territorio español", nivel mínimo que a LOFCA concretou no nivel medio estatal. Porén, mentres se estableceron ao longo do tempo diferentes criterios para esta "garantía", a última no anterior sistema de financiamento, a realidade é que nunca se puxeron en práctica, deixándonos claro o moito que vale a súa Constitución e demais.

O certo é que estes servizos públicos fundamentais subministrados polas CC.AA. e non polo Estado son os máis dinámicos en canto á deman-

da. O custo da súa subministración de todos eles está moi ligado ás modificacións das necesidades da poboación e ás súas características específicas, como pode ser o caso da dispersión. Estes factores inciden dun xeito determinante en determinados servizos, por exemplo o envellecemento da poboación no caso dos servizos sanitarios e sociais, ou a poboación nova, no caso do ensino.

Agora, por arte de maxia, asistimos con este novo sistema de financiamento a nada menos que un trebello tautolóxico para conseguir "unha estrita igualdade no financiamento dos SSPPFF". É para isto que se 'inventa' no sistema vixente o denominado Fondo de Garantía dos SSPPFF (FG), composto por 75% da 'Capacidade tributaria' (integrada no sistema de financiamento), sen exercicio das competencias normativas onde existan (en 2009 isto equivale a $0,75 \times 76.997 = 57.748$ M€ segundo o cadro anterior) e a 'achega' polo Estado (os recursos adicionais, sen os recursos para a normalización lingüística, cun volume de 5.000 M€ en 2009), máis os recursos definidos na II Conferencia de Presidentes celebrada en 2005 para paliaren a deficiente situación que experimentaba o financiamento sanitario (655 M€). Por outra parte, trátase da equivalente da aplicación a aquela determinada para o ano base 2007, actualizada pola evolución experimentada por un indicador, o ITE (o IRPF, IVE e IIEE na parte estatal, incluída a liquidación resultante por estes conceptos nun ano dado), entre este ano dado (2009, no noso caso) e o ano base (2007). Aquí temos un exemplo de garantía dinámica do sistema, que se refire a unha parte moi cativa relativamente do conxunto de recursos do sistema de financiamento. De feito, este ITE entre 2009 e 2007 foi de 0,5863; é dicir, a base que o forma foi en 2009 menos de 60% que en 2007 (efecto da actual crise sobre a recadación). Deste xeito, a 'achega' do Estado en 2009 equivale a $5.655 \times 0,5863 = 3.316$ M€. Así, en 2009, o Fondo de Garantía dos SSPPFF equi-

vale a $FG = 57.748 + 3.316 = 61.063$ M€. Obviamente non se me negará que resulta cando menos 'sorprendente' que uns recursos 'achegados' en 2009 non son senón uns recursos nominais do ano 2007 (!). Resulta certamente incríbel tanta trapallada, mais o caso é 'recortar', que é no que andamos. Algún españolista 'especialista' debe terse levado un susto de morte con esta cuestión.

Chegados aquí, decídese *a priori* que a **repartición desde Fondo (61.063 M€) se faga en función da Poboación Axustada** (da 'unidade de necesidade') de cada Comunidade. Consecuencia: efectivamente, os euros por poboación axustada son necesariamente iguais, resulta exactamente ser o mesmo para todas e cada unha das CC.AA. Faltaría máis: as matemáticas son as matemáticas. E aquí temos unha tautoloxía convertida en instrumento 'científico': demostrador das 'virtudes máxicas, supremas, solidarias' que –agora si– adornan o novo sistema de financiamento. Imaxino que todo o mundo sabe que se un pai ou unha nai decide repartir un diñeiro entre os fillos en función da idade dos mesmos, o que cada fillo recibe por ano de idade é o mesmo para todos eles; é igual de repartir entre o número de zapato que calzan, do número de pelos na cabeza, ou calquera outra ocorrencia. E *sísdos* catedráticos *españolistas* asolágnanos coas maravillosas propiedades 'solidarias' deste novo sistema en función disto. O que hai que ver e termar! Debe ficar claro que esta nova estupidéz tautolóxica elevada aos altares da creación científica agocha ademais a crenza, sen discusión, de que as variábeis e ponderacións, arbitrarias, *ad hoc a priori*, da Poboación Axustada se identifican exactamente co custo real das necesidades de financiamento dos SSPPFF das diferentes CC.AA., que é moita chafallada de máis, como veremos xa. Mais isto é preciso para poren de manifesto a benéfica dependencia do Estado, así como para facer evidentes as 'transferencias

Cadro 3			
	Orzamento galego liquidado 2009		SdF 2009
21	Pensións	9,011	
23	Servizos e sociais e promoción social	716,461	
31	Sanidade	3.938,996	2.182,859
32	Educación	2.450,054	
	Necesidades E. Benestar 2009	7.114,522	4.137,177
	Participación no Fondo de Garantía	4.137,18	
	Diferenza	2.977,345	41,8%

A totalidade dos recursos do SdF 2009 non cubre os gastos líquidos (6.305 M€, incluídos os fondos de "converxencia")

de nivelación' –a agora si– entre as CC.AA. 'ricas' e as 'pobres'. Así fican consumados os principios ideolóxicos esenciais do Leviatán ao que estamos sometidos. Pouco lles importa o que logo acontece co Fondo de Suficiencia Global, e xa non digamos co outro 'invento' dos Fondos de Converxencia, que veremos máis adiante.

O cadro 3 móstranos o custo real dos SSPPFF galegos no exercicio 2009. Segundo a forma de repartición do Fondo de Garantía que explicamos arriba en función da poboación axustada na que Galiza participa en 2009 con 6,78%, corresponderalle unha participación nese Fondo de $61.063 \times 0,0678 = 4.137$ M€, o que vemos unicamente significa 58% do custo real dos SSPPFF. Comprobamos así a radical inadecuación que supón este concepto de Poboación Axustada (coas súas variábeis e ponderacións específicas) para reflectir ese custo real, ademais do que vimos anteriormente a respecto da súa evolución temporal, estruturalmente moi negativa para Galiza. A gravidade disto é suma, e agravarase co paso do tempo. Estamos perante dun déficit de grande transcendencia. Será por isto que hoxe a Xunta do PP lle parece necesario modificar un sistema que nunca debería ter aceptado? Seica agora non lle parece ben a 'igualdade' que todo isto significa en relación coas demais CC.AA.: os 4.137 M€ galegos divididos pola poboación axustada galega (2.966.939) equivalen a 1.394 € por habitante 'axustado' ou por 'unidade



Manifestación na defensa dos servizos públicos galegos (Sanidade, Ensino, Servizos Sociais...). Santiago, 3 de xuño de 2012

No reparto das talladas que fai o Estado, dada a descarga das competencias en servizos públicos nas Comunidades Autónomas, topámonos con que os recortes nas partidas que lle remesa teñan consecuencias directas no financiamento destes servizos

de necesidade', exactamente igual que para Catalunya, para Madrid, ou que para o conxunto do réxime común! Así funcionan as tautoloxías. E así pódese 'vender' universalmente a 'igualdade' na prestación dos SSPPFF por toda a pel de touro.

Máis unha vez a 'ciencia' ao servizo da ideoloxía españolista: se no anterior sistema non se 'transparentaban' as 'transferencias de nivelación' que se presumían, un obxectivo –se non o esencial– dos creadores de novo sistema consiste precisamente en 'crear' un artefacto tautolóxico que logre isto *en aparencia*. E este papel é o que vai corresponder ao novo Fondo de 'Garantía dos servizos públicos fundamentais', chamado así por 'respecto' á súa Constitución que, desta maneira, se encobre, por se falta lle fixera, cunha ilusión adicional máis para a súa maior gloria. Que noxo, deus!

Por outra parte, non deixa de resultar curioso o que vén a acontecer, como consecuencia deste 'invento' tautolóxico co chamado Fondo de Suficiencia Global. No sistema anterior, existía como transferencia o Fondo de Suficiencia que os teóricos e políticos españolistas utilizaban para definir as CC.AA.: as 'ricas', que o tiñan negativo (quer dicir, a favor do Estado), que resultaban ser unicamente as Illes Balears e Madrid, e por escasa contía; e as 'pobres', ou sexa todo o resto de CC.AA., que o tiñan positivo. Resulta difícil continuar con esta lería de 'pobres' e 'ricos' no caso do Fondo de Suficiencia Global, xa que neste novo

sistema a única autonomía que o ten negativo no exercicio 2009¹ son as Illes Balears, tamén por unha escasa cantidade (188 M€), que ademais lle resulta 'compensado' en virtude da Disposición adicional 3^a da Lei 22/2009 do sistema de financiamento. Á Galiza, como vemos no cadro 2, este fondo supón 749 M€, mentres que, por exemplo, a Catalunya e a Madrid supón 2.047 e 750 M€ respectivamente². Hai que ver a onde conduce as cousas toda a maxia aritmetolóxica que impregna o sistema de financiamento, dunha complicación nunca contemplada, para que só uns poucos cheguen realmente a entender o seu significado real. E como este Fondo, nun ano dado, é o resultado de multiplicar o do ano base (2007) pola evolución do ITE entre ese ano dado e o base (idéntico para todas as CC.AA.), sempre –mentres durar e se non se producir a incorporación de novos recursos adicionais– como se indica nas notas a rodapé, a única Comunidade que o tería negativo serían as Illes Balears, e os de Catalunya e Madrid, necesariamente maiores que os da Galiza. Segundo este cálculo, que serían máis 'pobres' que nós e precisarían de meirande "solidariedade", pois as matemáticas deben ser respectadas por todos, independentemente das ideoloxías, sen que se vexa nisto ningunha atribución de exactitude e veracidade absoluta e menos de ignorar as premisas nas que se fundamenta esa disciplina. Así o demostra, como non podería ser doutra maneira, a súa evolución no tempo. Trátase de algo que, por certo, afecta todo o resto de 'disciplinas' habidas e por haber.

Á vista do novo sistema, os ideólogos españolistas vense na obriga de esqueceren utilizar para as súas divisións a poboación a secas que lles presentaría un sistema 'máis solidario'. O problema é que non se pode ter todo á vez. Aínda que retorcendo moito as matemáticas, talvez nalgún novo sistema atopan a pedra filosofal que lles resolva estes graves, ilusorios e estúpidos problemas de non poderen ocultar suficientemente o carácter

unicamente ideolóxico –no sentido tamén de ‘non científico’– dos seus ‘inventos’ progresivos a respecto dos sistemas de financiamento. Mais os ‘inventos’ non rematan aquí.

Os Fondos de ‘Converxencia’. A maiores do anterior, o Título II da Lei 22/2009 que regula o sistema de financiamento crea dous novos fondos, chamados **de converxencia**, que seica teñen como obxectivos xerais os seguintes:

■ **O achegamento entre as CC.AA. en termos de financiamento por habitante axustado**, finalidade asignada ao Fondo de **Competitividade** (para as CC.AA. ‘ricas’, en xeral). Nótese como está implícito nisto o feito de que a Poboación Axustada, tal como está definida no sistema, reflicte exactamente o custo de subministración das competencias nas diferenzas CC.AA., malia as súas diferenzas en envellecemento, dispersión e o resto. Por tanto, para eles, o ideal é acadar unha igualdade tal, que logo teremos ocasión de comprobar no que queda na realidade.

■ **Favorecer o equilibrio económico territorial**, finalidade asignada ao Fondo de **Cooperación** (para as CC.AA. ‘pobres’), esquecendo que isto é a finalidade do Fondo (hoxe fondos) de Compensación Interterritorial recollido na CE no seu artigo 158.2.

Nótese que os nomes dos fondos non son en absoluto neutrais e serven para consolidar a ideoloxía españolista. Mais o que no fondo se demostra é o pouco que están pola igualdade territorial, como, por outra parte, o vemos na realidade logo de tantos anos de existencia deste Estado ‘benevolente, benfeitor e solidario’. Parece que se busca de verdade a igualdade, de acordo coa teoría económica convencional ao uso, a ‘competitividade’ debería ser afondada nas CC.AA. ‘pobres’ para seren capaces de chegaren algún día ao nivel de desenvolvemento das CC.AA. ‘ricas’.

O cálculo e determinación destes Fondos non é precisamente doado,

sobre todo o Fondo de Competitividade, auténtico galimatías para ignotos sabios, habitantes nos cumios do Olimpo. Só advertiremos que, mentres que a contía global do Fondo de Cooperación (para as CC.AA. ‘pobres’) é de 1.200 M€, o de Competitividade (para as CC.AA. ‘ricas’) alcanza os 2.572 M€, **máis de dúas veces superior ao anterior**. De feito, no borrador do Acordo sobre o sistema alcanzado o 15 de xullo 2009, definíase a contía deste último fondo como a suma do Fondo de Cooperación máis o dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI), que, tendo en conta que os orzamentos do Estado de 2009 dotaban os FCI cun crédito inicial de 1.354 M€, totalizaría 2.554 M€. Ademais, vai na dirección contraria da prédica do artigo 158.2 da CE, o único elemento ‘solidario’ que contempla este instrumento legal, polo que podería ser certamente anticonstitucional. Por iso, no texto definitivo e na Lei correspondente desaparece a referencia ao FCI, procurando outra fórmula que evite esa posibilidade, ou sexa 52,5% dos 4.900 M€ de recursos adicionais para o reforzamento do estado de benestar. Outra curiosa referencia, *como se* os ‘estados de benestar’ a reforzar fosen precisamente os das CC.AA. ‘ricas’ e non os das ‘pobres’, que deben, por tanto, prestar moitos máis e mellores servizos públicos! Xa só faltaba ter que aturar cunha estupidez semellante.

Dos anexos (Cadro I e nas Gráficas I e II do Sistema de Financiamento e dos Resultados da comparación dos recursos por habitante axustado) resumimos os resultados deste sistema para o ano 2009. Deles vemos:

■ En termos dos recursos para financiaren as competencias totais de cada comunidade, Galiza con 6.215 M€ (6.306 M€ en termos de recadación real), significa unicamente 6,76% no réxime común, fronte, por exemplo, á participación en 7,87% establecido no ano base do anterior sistema (1999). Se a Galiza mantivese en 2009

Os nomes dos fondos non son en absoluto neutrais e serven para consolidar a ideoloxía españolista. Mais o que demostran é o pouco que están pola igualdade territorial



Marta Fernández Currás en representación de Galiza no Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 27 de abril de 2011. Entón acusaba ao goberno central de "non dar o pactado no sistema de financiamento á Comunidade Galega". Mesmo ameazaba con presentar un recurso no Tribunal Constitucional se o Estado non aboaba os 805 millóns de euros que lle correspondían. No último Pleno, como Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos, sentada xa do outro lado da mesa, semella que se dispou esa actitude reivindicativa

unha participación na porcentaxe de 1999, os recursos totais para Galiza deberían ser de 7.233 M€, é dicir, 1.018 M€ máis (16,5% superiores), que non é unha cifra precisamente desprezábel e que pon de releve un fracaso negociador da Xunta do PP con graves consecuencias actuais e futuras para o noso país.


- Observamos o escaso papel das competencias **específicas** galegas que supoñen 180 M€ (**4,7% do réxime común**), fronte aos 1.807 M€ de Catalunya, os 570 M€ de Andalucía ou os 614 M€ de Madrid, unha evidencia do moito traballo que queda por desenvolver no ámbito das competencias 'autonómicas'. Considéranse competencias específicas, non homoxéneas, as seguintes: confederacións hidrográficas; formación profesional continua; hospitais provinciais; infraestruturas do REF; institucións penais, Instituto Social da Mariña; medios materiais e persoais ao servizo da Administración de Xustiza, normalización lingüística; obras hidráulicas; parques nacionais; financiamento das CC.AA. uniprovinciais das súas competencias como Deputacións Provinciais a través do sistema de financiamento; policía autonómica; profesores de relixión; tráfico; transporte interinsular; e autorizacións iniciais de traballo.
- Como vemos, en termos de Competencias totais (homoxéneas e

non homoxéneas) por habitante axustado, as únicas CC.AA. que exceden a media do réxime común (=100) son, nesta orde: Cantabria (119), Catalunya (110), A Rioxa (109), Madrid (108), Asturias e Aragón (102) e Estremadura (101). Galiza fica lixeiramente por embaixo da media (99).

- En termos de competencias **homoxéneas** (todas as CC.AA. dispoñen delas) por habitante axustado, ou por unidade de necesidade, son Cantabria, A Rioxa, Madrid, Estremadura, Asturias, Aragón, Castela e León e Catalunya as Comunidades que exceden a media do réxime común. Galiza fica practicamente na media.
- Isto é todo o contrario a achegar en termos de financiamento por habitante axustado. Á diferenza do que acontecía no sistema anterior son, en xeral, as CC.AA. consideradas como 'ricas' as que están 'desequilibradas' en relación coas CC.AA. 'pobres', malia todas as críticas que certamente merece este tipo de índice de comparanza, como xa vimos.
- Finalmente, vemos que a diferenza entre a capacidade fiscal real galega, como consecuencia unicamente do sistema fiscal estatal, de 9.430 M€ supera en 3.215 M€ os recursos que achega o sistema de financiamento, unha cifra superior ao volume que no ano 2009 supuxeron as subvencións xestionadas (competencias nas que á Galiza só corresponde a execución), os Convenios e Contratos-Programa, o FCI e os investimentos do Estado na Galiza.

Á vista destes resultados, non debería resultar estraño que as CC.AA. do réxime común estean a padecer grandes dificultades para faceren fronte a un custo de subministración das súas competencias que segue unha vía moi outra a dos ingresos, dos que os procedentes do sistema de financiamento son determinantes, nunha situación de crise vixente e

Sistema de financiamento ano 2009



case permanente. O que demostra a deficiencia de raíz que padece o tal sistema *españolista* mesmo para cumprir o que cualifican como a súa finalidade básica. Xa non se trata só das carencias evidentes no ámbito da autonomía; é que o tan cacarexado principio de suficiencia fai auga por todas as partes, malia o valor real dos tributos soportados polos galegos por mor do sistema fiscal español.

Por outra banda, é sabido que a crise provocada polo sector privado ten unhas consecuencias fulminantes sobre a actividade financeira das Administracións Públicas: a diminución dos ingresos, o incremento dos gastos e, en consecuencia, o do déficit e do endebedamento, para atenderen con algunha decencia os servizos públicos que se demandan en grao crecente pola poboación como, de maneira paradigmática, pode verse no caso galego.

Todo iso vese agudizado pola convicción ideolóxica do PP a prol do adelgazamento da actividade financei-

ra das Administracións Públicas e do aproveitamento da situación de crise para levar a cabo o que, doutro modo, non podería realizar tan doadamente. De aí presumen que a Xunta da Galiza do PP fose 'pioneira' da cruzada en voga da política de austeridade que, como sabemos moi ben, e como toda política, non é neutral. Así, fronte á plétora de diñeiro público dirixido ás grandes empresas financeiras e non financeiras dominantes, trátase de impor esta austeridade a quen, en modo ningún, foron os causantes da súa crise, nomeadamente:

❖ **As administracións públicas**, obrigadas, por outra parte, a actuaren dunha maneira que reforza o funcionamento cíclico da economía debida á doutrina económica dominante imposta pola ditadura teutoa 'comunitaria', coa súa emperatriz á fronte, e asumida disciplinadamente polos 'dirixentes' dun Estado en situación práctica como de rescate malia a 'sobera-

Cadro 4. Sistema de financiamento 2009+. Recursos totais de financiamento no ano 2009. Recursos tributarios con criterio normativo (sen exercicio de competencias)

CC.AA.	TOTAL RECURSOS TRIBUTAR.	TRANSFERENCIAS			TÍTULO I SdF	TRANSFERENCIAS			TOTAL		
		FG dos SSSPPFF	Fondo de SG	TOTAL TR. SdF		FF. CONVERXENCIA		TÍTULO II	COMPET. Rec. C/N	COMPET. ESPECIF.	COMPET. HOM. OX.
						Cooper.	Compet.(*)				
Catalunya	15.673	-1.455	2.047	591	16.264	0	937	937	17.201	1.807	15.394
GALIZA	4.342	881	749	1.630	5.972	243	0	243	6.215	180	6.035
Andalucía	11.645	2.659	1.379	4.038	15.683	309	0	309	15.992	570	15.422
Asturias	1.974	88	265	354	2.328	91	0	91	2.419	42	2.376
Cantabria	1.167	-56	345	289	1.456	16	0	16	1.473	75	1.397
A Rioxa	577	22	150	172	749	0	0	0	749	32	717
Murcia	2.146	365	93	458	2.604	50	101	151	2.755	11	2.744
C. Valenciá	8.309	739	19	759	9.068	0	634	634	9.702	190	9.512
Aragón	2.680	-37	358	321	3.002	33	0	33	3.034	50	2.985
Castela - A Mancha	3.120	724	340	1.064	4.184	76	0	76	4.260	7	4.253
Canarias	1.712	1.753	304	2.056	3.769	69	0	69	3.838	143	3.695
Extremadura	1.431	556	391	948	2.378	103	0	103	2.481	4	2.476
I. Balears	2.342	-230	-188	-419	1.923	0	327	327	2.250	62	2.188
Madrid	15.416	-3.180	750	-2.430	12.986	0	762	762	13.748	614	13.134
Castela e León	4.462	487	636	1.123	5.585	210	0	210	5.796	8	5.788
RÉXIME COMÚN	76.997	3.316	7.638	10.954	87.951	1.200	2.761	3.961	91.911	3.794	88.117

(*) No caso das Illas Balears, o Fondo de Competitividade inclúe os recursos segundo a D.A. 3ª da Lei 22/2009 (188,38 M€)

nía' de que se fai fachenda. Fronte á depresión, máis depresión.


I As maiorías sociais, a comezar pola súa compoñente máis numerosa, a clase traballadora, son a outra 'culpábel da crise' para os seus causantes reais, como tan ben coñecemos pola caterva de medidas reiteradas a través de múltiples RDL, reformas laborais, ataque de fondo ao sistema de pensións, do anterior goberno do PSOE, que teñen continuación no chamado *Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2012-2014* entre os sindicatos e patronais estatais, e sobre cuxas bases establecidas, ampliáranse e intensificáranse coas novas contrarreformas en curso do PP.

E os tópicos vulgares e simplistas cos que se pretende 'xustificar' tal política de austeridade –o que non quer dicir que non teñan, por iso mesmo, un éxito bastante notábel, polo menos a curto prazo– non pre-

tenden outra cousa que agochar os seus obxectivos reais: a) a recuperación da taxa de beneficio a través da desvalorización da forza de traballo, da diminución do salario entendido dunha maneira ampla, desde o salario directo, ao indirecto (sanidade, ensino, protección social) até o salario diferido (despedimento, desemprego, xubilación), agudizando a minguante participación salarial na 'renda nacional', e como contrapartida, a intensificación no medre do excedente; b) a recuperación da taxa de beneficio pola vía da eliminación do capital considerado 'redundante' (peche de empresas, política de reestruturación empresarial e financeira), incrementando o proceso de concentración e centralización do capital; e c) alargar o campo de actuación para o capital privado a través da diminución cuantitativa e cualitativa da creación de bens públicos e da prestación de servizos por parte das administracións públicas.

Tampouco nos debería estrañar a posición recente de CiU e a reivindicación do chamado 'Pacto Fiscal', é dicir, do regreso a un sistema de financiamento propio dun estado plurinacional, tal como por certo, recollía o proxecto de *Estatut* aprobado no seu día polo *Parlament* catalán, que sería logo 'cepillado' no Congreso –tras o 'cepillado' entre Zapatero e Mas– e que, máis tarde, fixo cinzas a sentenza do seu Tribunal Constitucional, mesmo pasando por riba do aprobado polo pobo catalán, que tal sentenza nega como existente.

Todo o que pon de releve a vixencia do defendido polos nosos históricos predecesores nacionalistas, e das teses do BNG actual, cando en 2001, por non mencionar o seu máis recente proxecto de Estatuto, reivindicaba no Parlamento galego que no proceso de reforma do sistema de financiamento daquela en curso, a Xunta defendese un modelo que reunise, como mínimo, as seguintes características: un carácter asimétrico que diferenciase as necesidades de financiamento propias da nosa Nación das outras Comunidades sen definición nacional; unha territorialización completa dos tributos que compoñen o sistema fiscal español, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades da Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno, a política fiscal; un cambio normativo que propiciase a efectiva tributación na Facenda Galega de todas as manifestacións de capacidade económica xeradas por actividades desenvolvidas no noso país; a creación dunha Administración Tributaria propia a partir da transferencia dos medios humanos e materiais que forman parte da Axencia Tributaria Estatal operante no noso territorio; e un mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que servise de elemento verdadeiro e real para a redución das diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribuíse a unha verdadeira




converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

E é que, chámese como se queira, o Nacionalismo, se non quere negarse a si mesmo, ten que defender un sistema de financiamento que asente nestes principios un dos medios máis importantes para tornar posíbel a superación do atraso galego, posibilitar a creación de postos de traballo suficientes e de calidade e a mellora progresiva do benestar da súa poboación ■

¹ No ano 2010 ao se producir a incorporación de novos recursos adicionais (2.400 M€) terá entre outros resultados que as Illes Baleares sexan acompañadas nisto pola Comunitat Valenciana.

² En función do recollido na nota anterior, acontece unha variación, de maneira que, no caso de Madrid, o seu Fondo de Suficiencia Global continuará sendo positivo, mais inferior ao da Galiza. Ser máis 'pobre' ou menos 'pobre', como vemos, está 'chupado' no sistema de financiamento.



O paraíso (fiscal) da Igrexa católica: o caso do I.B.I.

RUBÉN CELA DÍAZ

Economista. Portavoz municipal do BNG no Concello de Santiago de Compostela


Moito –que non necesariamente ben– se ten falado e escrito nos últimos tempos a respecto da exención do pagamento do Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) por parte da Igrexa católica no Estado español.

Na Galiza, sería o nacionalismo quen, unha vez máis, abraira ese debate. Fíxoo con rigor e coherencia entre o dito e o feito e sen instrumentalizacións tacitistas. O Bloque Nacionalista Galego está a realizar un traballo inxente para trasladar este debate á rúa e a todos os ámbitos institucionais. No ámbito local, foi Compostela a punta de lanza á que lle seguiron o resto dos concellos da nación a través de iniciativas dos grupos municipais nacionalistas. Desde o Parlamento de Galiza a través de diferentes iniciativas do Grupo Parlamentario do BNG. Desde o Congreso dos Deputados, Francisco Jorquera continuou un traballo de moitos anos, con múltiples propostas neste ámbito que implicaban unha revisión a fondo dos acordos do Estado español coa Santa Sé, que tanto gobernos do PP coma do PSOE botaron abaixo. Desde Bruxelas, a eurodeputada do BNG, Ana Miranda, vén de presentar recentemente unha interpelación na Comisión Europea sobre a exención do IBI á Igrexa católica no Estado español, ademais de manter unha liña de colaboración con outros grupos políticos europeos favorábeis ao establecemento dunha separación real entre a Igrexa e os diferentes estados da Unión Europea.

Trátase dun debate complexo e sometido a doses elevadas de demagogia, medias verdades e prexuízos. Este artigo non ten outra pretensión que a de tratar de achegar algún dato que permita a quen o lea contextualizar os feitos. A partir de aí, que cada quen extraia as súas propias conclusións.

Esa contextualización é imprescindible porque o debate arredor do non pagamento do Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) por parte da Igrexa católica é, tan só, a punta máis visíbel dun grande iceberg: o modelo de financiamento da Igrexa católica no Estado español.

O nacionalismo galego foi capaz de abrir ese debate. Agora a sociedade galega debe ser capaz de pechalo satisfactoriamente. Para iso é fundamental sermos capaces de trasladar ao conxunto da cidadanía unha explicación clara e concreta do que acontece e da alternativa que defendemos.



© J. Perreira

Dinos, pois, que che parece, é lícito pagar tributo ao César ou non? Mais Xesús, coñecendo a súa malicia, dixo: “Hipócritas, ¿Por qué me tentades?. Mostrádeme a moeda do tributo. Eles presentaron un denario. El preguntoulles: de quen é esta imaxe e esta inscrición? Contestáronlle: “Do César”. Dixolles entón: “Pois dade ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus. E ao oírle iso, quedaron maravillados, e deixándoos, se foron.

Mateo 22, 15-22



Táboa de anuncios dunha igrexa en Euzkadi. A doutrina social da igrexa, tan avanzada nalgunhas declaracións, a miúdo non se corresponden coa práctica

ANTECEDENTES. A principal formalización das relacións entre a Igrexa e o Estado (cun peso moi importante das de ámbito económico) son os chamados Concordatos: acordos entre a Santa Sé (o Vaticano) e un Estado para regular as relacións entre ambos.

Adóitase sinalar como o primeiro concordato español o Concilio de Constanza de 1418 ao que lle seguiu o Concordato de 1753 asinado polo rei Fernando VI que foi completado por acordos parciais por parte de Carlos III e Carlos IV. Este último foi substituído por un novo concordato en 1851 baixo o reinado de Isabel II.

Esas relacións entre o Estado español e o Vaticano só se verán interrompidas temporalmente durante a II República (1931-1939) cando o Vaticano ante a política laicista do goberno.

Unha vez instaurada a ditadura fascista do Xeneral Franco, asináronse diferentes acordos parciais entre o Estado español e o Vaticano: en 1941 sobre a provisión das sedes episcopais e outro sobre a provisión dos beneficios non consistoriais; en 1946 sobre seminarios e facultades eclesiásticas e en 1950 sobre a elección dun vicario castrense. Mais foi en 1951, coincidindo co centenario da sinatura do Concordato de 1851, cando Franco solicitou formalmente ao Papa Pío XII a sinatura dun novo Concordato:

“Creo que no cabría forma mejor para marcar esta fecha de 1951, en que se cumple el centenario del concordato firmado en 1851, que concertado

con la Santa Sede Apostólica uno nuevo donde se resuman los convenios parciales celebrados desde 1941 que, completados adecuadamente, constituyan una norma estable para las amistosas relaciones entre la Iglesia y el Estado español. Derogada espontáneamente por mi Gobierno, desde el instante en que se constituyó, toda la legislación sectaria y antirreligiosa de Gobiernos que nunca representaron el sentir español, abordados y resueltos en convenios posteriores aquellos puntos jurídicos más delicados¹”.

Finalmente, dous anos despois, asinouse o que se coñecería como *Concordato español de 1953*.

O 6 de decembro de 1978, apróbase en Referendo a Constitución española, que entrou en vigor o 29 de decembro dese mesmo ano. A través da mesma, o Estado español configúrase como un Estado –supostamente– aconfesional, mais cun tratamento diferencial cara á Igrexa católica. En concreto, o seu artigo 16.3 establecía:

Ningunha confesión terá carácter de estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa Católica e as demais confesións.

Uns días máis tarde, o 3 de xaneiro de 1979, aprobáronse catro² acordos que configurarían o actual réxime concordatorio no Estado español, entre eles o chamado *Acordo sobre Asuntos Económicos*, asinado en Roma polo cardeal Villot e o ministro español Marcelino Oreja que reformaba o Concordato de 1953 en materia económica. Tratábase, a todos os efectos, dun Tratado Internacional que foi referendado polas Cortes Españolas en outubro de 1979 (por unha ampla maioría no Congreso e sen ningún voto en contra no Senado).

O primeiro dos artigos deste acordo reza o seguinte: “O Estado comprométese a colaborar coa Igrexa católica na consecución dun axeitado sostemento económico, con

respecto absoluto ao principio de liberdade relixiosa.”

En base a este principio xenérico de “colaboración”, este acordo incluía, entre outras cousas, a exención total e permanente dos impostos sobre as actividades eclesiásticas católicas, como tamén o financiamento a través dunha declaración expresa dos contribuíntes no IRPF. Ademais, supuña a “exención total e permanente” da contribución territorial urbana e a exención das contribucións especiais e da taxa de equivalencia da maioría dos seus inmóbeis (tanto os dedicados ao culto como os dedicados á actividade pastoral), residencia dos bispos, cóngos e sacerdotes, locais de oficinas, seminarios, universidades eclesiásticas, conventos, etc. Este acordo tamén supuña a exención total e permanente dos impostos reais ou de produto, sobre a renda e sobre o patrimonio e a exención total dos impostos de sucesións e doazóns e transmisións patrimoniais (se os bens ou dereitos adquiridos se dedicaban ao culto, sustentación do clero, ao apostolado ou ao exercicio da “caridade”).

No entanto, este acordo non só recollía privilexios económicos para a Igrexa católica, tamén recollía unha importante obriga: “A Igrexa católica declara o seu propósito de lograr por si mesma os recursos suficientes para as súas necesidades.”

Obriga que non se chegaría a cumprir nunca. Hoxe, trinta e tres anos despois da súa aprobación, non parece existir tampouco unha vontade real de cumprila.

A EVOLUCIÓN DESE MODELO DE FINANCIAMENTO NA ETAPA DEMOCRÁTICA. Ese modelo de colaboración en materia económica aprobado en 1979 tivo diferentes modificacións puntais até chegar aos nosos días. Ningunha das modificacións sufridas alterou no substancial o modelo (financiamento público de actividade da Igrexa católica), aínda que se foron introducindo cambios



que resulta preciso ter en conta para contextualizar a situación actual. Hai catro datas clave:

En **1988** estableceuse que se dedicaría a porcentaxe de 0,5239% da cota íntegra do IRPF á Igrexa católica, cando o declarante marcasse na súa declaración o recadro dedicado a tal efecto. Ofreceríase como alternativa o recadro de “Outros fins de interese social”.

A Igrexa católica española non estivo nada conforme con este proceso. En primeiro lugar, polo suposto “desenvolvemento unilateral” por parte do goberno. E, en segundo lugar, porque lle parecía claramente insuficiente esta porcentaxe. Por último, porque a alternativa “outros fins de interese social” non estaba prevista nos Acordos e segundo a Igrexa católica “desvirtuaba o sistema”.

A pesar de que á Igrexa católica non lle parece un acordo o suficientemente bo, o certo é que este acordo levaba incluído un ‘seguro a todo ris-

O patrimonio da igrexa vén de vello e quizais habería que analizar como foi adquirido, en calquera caso, o que resulta evidente é que compre debater o feito de que este sexa administrado sen as esixencias que teñen os demais cidadáns e institucións



Acto de aniversario do parlamento de Castela e León. A presenza preponderante da igrexa nos actos civís é correlativa a que as administracións públicas teñen nos actos relixiosos, misturando e confundindo os dous ámbitos

co'. Por se non existisen demasiados católicos comprometidos co financiamento da súa Igrexa, estableceuse ademais un sistema que garantía un mínimo de ingresos con independencia do número total de cidadáns e cidadás que marcasen ese recadro, mediante un complemento anual con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado. É dicir, á Igrexa resultáballe indiferente (no terreo práctico) o número de persoas que marcasse o recadro, porque se non chegaba a unha determinada cantidade o que faltase para chegar a ese 'mínimo' pactado xa llo ingresaba o Estado con cargo aos Orzamentos. Mentres existiu este modelo, a Igrexa nunca chegou a ese mínimo, e sempre tivo que habilitarse unha partida nos Orzamentos Xerais do Estado para 'compensar' a Igrexa católica.

Doce anos despois, no ano **2000**, estableceuse a compatibilidade entre a asignación a favor da Igrexa e a destinada a "Outros fins sociais". Median-

te esa modificación, os contribuíntes podían marcar as dúas opcións, sen que diminuíse a cantidade dedicada a cada partida. Evidentemente, esta foi unha decisión aplaudida pola Igrexa, xa que implicaba, na práctica, unha maior recadación.

En **2002** apróbase a Lei de Mecanado que equipara, en grande medida, a efectos fiscais, a Igrexa co resto do sector non lucrativo.

No **2006**, o Executivo de Rodríguez Zapatero e a Igrexa católica, acordan un novo modelo de financiamento que entra en vigor o 1 de xaneiro de 2007 que, con carácter indefinido, elimina a dotación directa do Estado á Igrexa, aumenta a asignación do IRPF de 0,5239% a 0,7% da cota íntegra do IRPF correspondente aos contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido. Elimina –como analizaremos máis adiante– a exención do IVE tal e como requiría a Comisión Europea, e tamén se elimina o complemento orzamentario polo que, a partir dese momento, a Igrexa só recadaría en función dos "x" marcados nas Declaracións da Renda, sen posibilidade de 'complemento' con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado no caso de que non acadase unha cantidade mínima.

Mediante este acordo, o Estado comprométese a entregar durante o ano 2007, mensualmente á Igrexa Católica a cantidade de 12.501.051,76 euros.

Desde ese ano até 2010, a evolución dos contribuíntes que marcaron

Cadro 1			
ANO	Nº DECLARACIÓNS	% DECLARACIÓNS	VARIACIÓN A RESPECTO DO ANO ANTERIOR
IRPF 2006	6.483.180,00	33,45	
IRPF 2007	6.958.012,00	34,38	0,93
IRPF 2008	7.195.155,00	34,31	-0,07
IRPF 2009	7.260.138,00	34,75	0,44
IRPF 2010	7.454.823,00	35,71	0,96

o recadro da Igrexa católica pódese ver no cadro 1.

É dicir, nos últimos anos, unha media de 65,48% dos contribuíntes decidiron non marcar o recadro da Igrexa católica na súa Declaración da Renda, a pesar de que lles saíse gratis e a puideran compatibilizar co recadro de “outros fins sociais”.

Actualmente atopámonos inmersos na campaña da Declaración da Renda correspondente ao ano 2011. Polo tanto, aínda non existen datos oficiais pechados correspondentes ao que aconteceu neste ano 2012. Témonos, pois, que referir ao exercicio anterior. En 2011, a Asignación tributaria á Igrexa católica (correspondente a 0,7% da base imponible das e dos contribuíntes que marcaron o recadro da Igrexa na súa Declaración da Renda) ascendeu a 278 millóns de euros (sen contar outros convenios específicos).

A ACHEGA PÚBLICA AO FINANCIAMENTO DA IGREXA CATÓLICA. A Igrexa católica no Estado español ten dúas vías fundamentais de captación de recursos:

Unha propia –que non imos analizar en detalle– na que se englobarían todos os mecanismos de captación de recursos económicos que actualmente posúe a Igrexa católica no Estado español que non teñen como orixe unha administración pública, como o son os donativos e colectas ordinarias, as doazóns e herdanzas, o que cobran por determinados servizos vinculados ao culto (enterros, vodas, aniversarios, etc.), campañas específicas de recadación de fondos (DOMUND, contra a fame, contra o aborto ou matrimonios entre persoas do mesmo sexo, etc.), beneficios procedentes da explotación de colexios, residencias, hospitais, librerías, arrendamentos varios, editoriais católicas, rendemento do patrimonio eclesiástico, etc. Porén, estes ingresos propios distan moito do compromiso adquirido pola Igrexa católica de autofinanciamento.

Outra vía de financiamento procede –directa ou indirectamente– das



administracións públicas en virtude de diferentes conceptos.

Con respecto a esta última vía, hai que ter en conta que non é doado contestar á pregunta: Canto costa ao erario público a Igrexa católica? Podería parecer *a priori*, á vista dos mecanismos cos que conta a Axencia Tributaria, o avance dos medios telemáticos e a fiscalización á que están sometidas as contas públicas, que debería ser fácil responder de xeito tallante a esa pregunta. Mais non é así. Detrás desta pregunta aparentemente simple existe unha resposta complexa (ou varias) non necesariamente certas.

Esta dificultade vén producida por varios motivos. En primeiro lugar, porque non é tan doado definir que é ‘Igrexa’ e que non é. En segundo lugar, porque determinadas estimacións se realizan sen poder ter unha certeza sobre datos básicos (determinados aspectos concretos referidos a ingresos, posesións e inversións da Igrexa católica no Estado español), polo que nos temos que mover con estimacións e non datos exactos sobre o patrimonio da Igrexa católica, así como algúns dos seus ingresos.

Referirse hoxe á ‘Igrexa católica’ é referirse, cando menos, a un concepto formalmente difuso. Estamos a falar, para o conxunto do Estado español, de aproximadamente 40.000 institucións: 69 dioceses, centos de ordes e congregacións, máis de 14.000 fundacións e asociacións, 22.700 parroquias atendidas por 19.121 curas e 1.668 relixiosos/as,



Sacre Coeur de París. Francia foi pioneira na resolución das relacións entre o Estado e a Igrexa. Unha relación conflitiva como se aprecia nos carteis das campañas recollidas na foto inferior

Cadro 2	
Asignación Tributaria PGE	278.000
Outros asignación directa PGE	4.350
Concertos e Subvencións a Centros Educativos	3.900.000
Salarios profesorado de Relixión	700.000
Atención sanitaria directa	700.000
Capeláns diversas institucións públicas	25.000
Cáritas	81.044
Manos Unidas	10.304
TOTAL	5.698.698

Cifras expresadas en millares de euros

Cadro 3	
CONCEPTO	IMPORTE
Asignación vía irpf-210 (para o financiamento do culto e clero)	248.300
Asignación irpf - fins sociais - (aproximado)	110.000
Exención e bonificacións tributarias (ibi, patrimonio, renda, sociedades, obras, etc.)	2.500.000
Para asistencia sanitaria e para obra social	1.800.000
Asistencia hospitalaria directa (cc.Aa.)	900.000
Funcionarios capeláns (exército, cuarteis, hospitais)	25.000
Mantemento do patrimonio en poder da igrexa católica	700.000
Subvencións e gastos eventos relixiosos	400.000
O goberno, copaticipa en entidades católicas, como a obra pía	10.000
ENSINO	
Persoas que imparten relixión católica	500.000
Financiamento de centros de ideario católico	3.900.000
TOTAL	11.093.300

Cifras expresadas en millares de euros

905 mosteiros de clausura, milleiros de fundacións pías non autónomas, legados, etc., ademais doutras institucións como o arcebispado castrense, organismos supradiocesanos (universidades Pontificas, universidade Católicas, etc.). Falamos de 3.070 monumentos declarados Bens de Interese Cultural (BIC) propiedade Igrexa católica (aproximadamente 30% de todos os BIC do Estado), de preto de 4.500 centros asistenciais, etc. E, por

dicilo dun xeito gráfico, non responden todos eles a un único CIF...

Existen múltiples estimacións. Dúas das últimas estimacións realizadas son as da Fundación 1º de Maio publicada no seu informe de abril de 2012 *Financiación de la Iglesia Católica y Gasto Público* e outra a realizada por Francisco Delgado, presidente do colectivo Europa Laica, tamén de abril de 2012.

Segundo a *Fundación 1º de Maio* a achega pública á Igrexa católica ascende a 5.698 millóns de euros, nos que se inclúen as achegas directas e as indirectas, xunto cos pagamentos pola prestación de determinados servizos, como os educativos ou sociosanitarios, ademais das achegas ás principais entidades non gobernamentais vinculadas á Igrexa católica, distribuídas do xeito que aparece no cadro 2 (expresadas en millares de euros).

Segundo os datos de Europa Laica, a achega total do Estado xira ao redor dos 11.000 millóns de euros, o que equivalería aproximadamente a 1% do PIB. Cada cidadán ou cidadá achega (con independencia de marcar ou non o recadro da Igrexa na súa declaración da renda) uns 260 euros (cadro 3).

Non é doado saber con exactitude en que se gastan eses recursos. O caso máis relevante, a efectos do que se pretende analizar neste artigo, é o uso dos recursos que a Igrexa católica recibe con cargo ao IRPF.

Segundo os últimos datos que hai dispoñíbeis na web da Conferencia Episcopal, recollidos na *Memoria Xustificativa de Actividades. Ejercicio 2009*, editada pola propia Conferencia Episcopal, a distribución do *Fondo Común interdiocesano* foi, para ese ano, a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Aplicacións Xerais	32.406
Envío ás Dioceses	190.781
TOTAL	223.187

Cifras en millares de euros

Os 32,4 millóns de euros de “aplicacións xerais” repártense do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE
Seguridade Social Sacerdotes/Bispos	20.426
Centros de Formación*	5.164
Conferencia Episcopal Española	2.345
Actividades Pastorais Nacionais	1.500
Actividades Pastorais no estranxeiro	1.144
Conferencia de Relixiosos	961
Axuda Dioceses insulares	475
Institucións Santa Sé **	391
TOTAL	32.406

Cifras en millares de euros

* Facultades eclesiásticas, Universidade Pontificia de Salamanca e outros centros en Roma e Xerusalén.


** Óbolo de San Pedro e Tribunal da Rota.

En canto aos 190,78 millóns de euros enviados ás dioceses, segundo a Conferencia Episcopal, distribúense do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos Xerais (repartición lineal)	20.700
Sustentación do clero	136.578
Actividades Pastorais	30.995
Seminario	2.508
TOTAL	190.781

Cifras en millares de euros

Estes datos, procedentes da propia Conferencia Episcopal, botan por terra as diferentes declaracións realizadas pola xerarquía eclesiástica, a comezar polo Sr. Rouco Varela, a respecto de que a supresión da exención do IBI da que goza a Igrexa católica



suporía unha redución importante das accións sociais da Igrexa, nomeadamente no que ten a ver coa actuación de *Cáritas*. Como se pode observar, a inmensa maioría dos recursos públicos que recibe a Igrexa católica vía IRPF dedícanse ao mantemento do clero e da actividade eclesiástica e non ao financiamento de *Cáritas* (que se financia fundamentalmente a través do outro recadro do IRPF e donativos privados) ou outras obras sociais.

O FINANCIAMENTO DAS CONFESSIONS RELIXIOSAS NOUTROS ESTADOS. Fixemos unha panorámica rápida do modelo de financiamento da Igrexa católica no Estado español. Mais como se financian as confesións relixiosas noutros Estados do noso entorno?

A Igrexa católica non ten un sistema de financiamento homoxéneo no mundo. A grandes trazos, hai dous grandes modelos de financiamento da Igrexa: cofinanciamento público e autofinanciamento. A modo de exemplo, describíense a continuación de xeito telegráfico os trazos fundamentais do modelo de financiamento das confesións relixiosas en diferentes Estados europeos:

Noruega é un dos casos onde se produciron cambios máis substanciais nos últimos meses. En concreto, no pasado mes de maio, este país puxo fin á unión Igrexa-Estado tras unha inesperada emenda aprobada no seu Parlamento durante unha sesión que debatía a modificación da



Á dereita curiosa conversión de moeda nas esmolas paro o cal se acepta todo tipo de moeda. Na Galiza a aplicación aos cidadáns do IBI provocou abusos que xerou contestación social nalgúns concellos. Mentres a Igrexa fica exenta deste tributo



súa Constitución nacional. A Igrexa terá que financiarse polos seus propios medios e o país convértese nunha nación secular e sen relixión oficial e o goberno deixará de participar, como o facía até o de agora, nos nomeamentos da xerarquía eclesiástica. A Igrexa de Noruega formouse despois da Reforma luterana en 1536 e non é casual que se chamase oficialmente Igrexa Estatal Luterana. No entanto, desde maio, Noruega é formalmente un Estado laico.

En **Alemaña**, as confesións teñen o estatuto xurídico de Corporación de Dereito Público (Igrexa católica, Igrexas Evanxélicas-Protestantes, Xudaísmo) e finánciase aproximadamente en 80% a través do "imposto eclesiástico" que se recada a través da Facenda Estatal e que supón entre 8% e 9% do seu IRPF. No caso, alemán marcar o "x" da Igrexa supón un 'recargo' sobre o que correspondería pagar, a diferenza do que acontece no Estado español que se retrae do que tocaría achegar polo que, na práctica, quen o fai está achegando menos do que quen non o fai para sufragar os gastos comúns do Estado.

En **Austria**, existe un sistema similar ao alemán empregado pola Igrexa Católica, a Evanxélica, a Veterocatólica e o Xudaísmo. O Estado non paga a Igrexa. É esta a que organiza o cobro dun donativo (*Kirchenbeitrag*) polo valor de 1,1% do IRPF. As corporacións con fins caritativos ou relixiosos están exentas do imposto de sociedades. Se a finalidade relixiosa é exclusiva, están tamén exentas


do imposto de patrimonio. Ademais están exentos do IBI os edificios dedicados a fins relixiosos, asistenciais e educativos.

En **Dinamarca**, a Igrexa oficial (a luterana), finánciase a través do imposto eclesiástico que pagan todos os contribuíntes ordinarios que son membros da Igrexa, e a dotación orzamentaria para soldos e pensións eclesiásticas. O Estado pasa todos os anos unha cantidade para a restauración de obxectos e igrexas de interese histórico. Os capeláns militares considéranse membros das Forzas Armadas. As outras confesión non reciben ningún financiamento directo do Estado.

En **Finlandia**, existe un sistema de imposto eclesiástico para a Igrexa luterana e a ortodoxa que teñen o estatuto de Corporación de Dereito Público. Os bispos da Igrexa luterana e da ortodoxa, así como os sacerdotes que prestan asistencia relixiosa nas Forzas Armadas e nas prisións reciben o seu soldo do Estado.

En **Francia**, a Lei de 1905 prohibe a subvención con cargo a fondos públicos. O Estado corre a cargo dos gastos de reparación ou restauración das igrexas construídas antes de 1905 que son propiedade do Estado.

No **Reino Unido**, non existe financiamento directo, nin sequera á Igrexa anglicana que é a confesión oficial. As confesións equipáranse ás entidades benéficas en determinadas exencións tributarias. O Estado financia o sostemento dos edificios eclesiásticos de interese histórico (a



cantidade percibida non pode superar 40% do custo).

Nos **Países Baixos**, non existe financiamento directo ás confesións. As doazóns á Igrexa e ás institucións benéficas gozan de exencións tributarias. Tan só se pagan os curas do exército, residencias, hospitais públicos e cárceres como forma de asegurar o exercicio da liberdade relixiosa.

En **Irlanda**, existe un precepto constitucional que impide ao Estado financiar as confesións relixiosas. As doazóns e legados ás Igrexas están exentos de tributación.

En **Grecia**, o estado faise cargo de salarios e pensións dos ministros de culto e persoal da Igrexa ortodoxa, xunto cos custos da formación dos ministros de culto. O Estado heleno recibe 35% das recadacións parroquiais. O Estado faise cargo dos curas no exército, hospitais e prisións, e a Igrexa ortodoxa está exenta do Imposto de Bens Inmóbeis, de rendementos inmobiliarios, transmisións patrimoniais, doazóns e herdanzas.

En **Bélxica**, o Estado faise cargo dos salarios e pensións dos ministros de culto das confesións reconecidas. Existen algunhas exencións fiscais e tributarias en atención aos fins caritativos ou asistenciais.

En **Italia**, a asignación tributaria está fixada en 0,8% do Imposto sobre a renda das persoas físicas. O contribuínte pode designar a mesma cota ao Estado italiano para intervencións extraordinarias contra a fame, calamidades naturais, asis-

tencia a refuxiados ou conservación do patrimonio cultural. A cantidade correspondente aos que marcaron o correspondente recadro distribúese entre os posibles destinatarios, proporcionalmente, segundo a elección expresada polos contribuíntes. Existen moitas outras exencións fiscais.

En **Hungría** até 1998, o Estado financiaba directamente as confesións. A partir desa data, implántase a asignación tributaria que ascende a 1% do imposto sobre a renda.

En **Portugal**, existe un sistema de asignación tributaria de 5% do imposto sobre a renda das persoas físicas. Existen moitas outras exencións.

OS PRIVILEXIOS FISCAIS DA IGREXA CATÓLICA NO ESTADO ESPAÑOL. Como se pode observar, neste rápido panorama das relacións económicas entre o Estado e a Igrexa en diferentes países da nosa contorna, os privilexios económicos da Igrexa non se reducen ao que recibe das arcas públicas, senón tamén no que deixa de pagar. Nese sentido, o Estado español, lonxe de ser unha excepción, é un dos exemplos máis representativos. Para a Igrexa católica, o Paraíso (fiscal) non está no ceo, está no Estado español.

A Igrexa católica esta exenta de pagar o Imposto de Sociedades nos donativos, colectas, rendemento do patrimonio mobiliario (xuros, dividendos, etc.) e inmobiliario (alugueiros, etc.) e as plusvalías xeradas por vendas de patrimonio. Tampouco o Imposto de Transmisión patrimonial, do pagamento de plusvalías por terreos, do imposto sobre sucesións e doazóns e do Imposto de Actividades Económicas.

Estes privilexios teñen sido obxecto de múltiples críticas por parte da Comisión Europea. Xa en 1989, a Unión Europea criticaba abertamente os privilexios de financiamento que outorgaba o goberno español á Igrexa católica. En 2004 e 2005, a UE exixiu ao goberno español unha xustificación razoábel de porque estaba exenta de pagar o Imposto de Valor Engadido (IVE), até o punto de que a

Só 22,7% do patrimonio inmobiliario do Arcebispado en Santiago é de uso relixioso, é dicir, dispón de 850.000 metros cadrados de uso non relixioso

Hotel Monumento San Francisco en Santiago de Compostela. Por ser propiedade da igrexa pode desenvolver a súa actividade económica sen pagar impostos, competindo de xeito desleal coa hostalaría local



Propiedades da igrexa que están explotadas con ánimo de lucro figuran exentas de impostos polo feito de pertencer a unha institución dedicada a prestar servizos humanitarios, mais para este fin xa reciben doazóns expresas das que non existe ningún control



Comisión Europea chegou a iniciar un procedemento para denunciálo diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Antes de que se chegase a tal extremo, o goberno español negociou coa Igrexa a retirada desa exención do IVE a cambio dun aumento de 34% da cota no IRPF.

A exención dese imposto sobre os bens inmóbeis non é menor se temos en conta que a Igrexa católica, despois do Estado, é a principal propietaria de bens inmóbeis. Segundo o historiador Stanley G. Paine, a Igrexa católica posúe no Estado español ao redor de 100.000 propiedades, das que só 5.000 son edificios relixiosos. Segundo este: "En torno a 80% do patrimonio artístico de España é propiedade da Igrexa, que tamén dispón de 300 museos e 103 catedrais".

No RDL 2/2004 de 5 de marzo no que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais establece como exentos do pago do IBI ademais de todos os que teñen ti-

tularidade dunha administración pública, aqueles inmóbeis destinados á educación, culto relixioso de calquera confesión, bens catalogados como monumentos, complexos que teñan o carácter histórico ou instalacións sanitarias privadas que soliciten a exención.

En base a este Decreto, para o cálculo da cantidade que en concepto de IBI a Igrexa católica debería facer pagamento ao Estado, habería que excluír os lugares de culto (igrexas, capelas, catedrais, conventos, etc.), así como espazos de ensino ou hospitais (ao igual que estarían exentos calquera iniciativa privada que se dedica a esas funcións e así o solicitase). Outra cousa ben diferente é o que debería acontecer a respecto de prazas de garaxes, edificios de vivendas enteiros, solares, locais comerciais e outro tipo de establecementos que posúe a Igrexa católica.

A modo de exemplo, só no caso de Santiago de Compostela, esta exención supón que o Concello deixa de recadar por una base impositiva de 37,4 millóns de euros cada ano. Se a esa cantidade se suma o patrimonio histórico catalogado, o Concello deixaría de percibir o correspondente por 142 millóns de euros. Coa taxa de 0,6% vixente para o imposto, estaríamos a falar dun buraco fiscal moi considerábel para as arcas municipais.

Hai que ter presente que a Igrexa católica posúe en Santiago 850.000 metros cadrados de bens de uso non relixioso. Ademais, conta con máis de 1,1 millóns de metros cadrados en todo o municipio, entre os que se inclúen leiras, reitorais, pisos, igrexas, casas, escolas, prazas de garaxe, cemiterios, solos sen edificar e mesmo un bloque de vivendas. Segundo os datos que constan no Catastro, trátase de máis de 200 propiedades que non tributan. Precisamente, nun informe de 2010, a Dirección Xeral do Catastro daba cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica na Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais. No

caso concreto de Santiago de Compostela, falamos da sé da Provincia Eclesiástica e posúe os bens máis caros: 91 edificios relixiosos cun valor catastral conxunto de 61,5 millóns de euros.

Só 22,7% do patrimonio inmobiliario do Arcebispo en Santiago é de uso relixioso, é dicir, dispón de 850.000 metros cadrados de uso non relixioso. En concreto, aínda descontando os inmóbeis dedicados a culto, os catalogados por motivos históricos e artísticos, e os empregados para fins sociais ou educativos, a Igrexa católica debería ingresar nas arcas municipais en torno aos 200.000 euros anuais en concepto de IBI polo resto da súas propiedades en Santiago (prazas de garaxe, piso, establecementos comerciais, leiras, etc.)

O CASO ITALIANO. Este fenómeno de exención do IBI á Igrexa católica non é un fenómeno exclusivo do Estado español.

Existen exencións idénticas noutros Estados, e un caso moi similar acontecía, até hai poucos meses, por exemplo, en Italia. Alí, o primeiro ministro italiano, Mario Monti (católico practicante), veuse dobremente obrigado a rematar con este privilexio da Igrexa católica. Por unha banda, pola presión social ao recuperar un imposto que suprimira Berlusconi para o conxunto da sociedade (só en 48 horas recolléronse máis de 130.000 sinaturas para pedir a supresión das exencións fiscais á Igrexa) e, en segundo lugar, pola presión europea tras a denuncia interposta en outubro de 2010 polo Partido Radical Italiano por violación da competencia e ilexítima axuda do Estado. Agora, a Igrexa católica italiana deberá pagar o ICI (equivalente italiano do noso IBI) dos establecementos eclesiásticos con ánimo de lucro ou a parte proporcional dos mesmos non dedicada a culto, como escolas, universidades, centros deportivos, hospitais, hoteis, etc.

A Igrexa católica ten en Italia máis de 110.000 propiedades valoradas en 9 billóns de euros. Entre 20% e 30% de



todo o patrimonio inmobiliario italiano está en mans da igrexa (edificios eclesiásticos, igrexas, escolas, universidades, hospitais, hoteis, centros de lecer, etc.), co que a Igrexa italiana aforra anualmente entre 100 e 700 millóns de euros. A marxe é moi grande porque as estimacións –segundo quen as faga– son moi dispares e, ao igual que no caso do Estado español, a transparencia é *moi mellorábel*. Segundo a Igrexa italiana, terá que pagar, a partir de 2013, uns 100 millóns de euros ao ano en concepto de IBI. Segundo a Asociación de Concellos Italianos, esa cantidade roldará os 500 millóns de euros anuais, e segundo a Axencia Tributaria Italiana, esa cantidade pode ascender até os 2.000 millóns de euros ano. Unha diferenza nos cálculos nada desprezábel... O problema é clarificar que inmóbeis estarían suxeitos, en que proporcións e o seu valor. Só ficarán protexidos os edificios dedicados en exclusiva ao culto. Tributarán todos os inmóbeis de propiedade da Igrexa nos que se desenvolvan actividades comerciais ou educativas, incluídas residencias ou albergues.

A XUSTIFICACIÓN DA IGREXA CATÓLICA. Acabamos de repasar algúns dos aspectos máis salientábeis do modelo de financiamento da Igrexa católica no Estado español. Á Igrexa católica, non só lle parecen xustas e necesarias estas achegas económicas e exencións fiscais, senón que as considera insuficientes e en ningún caso un privilexio.

A visita do Papa a Compostela foi un exemplo de mal negocio para unha Xunta que xustificou neses termos o destinar grande cantidade de fondos públicos a un acto relixioso



Concentración contra a redución de horario da Filosofía e Historia no currículo mentres a relixión se estende até 2º de Bacharelato. Embaixo manifestación contra o financiamento de centros concertados do OPUS que segregan o alumnado por razóns de sexo. O Estado está implicado confesionalmente co adoutramento relixioso tanto no ensino público como no privado concertado

Como conclúe Giménez Barriocanal³, home forte da Igrexa católica española en temas de financiamento, no seu estudo para a Conferencia Episcopal Española, *La Financiación de la Iglesia Católica en España*: “Calquera análise minimamente sería conclúe que as institucións da Igrexa achegan á sociedade moito máis do que esta lle entrega, desde o punto de vista financeiro.”⁴

Argumentao en múltiples sentidos ao longo da súa obra que, de xeito resumido, veñen a ser os seguintes:

Polo culto: a Igrexa apoiase nas cifras co CIS que indican que preto de 75% da poboación do Estado se declara católica. Segundo a Igrexa, entre 7 e 8 millóns de persoas acoden á misa nos festivos no Estado español. Para a Igrexa católica, o facto de unha parte importante da poboación desexar recibir asistencia relixiosa xustificaría de por si que o Estado contribúa a facilitar esa asistencia.

Pola actividade litúrxica: segundo os datos da Conferencia Episcopal referidos ao ano 2009: Enterros, primeiras comunións (249.255), bautizos (314.719), confirmacións (96.347), vodas (91.281), etc.

Polo labor asistencial: no Estado español, a Igrexa católica xestiona 107 hospitais, 128 ambulatorios, 876 casas de enfermos crónicos, inválidos, 937 orfanatos, 1444 centros de caridade e fins sociais, etc.), ás que engaden o labor pastoral nos cárceres e o traballo de entidades como *Cáritas* ou, no ámbito da cooperación internacional, a través de *Manos Unidas*.

Polo labor educativo: existen no Estado español 5.347 centros católicos con 1.399.218 alumnos e alumnas. Segundo eles, unha praza nun centro público ten un custo anual medio de 3.518 euros, mentres que nun centro concertado da Igrexa unha praza custa ao erario público 1.841 euros. Segundo a Igrexa católica, en base aos mozos e mozas matriculados nos seus centros, as arcas públicas veñen ‘aforrando’ preto de 4.399 millóns de euros. Algún outro autor aínda vai máis alá, e fai referencia non só ao custo por alumno ou alumna, senón tamén ao custo do centro en si mesmo. Así, se un colexio público custa unha media de 3 millóns de euros, o Estado debería investir 15.423 millóns para ofrecer o mesmo servizo que ofrece actualmente a Igrexa católica.

Pola conservación do patrimonio histórico e artístico: a Igrexa católica é depositaria dun importantísimo patrimonio con valor histórico e artístico que require grandes gastos de rehabilitación e de mantemento ordinario e que, a pesar de existiren importantes plans de axudas para este cometido a nivel estatal e autonómico, o peso do mantemento e da posta en disposición do uso deses bens recae, segundo a Igrexa, fundamentalmente na propia Igrexa. Falamos de inmóbeis (catedrais, igrexas, ermidas), patrimonio móbel (imaxes, esculturas, pinturas, obxectos litúrxicos, ornamentos, etc.), patrimonio documental, bibliográfico, arqueolóxico, etnolóxico, etc. Segundo a Igrexa, ese patrimonio cultural é, en moitas ocasións, fonte de importantes ingresos para a sociedade, por exemplo o Xacobeo. Na actualidade, hai máis de 500 municipios no Estado español nos que o único Ben de Interese Cultural (BIC) é a igrexa ou igrexas do lugar. Segundo os propios datos da conferencia Episcopal, as Administracións Públicas, no seu conxunto, asumiron 90,87% do gasto en conservación do patrimonio histórico. A igrexa tan só representaría 50% do gasto privado en conservación do patrimonio.

Porque o **trato é similar ao de outras entidades**: segundo a xerarquía eclesiástica, a Igrexa católica ten practicamente o mesmo trato que calquera fundación ou entidade sen ánimo de lucro. Segundo eles, o réxime fiscal vixente da Igrexa católica no Estado español deriva en 95% do contido da Lei de Fundacións aprobada en 1994 na que se establece unha serie de beneficios fiscais aplicábeis ás fundacións e ás asociacións de utilidade pública e que fai mención na súa disposición adicional novena a que o mencionado réxime fiscal se aplicará á Igrexa católica e ás igrexas, confesións e comunidades relixiosas que teñan subscritos acordos de cooperación co Estado (na actualidade protestantes, xudeus e o islam).

Por **razóns históricas**: outros autores recorren mesmo a unha xustificación de carácter histórica. Segundo eles, o proceso da Desamortización de Mendizábal supuxo a posta no mercado mediante a poxa dos bens doados e vinculados ás ordes relixiosas mediante tres decretos entre os anos 1935 e 1936, o que realmente foi unha 'expropiación' que debería levar parella unha contraprestación de xustiprezo que nunca se chegaría a producir.

Polo tanto, atendendo a estes e outros argumentos de diferentes autores defensores do actual modelo de financiamento da Igrexa católica no Estado español, basicamente poderíamos agrupar en catro grandes bloques os diferentes argumentos que xustifican dito modelo:

1. **A Igrexa non ten un trato económico privilexiado.** A maioría das exencións fiscais etc., son as que marca a Lei de Fundacións e a Lei de Mecenado para calquera entidade.
2. A Igrexa cumpre con funcións (asistenciais, educativas, conservación patrimonial, etc.), que se as tivese que prestar o Estado serían moito máis custosas do que o Estado reporta á Igrexa. Polo tanto, **no balanço global, o Estado sae gañando con este modelo.**



3. **O estado non subvenciona.** Límitase a entregar á Igrexa o que cada un dos contribuíntes decidiu asignar dos impostos da Renda que lle corresponde.
4. **O Estado español é un estado de tradición católica.** Negalo ou tentar ocultalo é negar a 'nosa' propia historia.

CARA A UN NOVO MODELO DE FINANCIAMENTO DA IGREXA NO ESTADO ESPAÑOL. Coido que todas as xustificacións expostas no apartado anterior polos defensores e polas defensoras do actual modelo de financiamento da Igrexa católica no Estado español son claramente rebatíbeis, aínda que iso terá que ser obxecto doutro artigo.

Coido que o debate sobre o pagamento do IBI é unha moi boa oportunidade para dar socialmente un debate de maior calado: a necesidade de redeseñar as relacións Igrexa-Estado en xeral, e no ámbito económico en particular.

A liberdade relixiosa é algo absolutamente incuestionábel. No entanto, o feito relixioso debe ser algo circunscrito ao ámbito persoal e no que non se debe implicar ningunha administración pública. O dereito á liberdade relixiosa nada ten a ver co seu mantemento económico, nin co mantemento doutro tipo de privilexios.

Baixo unha suposta 'aconfesionalidade', fica evidente que o Estado español é un estado confesional malamente disimulado. Nese sentido, desde o

O dereito á liberdade
relixiosa nada ten a ver
co seu mantemento
económico, nin co
mantemento doutro
tipo de privilexios

Dolores de Cospedal participou na procesión do Corpus Christi como primeiro acto oficial en canto presidenta de Castela-A Mancha. O exército tocou o himno Español incumprindo o regulamento que se aprobou ao final do goberno Zapatero prohibíndoo nos actos relixiosos. Por certo, José Bono, do PSOE, o que fora presidente do Parlamento con Zapatero e anterior presidente de Castela-A Mancha declarou cando se lle preguntou por esta vulneración das normas: "Me parece bien. ¿se imagina usted que la banda tocara el himno de Francia?"



Romaxe de crentes galegos. Á marxe do apoio institucional e económico desenvolve a súa relixiosidade de xeito alternativo aqueles que teñen unha actitude crítica co poder político

meu punto de vista, o actual modelo de financiamento da Igrexa católica no Estado español non é sostíbel no tempo. Deberíase suprimir de inmediato todo tipo de privilexio fiscal, como a mencionada exención do IBI ou doutros privilexios case feudais dos que aínda goza a Igrexa católica, como o de poder rexistrar de xeito unilateral propiedades non rexistradas a nome de ninguén⁵. Mais, para alén da supresión puntual deste tipo de privilexios, coído que é o momento de dar un debate que a chamada Transición española pechou en falso (como tantos outros), que é o modelo de relacións Igrexa-Estado en todos os ámbitos en xeral, e no económico en particular.

A Igrexa católica debe autofinanciarse e deixar de gozar de privilexios económicos e fiscais propios doutro tempo, sen prexuízo de poder acceder a fondos públicos no ámbito da súa obra social ou para o mantemento do seu patrimonio histórico e artístico ou noutros ámbitos, como infinidade de entidades e institucións.

Despois de analizar diferentes modelos, creo firmemente que a opción menos mala é a **creación dun imposto relixioso voluntario** (ademais das posibles desgravacións a aqueles persoas que realizan donativos para o mantemento dunha confesión relixiosa) que se calcule, ao igual que en Alemaña e outros Estados, a maiores do que a cada contribuínte correspondería pagar, garantindo, así, que os gastos da Igrexa católica os financian as e os seus fieis e non indirectamente todos os cidadáns e cidadás con independencia das súas crenzas.

A Igrexa católica, como era de agardar, ficou fóra da batería de durísimos recortes que o executivo de Mariano Rajoy está a impor desde a chegada deste á Moncloa. A Igrexa católica disporá dunha asignación de 13 millóns de euros mensuais para os seus gastos. Hoxe que todas esas 'reformas' e recortes sociais se vén agravados por un 'rescate' do Estado español que suporá, no curto prazo, un empobrecemento brutal do conxunto

da sociedade e a aparición de capas de pobreza extrema descoñecidas no Estado español nas últimas décadas, é máis inaprazábel que nunca o debate de rematar con este tipo de privilexios económicos e fiscais.

Este debate está hoxe na rúa e nas institucións e xa é imparábel, non por ningún capricho anticlerical, senón porque é xusto e necesario ■

- 1 Extracto da misiva enviada ao Papa Pío XII solicitándolle formalmente a sinatura dun novo Concordato
- 2 Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre Asuntos Xurídicos; Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais; Acordo entre o Estado español a Santa Sé sobre Asuntos Económicos; Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre a asistencia relixiosa ás Forzas Armadas e o servizo militar dos clérigos e relixiosos.
- 3 Estas palabras son do home forte da Igrexa católica en temas de financiamento e actualmente presidente da COPE e PopularTV. Exerceu de Secretario Técnico da Xerencia da Conferencia Episcopal Española durante o período 1992-2005 e posteriormente foi Vicesecretario Xeral de Asuntos Económicos da Conferencia Episcopal. Foi o interlocutor principal da Igrexa co Estado nas negociacións sobre os novos acordos económicos e foi tamén o Director Financeiro da Xornada Mundial da Xuventude celebrada en Madrid en agosto 2011.
- 4 Giménez Barriocanal, Fernando (2ª ed., maio 2007) *La Financiación de la Iglesia Católica en España*. Edita Conferencia Episcopal Española. EDICE-Editorial
- 5 A Lei Hipotecaria, no seu artigo 206 para a inmatriculación de inmóbeis, atribúe esa potestade á igrexa. Difícil de comprender como, nun Estado de dereito, un bispo, polo simples feito de ser bispo, pode emitir certificacións de dominio como se fosen funcionarios dotados de fe pública. Un privilexio que procede da Lei Hipotecaria franquista de 1946 que permitía á Igrexa matricular no Rexistro da Propiedade de Inmóbeis os edificios non inscritos a nome de ninguén.

A FESTA GRANDE DE GALIZA

SAN FROILÁN 2012

4-12 DE OUTUBRO

Festa de Interese Turístico Galego
Fiesta de Interés Turístico Estatal



Concello de Lugo
Concello de Cultura, Turismo
e Promoción de Lugo



A voltas coa cultura...



Hai dous anos, o Consello da Cultura Galega programou unha serie de foros arredor de diversos temas relacionados coas políticas e institucións culturais; cultura e mercado; contidos da cultura; proxección exterior. Previamente, recibín un cuestionario coas preguntas que a seguir figuran e que respondín no prazo indicado, referidas ao apartado “Contidos da cultura”.

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Doutora en Filoloxía Románica e profesora da Universidade da Coruña.

Autora de numerosos ensaios, estudos e artigos sobre sociolingüística e literatura galega. É Directora-Xerente da Fundación Bautista Álvarez

No 8 de Xullo de 2010, sob a coordinación de Víctor Freixanes e Henrique Monteagudo, tivo lugar o foro dedicado a este tema, cun relatorio marco da autoría de Xavier Rubert de Ventós. En 2011 foi editado o volume *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega*, onde se inclúen textos e resumos de membros do Consello..., figurando ao final a listaxe de persoas que respondemos ao cuestionario enviado, as que participaron nos foros e “tamén as que achegaron ideas ou propostas ao documento integrado”. En concreto, na epígrafe “Cultura Galega” aparecen -aparecemos- citadas 23 persoas, de ámbitos, ocupacións e responsabilidades diferentes. Coido que sería ben que se dese conta -mesmo sinteticamente- das achegas ou das posicións de cada quen, de certo diversas, para que o tal debate pudeser coñecido nos termos en que existiu. Por exemplo, na epígrafe citada, figura sob o título “Referencias estratéxicas”, como primeira delas, a seguinte: “Impulsar unha estratexia de relación e diálogo intercultural favorecedora da permeabilidade, a hibridación e intercambios que engadan valor ao noso patrimonio cultural e incrementen a súa estima por parte dos cidadáns e cidadás”. Nos destaques do texto, aparecen referencias de Informes da UNESCO, da Conferencia Mundial sobre políticas culturais celebrada en México en 1982, do Informe sobre Desenvolvemento Humano, de 2004, ou, en fin, o artigo 1.2 do Estatuto de Autonomía galego vixente, isto é, a Lei 1/ 1981. Reitero, en forma de pregunta, a observación anterior: ¿informan estas escollas e a síntese publicada do abano de opinións-valoracións enviadas? En fin, o que figuran a seguir son as respostas que no seu momento unha servidora enviou, as únicas, obviamente, ao meu dispor.

1ª. QUE ENTENDE POR CULTURA GALEGA? R. No sintagma “cultura galega” figura un substantivo cuxa semántica é común a un desenvolvemento distintivamente humano e,



© José Luis Cernadas



© José Luis Cernadas

por tanto, aplicábel, de forma abstracta e xeral, a todas as formacións sociais do mundo. Aínda que as, outrora, fronteiras inexpugnábais entre o elemento animal e o humano, como se este nacesse por milagre, *ex novo*, sen elos de ligazón co resto de especies animais, hai moitos anos xa que foron abandonadas pola comunidade científica e, sobre todo, polo avanza da etoloxía; aínda que se teñan descuberto linguaxes ou códigos




© Noel Feans

de comunicación intra-especies ou inter-especies animais ben complexas e elaboradas, é o certo que a linguaxe articulada segue sendo un diferencial humano e, a partir dela, a elaboración de caisquer formas de cultura.

Importa recordar o carácter da linguaxe como xenético de calquer forma cultural, porque, tal e como proclamara Vigotsky, non é que o pensamento se exprese a través das palabras, senón que existe nelas; ou, dito doutra forma, a lingua é a estrutura cultural que lles cómpre a todas as demais estruturas da cultura, sen que aconteza á inversa, por dicelo agora con palabras de Paolo Valesio.

Todo este preámbulo vén a conto de recordar como a lingua -tal e como, por certo, estableceron os nosos clásicos (Castelao, Antón e Ramón Vilar Ponte, Carvalho Calero...)- non é un sumando máis dun catálogo de signos identificadores, senón o cruxol onde, inevitabelmente, se fraguan as formas dunha cultura orixinal. No noso caso,



© José Luis Gernadas

o adxectivo daquel sintagma, "galega", non define, na miña opinión, unha base local, un dato espacial, senón unha conformación da historia e unha conflictividade do presente.

Fagamos unha miga de advogados do diabo. A cultura galega non existe como tal ou ben é un caixón de xastre onde todo pode ter cabida, a gosto e conveniencia do definidor. En aceptándonos estas hipóteses, elas ficarían *ipso facto* desmentidas polos que, negándoa, concentran toda a súa artillaría en desprezala ou en criticala, como "invento" de furiosos nacionalistas. Que o ser *galego* non é unha filial do ser español tanto se pode demostrar en positivo, como, negativamente, cando, por enésima vez, o adxectivo "gallego" é marca predilecta da xenofobia de proximidade. Para a *contra* do galego, está moi claro que este, por ser diferente do patrón uniformista, debe desaparecer, previa campaña de destrución moral.

En resumo, e como primeira aproximación, cultura galega significa o xeito particular en que se produciu e se produce no territorio e na sociedade da Galiza a humanización e os seus produtos distintivos, proceso vinculado, desde o seu inicio, á socialidade ínsita aos nosos antepasados, como a todos os demais grupos humanos.

2ª. CALES SON, NA SÚA OPINIÓN, OS SEUS CONTIDOS BÁSICOS?.

Non entendo moi ben a pregunta relativa a "contidos básicos", porque non sei a que se refere exactamente, se


aos iniciais, vinculados, por exemplo, á primeira literaturización da lingua galega, ou ben aos “básicos” (imprescindíbeis?) hoxe. No primeiro caso, e por razóns históricas xa estudadas, en paralelo á evolución que dá lugar ao propio idioma, aparecerán axiña marcas diferenciais na arquitectura, nas artes plásticas, na literatura e en múltiples formas de cultura popular. No segundo caso, básico poderase ecuacionar a xa existente e, por tanto, que non debe ser submetido a construcións reguladoras (unha cousa é medrar pouco e con problemas e unha outra é pretender eliminar ou diminuír o que xa existe...). Isto é, na sincronía actual, existen: literatura, artes plásticas, cinematografía, ciencia en moitas disciplinas diferentes, música, audiovisual, teatro..., vinculados a unha vontade de representación cultural que non omite senón que inclúa o presente galego e se sinta descendente dun *palimpsesto*, isto é, dun pasado en permanente reelaboración. Daquela, en todo isto sendo non un *desideratum*, senón unha realidade en marcha, visíbel, tanxíbel e consumíbel polo público actual, integraría o “básico” da cultura galega. Como estamos a falar non de realidades estáticas senón dinámicas, a aspiración lóxica é a de incrementar cuantitativamente e diversificar cualitativamente estes produtos “básicos” para que a cultura cumpra un dos atributos que a definen: alargar o seu campo de actuación, reinventarse, ampliarse a caisquer novos cometidos ou necesidades...

3ª. QUE PAPEL CORRESPONDE Á LINGUA?. “A lingua non o é todo”: así, desta forma rápida e vulgar, podería resumirse un pensamento frecuente na ilustración galega actual, que, ante o problemático, incómodo e definitorio que, para ben e para mal, continúa a ser o expediente lingüístico, redefine a lingua para, tal e como aponte na resposta á 1ª pregunta, considerala un *item* máis, un sumando dun repertorio de signos culturais ou identificadores. En sendo así,



intercambiábel ou substituíbel por outro(s) caso de non aparecer ou de desaparecer totalmente. Xa indiquei tamén que semellante concepción contravén o carácter fundador, fundacional, da lingua, como expresión dun grupo humano diferenciado. Mais, a maiores, observo unha singularización negativa ou empuenecedora da cultura galega en quen así pensa, que non se compadece coa suposta igualdade proclamada a respeito doutras culturas. Explícome. Se a cultura galega é normal (no sentido de habitual e desexábel) que se exprese en castelán, inglés..., chama a atención que non se aplique esta mesma versatilidade para as culturas que teñen estas linguas como propias: ¿monolingüismo para os “grandes” e bilingüismo forzoso para os “pequenos”? Mal asunto... Converter en obxectivo, en aspiración de futuro, a fotografía lingüística actual supón dar por normal o que naceu dunha anomalía, que é xustamente a que se tenciona conxurar a partir dunha outra naturalidade rupturista: a implantación do galego como normal alí onde nunca se cuestiona a habitualidade do español. A normalización da lingua galega non se debe diluír ou confundir con ambigüidade no uso público e social da mesma.

Aínda máis: se tantas e tantas producións culturais chegan a nós en español e en inglés é mesmamente por unha práctica non abandonista destas linguas por parte dos produtores e distribuidores corresponden-





Subida ao pico Sacro no 2011 organizado pola federación de asociacións culturais GALIZA CULTURA para dar lectura ao Alba de Gloria de Castelao en denuncia do desleixo qu practica a Xunta sobre a nosa cultura e patrimonio

tes, que, aliás, non só se satisfán con atenderen nelas **todas** as súas necesidades ou produtos de mercado culturais, senón que se permiten “exportalas” a *tutti quanti* (exportar é aquí, claro está, eufemismo de impoñer). En resumo, non coído que conveña xogar con dúas barallas, para non defrontar o problema real que seguimos a padecer: unha falta de normalidade evidente da lingua galega e, igualmente, unha deficiente divulgación e, por tanto, valoración da cultura galega existente e da que, a partir dela, podería existir.

A lingua galega posúe e transmite, ademais, unha forte carga delatora, polas especiais circunstancias de anormalidade e de normalización dificultosa en que se viu envolvida. Podemos “remoer” canto queiramos: a xente do común capta axiña a que se vincula un certo produto cultural realizado en galego, nen máis nen menos que a unha vontade de facer valer o pasado, de exteriorizar o dereito a sermos modernos en galego e de defender metonimicamente a Galiza toda.

¿Que sexa posíbel unha cultura feita na Galiza en español? Obviamente. Tal aconteceu en moitos lugares do mundo con problemáticas semellantes á nosa. Está por ver canto tempo e renuncias custaría conseguir que esa cultura aportase realmente algo orixinal ao pánal mundial ou ao hispánico en particular. Mais a cuestión non é esta. Non estamos a falar dunha lingua morta nen moribunda; si, en estado crítico, e precisada, por

tanto, de reforzos estruturais e super-estruturais. Se estes se ralean ou se confunden, a cada paso terán máis xustificación os partidarios da desaparición ou da hiperredución dunha lingua con cada vez menos titulares.

Finalmente, na contemporaneidade, o mellor, máis duradoiro e máis significativo da cultura feita na Galiza realizouse, non por casualidade, en galego, ao punto de que se algunha ecuación se converteu en indiscutíbel foi a que iguala literatura galega á feita en lingua galega. Todas as outras artes, desligadas aparentemente da necesidade da mediación lingüística, van seguir vinculadas, ou non, a unha historia, unha tradición, e, sobre todo, a unha vontade, ou non, de engadiren valor e recursos a unha cultura xa existente. As artes teñen patria, en definitiva, non sendo que aspiremos a que sexan exclusivamente mercadorías das multinacionais, de corporacións bancarias ou puros obxectos de mercado. Aquí, obviamente, os galegos levamos as de perder, mais querer “ascender” a estes cumes non nos garante chegar a algures... Esforzármonos por desgaleguizarnos ao máximo posíbel non é sinónimo en absoluto de sermos “alguén” fóra da Galiza... Os exemplos sobran... Unha outra cousa é coñecer, examinar, analizar e divulgar todo o que -por razóns históricas, de escolla, por “afinidades electivas” etcétera- as e os nosos creadores realizaron na lingua oficial do Estado, mesmamente por selo e actuar como tal na nosa terra. Por aquí, é sintomático que fose a crítica literaria confisionalmente nacionalista a que se (pre)ocupase de valorar a obra en español de Rosalía de Castro ou de Eduardo Blanco Amor, por exemplo, como pezas dun *totum* artístico e ideolóxico que non se pode obviar e que é imprescindíbel coñecer para comprender e interpretar cabalmente as obras respectivas. Mais extrapolar este feito (como se a historia fose inmóbil) para xustificar a naturalidade do uso indiferente de



galego e de español no tempo actual non é procedente en absoluto, cando vimos, mesmamente, dunha diacronía en virtude da cal a cultura galega se foi decantando no sentido de extender a presenza da lingua galega paulatinamente a cada vez máis ámbitos e funcións.

4ª. COMO ENTENDE A RELACIÓN COAS OUTRAS CULTURAS E A CONVIVENCIA CON ELAS?.

Unha cultura como a galega, na actualidade, ou conta cunha forte mediación pública, política, que garanta a súa permanencia, difusión interior e, ao tempo, proxección exterior, ou vivirá con máis dificultades das derivadas da súa situación histórica. Falo directamente de protección dos poderes públicos, porque non dou visto que as grandes corporacións privadas, máis aló da cuota limitada, teñan moito interese en alimentar unha cultura galega competitiva, por utilizar un termo tan caro ao sector. Examinense, por exemplo, as programacións culturais das Caixas, dos Bancos actuantes na Galiza, das Fundacións a eles vinculados: en primeiro lugar, os seus orzamentos culturais igualan ou superan os das institucións públicas; en segundo lugar, son un espello perfecto para analizar as conexións internacionais, os intereses de mercado, as débedas con outras entidades, o pagamento en actuacións correlativo á introdución en novos mercados e novas clientelas etc. Insisto: a mediación política pública é fundamental.

No sentido intrínseco, a cultura galega coido que terá tantas máis posibilidades de se relacionar con calquera outra en marcando nitidamente o seu perfil, isto é, sen renunciar a se mostrar tal cal é e, a partir de aí, en disposición de absorber, assimilar ou adquirir todo canto lle conviñer, mais sempre en pé de igualdade, nunha relación de horizontalidade e, do punto de vista mercantil, de lóxica bilateralidade. Permítaseme un exemplo, de entre moitos posíbeis. A interpretación do Himno Galego, en acto oficial, aflamencadamente, tería sentido se Andalucía, o seu Parlamento ou Junta practicasen o deporte de sacaren a pasear música galega con toda a naturalidade (por certo, para quen a quixer escoitar, unha das mellores versións que coñezo da "Negra sombra" é a cantada por Antoiña Moreno: non é, pois, cuestión de aflamencar, senón de entrar no "xenio" da música e letra...). Non sendo así, soa ao que é: concesión ao "español", pois o galego neto seica non se ten de pé. Fusión?, simbiose?, "mestizaxe"? : todas as que se quixeren, con tal de que as practiquen todos; se non, afunda a idea de que precisamos *a fortiori* o caxato do "pai" Estado e das súas credenciais culturais de maior difusión...

5ª. COMO ENTENDE A NOSA RELACIÓN CO ÁMBITO LUSO-BRASILEIRO?. É moi curioso que un dos *eternos* debates lingüísticos da Galiza actual pasa por afirmar ou negar que galego e portugués sexan a mesma



O grupo galego Quempallou actuando na festa do Avante! en Lisboa. Campaña dos comerciantes de Braga amosando nos escaparates un poema de Rosalía de Castro



Escultura a Luís de Camões na Coruña e zocos tradicionais

lingua e se obliteren outros dous aspectos ao meu ver fundamentais: un, sociolingüístico; un outro, eminentemente práctico, nada esencialista. Explícome. Alguén podería dicir que a proba do nove de que galego e portugués son a mesma lingua vén dada por idéntica resposta dos actores da interacción lingüística. Nunha tenda de, por caso, Valença do Minho, contemplamos a seguinte escena: os españois manteñen con toda a naturalidade o seu español; os galegos castelán-falantes, idem; o vendedor portugués castrapea que rabea e fai ímprobos esforzos por demostrar que sabe falar español; os galego-falantes conscientes mántanse a pedirlle que manteña o seu portugués e, por suposto, manteñen o seu galego-galego, ou galego-aportuguesado ou como lle queiramos chamar... Ao lado, en Tui, a escena, co galego como referente, pode ser idéntica.

A razón eminentemente práctica a que me refiro, na bilateralidade privilexiada galego-portugués-brasileiro-lusofonía en xeral, é, simplemente, a razón de que nos convén: Convennos para reincardinar o galego nunha diacronía que el fundou (o portugués, como recordaban os nosos clásicos, é o galego oficial e modernizado). Convennos para desespañolizar o galego, non só como código senón como vehículo cultural. Convennos para alargar un mercado musical, teatral, cinematográfico, audiovisual, bibliográfico... que ten neste ámbito un destinatario "natural". Dous non reñen se un non

quer, di o refrán. Igualmente, dous non se relacionan se un non quer: con isto quero indicar que sería fundamental unha política portuguesa de procura desta relación bilateral e non a través da alfándega estatal, e, por suposto, unha política galega que se dispuxese a cortar o anacronismo de estarmos tan distantes dos que máis perto de nós se encontran. Coido que esta razón práctica é moito máis produtiva do que tantos cánticos de unidade ideal que non se corresponden con feito material ningún...

6ª. COMO SE CONSTRÚE A CULTURA ACTUAL?. Estas respostas xa están sendo longas de máis, así que vou tratar de sintetizar ao máximo. Entendendo o termo "cultura" na acepción máis ampla posíbel, falaríamos de tres niveis: o que sobrevive da cultura tradicional, de base popular, durante séculos o único identificador do universo galego; o tecido asociativo moderno, que comprende todas aquelas organizacións e actividades non gobernamentais; a planificación cultural pública, a cargo de Xunta, concellos, Deputacións, RAG, CCG... Cumpriría incluír en paralelo, claro está, toda a produción e presión cultural que representan entidades bancarias, medios de comunicación masivos, oferta mediatizada pola información en rede e, aínda, a macro-manipulación e orientación ideolóxica que todos estes mediadores imponen e sobrepoñen a calquer feito cultural, a través de: silencios convenientes; escollas programadas; exclusión contumaz da lingua galega "real" (isto é, a empiricamente existente); perversa xustificación nos "gostos" populares para, demagoxicamente, furtar a prestixiación de certos produtos; burda confusión entre popular e masivo e un longo etcétera.

De modo e maneira que nesta *selva* ou faramalla, e por delimitar algunhas medidas posíbeis, penso que sería fundamental:

a) A cooperación e coordinación interinstitucional, que leve a programacións culturais non redundan-

tes, e abertas ao máximo posíbel de públicos. Reina un auténtico minifundio, atomización e espírito corporativista, o cal retrata aos que tan alegremente se burlan destes defeitos aplicados a uns case inexistentes labregos (hoxe a agricultura galega non pasa do 8% da economía). Verémolo de novo neste próximo 17 de Maio: todos celebraremos o mesmo, sen posta en común, iso si, cada quen coa súa etiqueta, faltaría máis...

- b) É vital, dunha vez por todas, "baixar" as institucións ás asociacións e á rúa e "subir" estas ao estrado reservado para a oficialidade.
- c) O reparto de orzamentos públicos minimamente equitativo, non clientelar nen servil a intereses de goberno, sería o lóxico correlato do apuntado en a) e en b).

7ª. QUE CAMBIOU NA CONCEPCIÓN DA CULTURA DO SÉCULO XX RESPECTO DO SÉCULO XIX? Cambiou un inferniño de cousas, que se diría no galego de antes... Ora, o primeiro que quero advertir ou sobre o que quero prevenir é sobre a inxenuidade de caírmos no mito da linealidade-progresividade da historia. Acho ben de cousas do XIX non superadas en absoluto. En tantos e tantos aspectos do presente, a involución é palmaria e inquietante, así que non coido que se poda practicar o esquema de vello = anticuado e actual = moderno. Dito isto, cambiaron sismicamente as condicións xerais da economía e da socioloxía galegas e, por tanto, as condicións en que calquer produción cultural asenta. ¿Nomes e apelidos dalgúns destes fenómenos?: sangría migratoria; despoboamento-desertización de aldeas e lugares, e emigración interna á fachada atlántica; fortísimas construcións á economía galega impostas desde e por a Unión Europea; declive programado de sectores básicos da economía produtiva galega; españolaización masiva a cargo de medios de comunicación radiais, televisivos,



audiovisuais...; febleza conxénita e adquirida do entramado autonómico (que segue sendo "autoanémico"). Un outro factor negativo é a persistencia das máis vellas e resesas españolazas (touradas) coa invasión, en ecuación teledirixida, de modernidade = español e / ou inglés. Feitos positivos do XX: Segundo Renacemento da cultura galega, no remate da segunda década do século; eclosión potente e brillante dun pensamento nacional e soberano,

Comezo da carreira pola lingua, en 1985, na que podemos ver a Francisco Carballo e a Valentín Paz Andrade

Embaixo foto da Cidade da Cultura



© Kiko López



© José Luis Cernadas

ao calor da emerxencia nacionalista non escisionista, isto é, no cultural e no político simultaneamente; reavivación do remol nacionalista, após o hiato da guerra civil española e do seu desenlace; instauración, en fin, de certos estándares de “calidade” cultural que non só non desdénan o galego, senón que se teñen que servir del...

Todo isto, naturalmente, non é máis que un pobre “telegrama” dunha enumeración que enchería moitas páxinas...

8ª. CALES SON AS LIÑAS BÁSICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CULTURA GALEGA NO SÉCULO XXI? Esta resposta vouna aforrar, en aras do que tentei expor ao longo das liñas anteriores. *En revanche*, voume permitir, tal e como se suxere no remate do cuestionario enviado, engadir algunhas -telegráficas- reflexións máis, posibelmente sen orde nen concerto:

- Cómpre unha “cura” da linguaxe. Hoxe case que todo é “estratéxico” (o audiovisual, o libro, o teatro, Internet...). Non temos para “tácticas” modestas e enchemos a boca coa declaración “estratéxica”. Proponho que resemanticemos os termos que utilizamos a base de volvelos á súa significación primitiva.
- Rachemos ou rompamos (dependará da dureza) a costra dos tópicos repetidos unha e outra vez: a “cultura” ten e terá sentido nunha sociedade que poda verse dignamente retratada e onde non todo

se mida en función do mercado. Neste sentido, non son nada parcial de subliñar continuamente que a cultura tamén “vende” e crea riqueza... Si ou non, e non por iso deixará de ter valor... Eu non sei canto lucro ou plusvalías son atribuíbeis á Muralla de Lugo ou ao Castro de Viladonga: seguen sendo, en por si, valor xenuíno e auténtico.

- Cultura non é = industria cultural. A así chamada é industria ou, noutro aspecto, comercio, que transaccionan con produtos consumíbeis convencionalmente chamados culturais, mais a venda ou a compra son exactamente iso, venda ou compra, e réxense polas variábeis que as definen nun momento dado do capitalismo, hoxe global.
- Un “deporte” galego por antonomasia é o que leva á conciliación ou pacto entre desiguais: que non se note demasiado que somos galegos e só galegos... Exemplo: tanta insistencia delatora en que somos “universais” (*excusatio non petita*...) obedece, tantas veces, a considerarnos o galego pequeno, doméstico, de curto voo, precisado dunha ideal cobertura fetichista que acaba por resultar pueril, porque a “universalidade” hoxe, agás poucas excepcións, depende da sacrosanta vontade do Imperio... De por parte, o que na nosa cultura hai de universal de verdade é mesmamente o que máis e mellor

afondou na particularidade galega e, por aquí, metonimicamente, válida para a Humanidade toda.

- En fin, as institucións galegas xenéncia ou vocacionalmente culturais teñen moito que dicir e que facer, aínda, polo seu mérito e responsabilidade, na xestión cultural actual. Deberan modernizarse actuando de mans dadas co resto de asociacións e organizacións, sen medo nengún a unha pluralidade real, non a unha pluralidade prefabricada. Este sería o mellor antídoto contra a endogamia, o elitismo e a minoría redundante. Supoño que estaremos todos de acordo en que a minoría receptora de moitos actos-actividades culturais debe deixar de selo paulatinamente, isto é, debe dilatar, tanto en número como en variedade, a súa base.

- Voltando á lingua. Ela foi historicamente a medida e o espello da depresión e desinstitucionalización galega. Este proceso remóntase a moitos anos atrás e é lóxico que as súas consecuencias cheguen aos nosos días. Hai unha diglosia, de características e efectos ben coñecidos, relativa nos seus termos propios á lingua, á súa distribución e á súa substitución. Mais hai, así mesmo, unha "diglosia" cultural, que, miopemente, aplica á análise da cultura galega categorías e taxonomías importadas, válidas para as realidades de que naceron, mais que poden resultar totalmente inadecuadas para a descrición e clasificación de fenómenos galegos. O esforzo analítico que a realidade galega nos pede pasa por tentar comprendela desde ela mesma, desde a súa especificidade, sen adopción mimética doutros métodos e sen paternalismos ou xuízos rotineiros. Poño un exemplo, de novo de entre moitos posíbeis. A división convencional entre as dúas Galizas, a territorial e a da diáspora, é practicábel, tanto nunha como



noutra, entre galegos con conciencia de o seren e galegos que renegan de o seren; non se trataría, xa que logo, dunha divisoria espacial, senón mental, actitudinal e política. Disolver o autoodio do segundo grupo para que formen filas no primeiro é o obxectivo clásico do pensamento e da política nacional galega. Onte coma hoxe.

- Finalmente, unha (aparente) *boutade*: levamos moitos anos, traballos e tempo interrogándonos sobre estes temas, polemizando, atacando, silenciando, fabricando prestixios ou descréditos... (a listaxe de xerundios sería sobexa). Se cadra, un espectador non maleado, unha daquelas personaxes sabias de Castelao, muller ou home do pobo, podería ollar para nós e dicir: "Vaites, vaites, aínda non sabedes o que é a cultura galega, mais ben que vivides dela!". E non lle faltaría razón: talvez aquí haxa outra fonte de definición... ■

Camiño de Santiago na defensa da lingua organizado por "Queremos Galego!" de Ourense. E facendo camiño ao andar: corrixindo algunha das exclusións do propio idioma na difusión na Galiza do propio camiño

A Orde do Templo en Galicia. Unha aproximación

O Orde do Templo fundouse en Xerusalén en torno a 1119-1120. Foi o seu promotor un cabaleiro cruzado francés, Hugo de Payens, que, xunto con algúns compañeiros, acordaron imporse a tarefa de protexeren os peregrinos

A FUNDACIÓN DA ORDE DO TEMPLO. O Orde do Templo fundouse en Xerusalén en torno a 1119-1120. Foi o seu promotor un cabaleiro cruzado francés, Hugo de Payens, que, xunto con algúns compañeiros, acordaron imporse a tarefa de protexeren os peregrinos que, chegados dos reinos de Occidente despois da Primeira Cruzada, concorrián a Xerusalén a veneraren as reliquias e visitaren os lugares emblemáticos relacionados coa vida de Xesús Cristo, e que habitualmente eran fustrigados no seu transitar polos camiños, tanto polos musulmáns como por partidas de ladróns. O rei Balduino II, admirado das intencións daqueles homes que se designaban a si mesmos “pobres cabaleiros de Cristo”, cedoulles como albergue algunhas dependencias do Templo de Salomón.

Esta primeira iniciativa histórica de creación dunha orde de monxes-soldados, que significaría unha profunda reforma do monacato –aos monxes non estaba permitido empuñar armas– foi resolta, por unha parte, coa iniciación na orde dos condes de Anjou e de Champagne, importantes señores feudais franceses e, por outra parte, co decisivo apoio prestado por Bernardo de Claraval, o grande impulsor da reforma cisterciense. A intercesión de señores tan poderosos e un monxe tan respectado foi fundamental para que no Concilio de Troyes se recoñecese oficialmente a Orde do Templo, dotándoa, para o seu mellor funcionamento, dunha breve Regra, a coñecida como *Regra primitiva*, probablemente redactada xa en Palestina. Esta Regra inicial acabará tendo, co transcurso do tempo, 676 artigos.

Internamente, hai freires templarios que combaten (cabaleiros e sarxentos de armas), mentres que outros realizan diferentes tarefas domésticas e de intendencia, como os irmáns de oficio, e os capeláns, que se encargan dos aspectos espirituais.

Os cabaleiros proceden da nobreza, os sarxentos, e irmáns de oficio, das capas populares da sociedade,



mentres que os capeláns poden pertencer a diferentes clases.

Mais ademais dos membros da Orde, hai escudeiros, mercenario, etc., que son persoas que serven por unha paga. Tamén se contemplaba a Regra primitiva que podía haber cabaleiros leigos que servises na Orde, durante un tempo, como sarxentos; finalizado o seu compromiso, debían deixar o seu cabalo á Orde.

ASPECTOS ORGANIZATIVOS. O templarios, estruturados por 'linguas', dividiron inicialmente a Península Ibérica en dúas grandes áreas: a Provincia de Aragón-Cataluña-Provenza e a Provincia de Portugal. Posteriormente, a Provincia de Portugal dividiuse en dúas partes: Portugal por un lado, e Galicia-Castela-León por outro.

No chanzo inmediato están as bailías, desde as que se rexentan as propiedades que se posúen en diversas comarcas. Non todas as bailías teñen a mesma importancia.

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

Licenciado en Xeografía e Historia pola UNED. Historiador do Concello de Culleredo. Traballa na súa tese de doutoramento sobre a Orde do Templo nos Reinos de Galicia e León. Ten publicado numerosos artigos e libros

Esquerda, Santa Mariña de Augas Santas en Allariz

Arriba, Castelo templario de Ponferrada recentemente presidido polas bandeiras que desvirtúan o intento de recrear aquel tempo que lle deu sentido á súa construción




Ilustración que representa como Balduino II de Xerusalén cede o Templo de Salomón a Hugo de Payens

Gravado medieval que representa a Xerusalén

Canzorro con cabeza de elefante en San Xíán de Lendo

Á fronte da xerarquía provincial está o mestre provincial, representante do mestre da Orde, residente en Xerusalén. Ademais, na documentación aparecen mencionados cargos como o de comendador maior, comendador ou preceptor, subcomendador, mariscal, responsable das chaves, responsable do décimo, etc.

No ámbito da coroa galaico-castelá-leonesa, relevante importancia debeu ter o comendador da bailía coruñesa de Faro, porque, en varios documentos, é a única persoa, ademais do mestre provincial, que aparece co tratamento de *domnus*.

A partir de 1250 créase o cargo de visitador, existindo en Europa dous: un encargado de Francia, Inglaterra e Alemaña, e outro nos reinos da Península Ibérica. No caso peninsular, ao principio ocupou o cargo o mestre galego-castelán-leonés (Lope Sánchez, por exemplo, era tamén “visitador en los V regnos d’Espanna”), sendo despois os mestres da Provincia aragonesa-catalano-provenzal quen o exerceron, coa excepción de Simón de la Tour, visitador en 1277, que non era orixinario da Península Ibérica.

Para decidiren sobre asuntos internos, os templarios celebraban periodicamente cabidos de encomenda, nas bailías, e cabidos de carácter provincial cando as cuestións eran de máis calado, e ao que asistían os comendadores e membros destacados das distintas casas da Provincia. No ámbito territorial ao que pertencía Galicia, adoitaban celebrarse en luga-

res máis ou menos céntricos (Zamora, Benavente, etc.), para facilitar a asistencia dos freires.

O TEMPLO EN GALICIA. Sempre pensáramos que o asentamento da Orde do Templo no noso país se producise a mediados do século XII: constatabamos a súa presenza nas terras de Celanova, en San Paio de Veiga, en 1142. Mais poderemos consultar un libro de difícil acceso, o *Cartulario da Orde do Templo*, compilado polo Marqués d’Albon (hoxe accesible na rede) mudou totalmente a nosa visión. Un dos primeiros documentos que figuran nese libro é unha doazón realizada pola raíña Tareixa de Portugal, o conde galego Fernando Pérez de Traba, e varios nobres máis (galegos e galegas uns, da familia Traba, e outros portugueses), datado en torno a 1128. Todos os investigadores que o citaron pensaron que se trataba de doazóns de terras en territorio portugués, mais a realidade é que varios dos bens que se doaron (os dos nobres galegos), non están situados en Portugal, senón en Galicia: desde o citado San Paio de Veiga, a lugares como O Salnés, Amio, Céltigos, etc., lugares nos que, tempo despois, constataríamos o asentamento da Orde.

Isto cambia por completo a visión da chegada do Templo mesmo á actual España, porque se consideraba que as primeiras doazóns fose no ámbito catalano-aragonés. Pois ben, algo antes destas doazóns xa os templarios reciben propiedades en Galicia.

Por iniciativa do citado Fernando Pérez de Traba, chegarán á comarca coruñesa das Mariñas dos Freires. Fernando, xunto coa raíña Tareixa de Portugal, coa que mantiña unha relación sentimental, ademais da doazón citada anteriormente, confirma aos templarios daquel territorio outras doazóns, como a de Soure, tamén en 1128. Sabemos que peregrina en dúas ocasións á Terra Santa, onde coidamos que seguiría a manter o contacto coa Orde, estando interesado, ao seu regreso, en que os monxes-cabaleiros se establecesen no Burgo de Faro, núcleo urbano e portuario que el impulsara xunto co rei Afonso VII, e no cal os templarios fundarían a súa sé máis importante, non só de Galicia, senón de toda a co- roa; a bailía de Faro.

O Burgo de Faro era unha vila marítima que acababa de refundar Afonso VII (de quen fora aio o pai de Fernando, o conde Pedro Froilaz). E o propio Fernando Pérez de Traba criará o rebento do emperador, o futuro Fernando II. Este enclave reunía outras vantaxes que podían facer atractiva aos templarios a idea de se asentaren nel: era, por exemplo, unha das escalas para as naves que percorrían a chamada 'Rota gascona, periplo que comezaba no porto de La Rochelle e que, logo de se deter en diversas localidades do litoral suroeste atlántico francés, seguía polo Cantábrico e Galicia até Lisboa. Loxicamente ser un importante porto comercial –e tamén de peregrinos– levaba aparelado o florecemento dunha burguesía dedicada ao comercio e ás manufacturas, así como tamén industrias de tipo pesqueiro.

O Burgo era, pois, un lugar ideal para establecer unha cabeceira territorial. Tiña todos os atractivos que poderían interesar ao Templo: riqueza económica, peregrinos –eles tiñan como unha das súas misións primordiais a súa protección– e unha fecunda comarca da que extraer recursos para enviar aos irmáns que combatían en Palestina ou na fronteira musulmá hispánica. A situación do Burgo, na retagarda, daba tranquilidade á hora



da organización económica e militar da Orde na Galicia. A partir destes asentamentos, a Orde do Templo comezará a estender os seus dominios por toda Galicia.

AS BAILÍAS TEMPLARIAS EN GALICIA. Na actual provincia da Coruña, ademais da bailía de Faro, existiron outras encomendas:

Betanzos: situada no concello do mesmo nome, os seus bens espallábanse na actual comarca brigantina (por exemplo, en concellos como Miño, Coirós, Oza, Curtis, Aranga, Sobrado, etc.).

San Xiao de Lendo: localizada na Laracha, xestionaba bens nas comarcas de Bergantiños (A Laracha, Carballedo, Malpica, Laxe, etc.), Soneira (Vimianzo) e Val de Dubra.

San Sadurniño: situábase no concello do mesmo nome, e dispoñía dun hospital baixo a advocación de San Xoán e unha igrexa, a de Santalla. Xestionaba propiedades na comarca de Ferrol.

Na provincia de Lugo tiveron tres bailías:

Sanfíz do Hermo: no municipio de Guntín, nas inmediacións do Camiño Francés, con propiedades en concellos como Palas de Rei, Monterroso, Taboada, Guntín, A Golada, etc.

Santa María de Neira: en Lánchara, nas inmediacións de Sarria, por tanto do Camiño Francés, con algúns bens neses municipios.

San Pedro de Canabal: no actual municipio de Sober, a carón de Mon-



Igrexa de Santa María do Temple

Selo da orde dos templarios



Igrexa de San Pedro de Canabal (Sober)

Porta sur da Igrexa de Santa María de Amoeiro

forte de Lemos e na terra de Amandi, famosa de antigo polos seus viños. Xestionaba propiedades, ademais de en Sober, nos concellos próximos (Ferreira de Pantón, Chantada, O Saviñao, Pobra de Brollón, etc.).

Na provincia de Ourense só existiu a bailía de Santa María de Amoeiro, no concello do mesmo nome. Os bens estaban espallados por toda a Provincia, con importantes núcleos na comarca do Ribeiro, na de Trives e en Valdeorras.

E na Provincia de Pontevedra tiveron a bailía de San Martiño de Coia, hoxe un barrio do municipio de Vigo. Os bens dependentes desta bailía, ademais dos próximos a Vigo, centrábanse na zona de Tui, Pontevedra, Redondela e o Salnés, outra importante comarca vinícola (Moraña, Caldas de Reis, Sanxenxo, Cambados, etc.). Son terras polas que discorre o Camiño Portugués de peregrinación.

Estas bailías e encomendas gobernan numerosas propiedades:

casas, igrexas, montes, terras de labor, etc., estando á fronte delas un comendador.



Están situadas estratexicamente, especialmente nos camiños de peregrinación a Compostela (tanto o Camiño Francés, como os secundarios, Inglés, Vía da Prata, Camiño Portugués, etc.) e portos de mar. Como é de supor, a parte de xestionar os seus bens, debíanse ocupar da protección dos peregrinos e viaxeiros.

A DESAPARICIÓN DA ORDE. Cando en Francia, en 1307, se inicia a persecución da Orde, baseada en acusacións de diversa índole, a noticia percorre velozmente a cristiandade. Un débil pontífice, Clemente V, sucumbe ante as constantes presións das que é obxecto por parte do monarca francés, Filipe o Fermoso, e ordena que se emprendan investigacións nos distintos reinos europeos, porque considera que hai razóns que parecen confirmar a súa culpabilidade. Manda que sexan detidos, encargando este asunto, no ámbito que nos ocupa, ao rei Fernando IV. Anuncia, ademais, a convocatoria dun Concilio Xeral para xulgalos. Mais, mentres non existise unha resolución definitiva, ordena igualmente ao arcebispo de Toledo, Gonzalo, a recuperación e conservación dos bens da Orde templaria nos territorios da coroa galaico-castelaleonesa, que pasaran, neste ínterim, a outras mans.

Esta serodía decisión apenas tivo efecto: xa Fernando IV reclamara ao Templo, en 1308, a entrega de varios castelos, dos máis importantes da Orde, nomeadamente Alcañices (en Zamora), San Pedro de Latarce (en Valladolid), e Ponferrada e Faro, as principais fortalezas da área galaica. O mestre provincial, Rodrigo Yáñez, tentara capear o temporal ao comprometerse coa raíña María de Molina, seguramente máis comprensiva que o seu fillo, a entregalas a ela. Mais non cumpre a súa palabra e desprázase a Galicia co obxecto de entrevistarse co infante don Filipe. Chegan

a un acordo: o mestre entrégalle os castelos e, a cambio, o infante adquire o compromiso de ser o valedor da Orde ante o rei. Coñecedora a raíña desta noticia, censura ao infante tales negocios con persoas ás que o papa non dubidaba en cualificar de herexes, amosándolle as cartas enviadas a Fernando IV por Clemente V. Filipe toma entón a decisión de avisar o mestre para que se traslade á corte, onde, tal como lle solicitara, se escoitarían as súas razóns. Cando o mestre chega, ao comprobar que o infante non quería seguir mantendo o seu compromiso, pide clemencia ao rei, ordenando a Filipe a entrega a Fernando das fortalezas que tiña na súa posesión. Comprometeuse, ademais, a entregar ao rei os castelos de Montalbán, Xerez-Badajoz, e outros. Non parece, no entanto, que o monarca dispuxese de todos, e en concreto do de Faro, nese momento.

En 1310 reciben a orde de se presentaren en Medina del Campo para declarar: o arcebispo toledano, Gonzalo, convocara, por carta, os principais irmáns da Orde da coroa de Castela-León-Galicia. A relación chega aos 100 efectivos; deles, a metade son galegos e case unha terceira parte (33), residen na bailía de Faro. Tamén en Ourense, presidida polo bispo de Lisboa, celébrase outro interrogatorio, no que a maioría dos declarantes son templarios galegos. En ambos os lugares, eles decláranse inocentes e, neste mesmo ano, celébrase un Concilio en Salamanca, onde acoden tamén a testemuñar, regresando ás súas encomendas tras seren declarados inocentes de toda culpa. Mais, en Francia, Filipe o Fermoso, apoiado por un alto clero, vencellado nalgúns casos familiarmente con el, ordena que se queimen numerosos templarios na fogueira. Clemente V, temeroso da súa vida, convoca a finais de 1311 un Concilio na cidade francesa de Vienne, ao que asiste maioritariamente a clerecía francesa, e no cal os templarios ían demostrar a súa inocencia, despois de moitos rectificaren as súas anteriores



declaracións, obtidas baixo torturas. Mais non se lles permite falar e o pontífice, na clausura do Concilio, xa en 1312, pola bula *Ad providam* dissolve a Orde templaria.

A REPARTICIÓN DOS BENS TEMPLARIOS EN GALICIA. Os bens das bailías galegas pasan nun primeiro momento ás mans de Fernando IV, que xa repartira anteriormente algúns dos castelos da Orde, especialmente en Estremadura. Aínda que Clemente V asigna os bens templarios á Orde do Hospital, prodúcese unha tirapuxa entre os monarcas e os hospitalarios, que só recollerán unhas frangullas logo de moitos anos de reclamacións. O resto das propiedades pasará ás grandes casas nobiliarias e a outras Ordes militares.

No caso de Galicia, as propiedades templarias permanecen en mans reguengas até que Afonso XI entrega a Pedro Fernández de Castro o que a Orde tivera en Galicia e León, aínda que a documentación posterior demostra que houbo un constante goteo de doazóns.

Outro Castro, Fernando, deixa á súa esposa, a mediados do século XIV, diversos territorios anteriormente templarios. Só no último terzo do século XIV comezarán os Andrade a se faceren coa posesión de moitos dos bens templarios galegos. E, sobre todo nas actuais provincias de Ourense (O Ribeiro) e Pontevedra (O Salnés), tamén a Orde do Hospital puido facerse con bo feixe de propiedades ■



Representación antiga (Inglaterra) a actual (o Bierzo) dos cabaleiros templarios

Hidria de Caná, Santa María do Temple

A “idea do tesouro” en Álvaro Cunqueiro

“... e decir sinxelamente cómo se foi faguendo no meu maxín, sumando ás noticias galegas as recibidas de tan diversa parte, a idea do tesouro, i o retrato dos que o gardan, dos que atopan e dos que, finalmente, se fan con il”

O Guggenheim de Bilbao. Un intento actual de prolongar a ancestral necesidade humana de relacionarse coa espazo a través da arte, recreando os misterios dunha topoloxía exterior que a miúdo son reflexo de soños e aspiracións interiores

ANTONIO REIGOSA

Escritor e investigador sobre a cultura popular galega. Traballa no Departamento de Comunicación e Xestión Cultural do Museo Provincial de Lugo

Propoñemos aquí un mergullo no texto do discurso de ingreso de Álvaro Cunqueiro na Real Academia Galega, lido no Seminario Santa Catalina de Mondoñedo no mes de abril de 1963 e publicado en 1964 pola Editorial Galaxia baixo o título Tesouros novos e vellos. Pretendemos tirar algunha conclusión en clave de país sobre a idea que do tesouro, como valor simbólico de carácter histórico, antropolóxico, sociolóxico ou literario, nos transmite o texto do escritor mindoniense, máis alá do que a primeira vista poidese semellar só unha cadea de ocorrentes imaxinacións ou fantasías sobre o tema. Somos conscientes de que este empeño merecería máis azos e máis capacidade para sacalo adiante con proveito pero imos tentar unha aproximación.



Crómlech de Stonehenge, Inglaterra

No texto de Cunqueiro emerxen as preguntas e aboian as respostas: Que son e de quen son os tesouros? Quen os garda e protexe? Como son, que figura teñen? De que están feitos? Como se comportan e como se conseguen? Ou *“A miña pregunta derradeira é responderme que é o que pensa e fai un galego diante dun tesouro, xa desconfiado, xa marabillado, ousando ou temendo, crendo ou descrendo...”*

O tesouro é unha metáfora da ilusión humana e constitúe para unha sociedade e unha cultura popular marginalizada, como a galega tradicional, o anxeio máis sublime. A intención de dar co tesouro supón risco pois o intento sempre ten dúas caras; a da dita, en caso de atopalo, situación que case nunca se dá, e a da fatalidade, en caso de enfermar ou de morrer no propósito, que resulta ser a casuística máis frecuente.


E se o risco á hora de procurar o tesouro é grande para o individuo, multiplícase enormemente para o

grupo ou comunidade ao que pertence, pois no caso de que algún individuo dese co tesouro, a envexa e a violencia apoderaríanse do grupo, que acabaría por desestruturarse e desequilibrarse ata a súa extinción. E a pesar diso, os individuos (os buscadores, por certo, son sempre varóns) das sociedades tradicionais, acostumadas ao intercambio de produtos de supervivencia, expoñíanse a ese risco que supoñía a única posibilidade de distinguirse dos demais.

Hai unha pregunta, que parece lóxica, sobre as razóns polas que nunca é a comunidade, o grupo, o que se pon de acordo para buscar e logo repartir equitativamente o tesouro. A resposta pode ser que o saber comunal do grupo, o que chamamos cultura popular tradicional, é consciente de que ese tesouro non é un valor material senón simbólico, algo así como gañar un sitio no ceo para un crente. Sobre isto non nos imos estender máis pero si recomendamos ler demoradamente os “Consellos para atopar tesouros” de J. Rof Carballo que prologan a edición de *Galaxia* e que inciden con atinadas e esclarecedoras reflexións sobre estes aspectos.

Cunqueiro, que é sabedor disto e de que as culturas populares son o gran decantador das interaccións entre as tradicións populares e as eruditas, dialoga coas interrogantes e coas respostas, establecendo un xogo literario moi efectivo sobre a materia do tesouro. Tira, sobre todo, de fontes eruditas e tamén, en menor medida, das populares, unhas literarias e outras orais, e tamén achega razóns que o seu maxín cultivou coa semente da súa enorme capacidade fabuladora para acabar compoñendo un mosaico que encobre, que agacha o verdadeiro tesouro, o humano.

Se cadra, como sucede no relato do tesouro escondido do que se fala na noite 351 de *As Mil e unha noites*, soñar ou desexar tesouros provoca a curiosidade imprescindible para desaptar ese tesouro invisible.



Sherezade conta a historia daquel home de El Cairo que soñou que na cidade de Ispahán ía atopar a súa fortuna. Púxose en camiño e, logo de varias xornadas, chega á cidade á noite polo que ao non haber sitio nas pousadas para acollelo, vese na obriga de durmir nun patio que hai apegado a unha mezquita.

Mais aquela noite non foi tranquila. Cometeuse un roubo naquela parte da cidade, os veciños chamaron á policía e a policía detivo e interrogou a aquel forasteiro como sospeitoso.

Para xustificar a súa presenza no lugar, ao home de El Cairo non lle queda outra ca contar o motivo polo que está alí e explica que unha noite soñou que na cidade de Ispahán ía atopar a súa fortuna, e que viñera na súa procura.

Sigamos agora o soño do tesouro escondido recreado por Cunqueiro. En *Tesouros novos e vellos dínos que en orixe*, nun principio, todos os tesouros eran dunha soa persoa, pero os tesouros rebeláronse e fuxiron do dono opresor, dispersáronse polo mundo e pagáronlle a magos para que os encantasen. Desde aquela, os tesouros, que están separados entre si por sete leguas, fan "cortes" que preside o tesouro máis antigo. Viven en covas, nos socastros, en pazos soterrados, enterrados debaixo dos outeiros e de carballos moi vellos, sempre no escuro, afastados da vista da xente do común.

O tesouro é coma unha persoa ou como unha cidade, ten vida e nome,



Aliñamentos de Carnac (Bretaña)

sempre un segredo. Se alguén descobre o nome do tesouro, que pode ser o eco dunha palabra que se di, xa queda desencantado. Como non se sabe o seu nome, as máis das veces referímonos a eles co xenérico "tesouro" ou "ouro".

Os tesouros xantan, beben, súan, dormen e roncan (ás veces sete anos seguidos), deixan barba, falan, dominan linguas, viaxan, mudan de figura, senten vergoña e medo, e morren. Toman viño e tamén sangue de home ou de ovella para manterse relocentes. Deduce Cunqueiro que como os cregos non poden tocar os tesouros, estes non debe ser cristiáns.

O encantamento é a gran defensa, a coiraza do tesouro. Pode ser unha verba, o seu propio nome, o segredo que o protexe, e ao desencantalo o tesouro queda desprotexido, non vale nada, agás o valor do metal ou a cinsa en que se transmuta.

Os que gardan os tesouros son seres do mundo sobrenatural e non



Cromlechs e aliñamentos en Inglaterra

son os donos. Os máis serios neste traballo da vixilancia do tesouro son os mouros que gardan os tesouros en sacos atados con mil nós. Outras veces a gardadora é unha vella fea cos ollos pitañosos e coxa, e hai gardadores animais, reais ou imaxinarios, con aparencia de basiliscos, serpes ou cobras. Os gardadores que máis se aledan cando alguén se fai co tesouro son os xigantes, que aínda botan unha man e axudan a carrexalos. Tamén vivían tesouros os ananos, seres que viñeron de fóra, que gardan e limpan os tesouros disque propiedade dun bispo de Santiago, seguramente os mesmos desaparecidos nun gran roubo que houbo en Roma. E as *fadas* (mouras?) que se presentan en figura de moza fiadora, por veces canibal que devora os seus propios fillos, por veces posuídora dun espello que embelece ou que rouba ou secuestra o alento (o que é o mesmo ca roubarlle a vida) a quen se mira nel.

Sorprende a alusión reiterada ás *fadas* (de *fatum*, fado ou fada, como sino ou destino) para referirse ao ser mítico gardador de tesouros, esquecendo á moura como protagonista nese cometido, pois este é o ser, e non a *fada*, a que aparece unha e outra vez vencellada ao tesouro na tradición galega. Probablemente Cunqueiro, a pesar de citar varias veces os traballos de Vicente Risco, non reparou nesa circunstancia que aclara tan ben o mítologo ourensán e concedeu máis importancia a outras mencións extrañas a Galiza. Neste senso tamén é chama-

tiva a ausencia de referencias aos libros máxicos, ao *Ciprianiño*, coas correspondentes receitas de exorcismos e relacións de tesouros, ou a demos gardadores, tan frecuentes na nosa tradición.

Conseguir que nos dean o tesouro depende do noso atrevemento. Hai que estar preparado para contestar as preguntíñas que nos fagan os mouros ou os ananos gardadores, ou en saber escoller, se a gardadora é moza, entre o tesouro e a rapariga. Se escolles o tesouro, perdes todo, pero se quedas coa moza, quedas co ouro e co seu amor. Tamén podemos acadalo se ousamos darlle un bico na boca á vella fea, que entón queda en figura de moza fermosa e dá o tesouro

A figura dos tesouros, que son case sempre de ouro, é moi variada. Brillan tanto que poden cegar os ollos humanos e algúns ata levitan. As figuras que toman van desde a humana, pasando por redes, pedras, moedas, coroas, esmeraldas, teares, fontes, sombreiros, bois, arados, tixolas, vasos, cadeas, paraugas, cadeiras, peites, rocas, fusos, colares, aneis, chaves, agullas, espadas, coirazas, nobelos, pezas de pan, ... as máis ferramentas e utensilios de uso corrente, e ata comida, ou, pola contra, armas de señores da guerra e atributos de xerifaltes da aristocracia e da nobreza.

Porén, algún deste tesouros mesmo pode converterse nun auxiliar do humano nese anxeio de singularizarse pois permite ver o que pasa en cen leguas á redonda como a vara que aluma de noite e descobre onde hai outros tesouros. Xunta o poder material está o poder espiritual do tesouro.

Como os tesouros e os seus gardadores soen comportarse con tiranía coa xente do común, esixindo comida, bebida e roupa... tamén hai remedios para enfrontarse a ese despotismo. Dinos Cunqueiro que basta poñer por escrito nun papel asinado e selado, como fixo un de Budián, que non se aceptan esas condicións, aínda que, pola contra, "non son os máis listos os que atopan tesouros i algunhas



vezes son nenos, ou parvos, e tamén atopan tesouros os cegos". O inxenuo, o que non actúa movido pola cobiza, ten moitas máis posibilidades de atopar o tesouro.

Abondan estas notas para decatarnos de que *Tesouros novos e vellos* é o relato dun soño colectivo dos galegos e galegas, recreado e interpretado maxistralmente por Álvaro Cunqueiro, unha metáfora da nosa historia, do noso ir e vir polo mundo, se cadra sen decatarnos de que a nosa fortuna está aquí, arredor de nós, no xardín da nosa casa como no soño do home de El Cairo que viaxou a Ispahán.

Como di Cunqueiro "o buscador de tesouros ten que ter fe na efectividade do rito, o que lle concede coraxe e lle fai non tremar diante das resistencias previas do tesouro denantes do instante cume da proba" pois "os tesouros non queren ser atopados... como o home non quere morrer".

Para rematar esta excursión arredor deste xogo de espellos onde se reflicten urxencias tan humanas como a necesidade, o desexo e a ambición, imos completar a historia de Sherezade:

O xefe da policía, despois de escoitar o relato do soño, ri e dille:

—Tamén eu soñei por varias noites que ía atopar a miña fortuna na cidade de El Cairo mais non fun tan estúpido coma ti. E iso que no soño vía unha casa, e tras da casa un xardín, e no xardín un reloxo de sol e unha fonte, e mesmo detrás da fonte había unha figueira. E ao cavar debaixo da figueira atopaba un tesouro.



Pero como non son tan idiota coma ti, non perdín o tempo emprendendo esa viaxe.

E coa mesma, deulle a aquel home unhas moedas e ordeoulle que regresase e que non volvese nunca máis por Ispahán.

O home colleu as moedas, gardounas no peto e regresou de contado a El Cairo pois a descrición do xefe da policía coincidía exactamente coa da súa casa.

Cando chegou, foi cavar debaixo da figueira e, efectivamente, aos poucos metros deu cun tesouro.

Con Cunqueiro dicimos que "O tesouro hai que querer atopalo e soñar perante moito tempo con il" pois "É tanto máis doado atopar un tesouro canto máis se asomelle ó que un soñou".

Pero o que realmente nos fornecaría de optimismo ante o futuro sería confirmar a vixencia destoutra reflexión: "cando eu escoito nalgunha aldea nosa falar de tesouros, coído que na nosa pobreza aínda somos ricos" ■

Castro de Briteiros. Ordenamento do espazo e iconografía dos nosos devanceiros axeitados ao territorio particular sen perder a conexión universal dunha inxenuidade común por atopar sentido a existencia

A atualidade da Teoria da Dependência

THEOTONIO DOS SANTOS JÚNIOR

Economista e cientista político brasileiro. Um dos formuladores da Teoria da Dependência. Hoje é um dos principais expoentes da Teoria do Sistema Mundo. Mestre em Ciência Política pela UnB e doutor "notório saber" pela UFMG e pela UFF. Professor emérito da UFF. Coordenador da cátedra e rede UNU-UNESCO de Economia Global e Desenvolvimento sustentável - REGGEN. O seu blog é: www.theotiodossantos.blogspot.com


Van aló 50 anos desde que un grupo de investigadores da Universidade de Brasilia, nomeadamente André Gunder Frank, Theotonio dos Santos, Ruy Mauro Marini e Vaia Bambirra, ao que moi pronto se sumaría Fernando Henrique Cardoso, fixo público as teses centrais do que, andados os anos sesenta, se deu en coñecer como a Teoría da Dependencia. As achegas que diversos nomes vinculados a esta corrente, cada un cun diferente nivel de identificación e propostas diferentes, van ser decisivas no corpo doutrinal do nacionalismo galego, posto que pretendía dar unha resposta ás causas do atraso das nacións periféricas, marcando, ao mesmo, tempo unha posición crítica e equidistante ás solucións e explicacións propostas para este fenómeno polos marxismos ortodoxos, o keynesianismo ou o liberalismo. A contradición centro-periferia, intercambio desigual, burguesía compradora, división internacional do traballo, sistema mundo, desconexión, a explicación do desenvolvemento como resultado da captación de excedentes económicos das periferias polos estados centrais ou a consideración de que as periferias nunca foron alleas ao capitalismo, senón que, pola contra, desempeñaron un papel determinante no medranza do mesmo nos centros hexemónicos, tan presentes nas nosas análises tradicionais e de tanta actualidade no momento actual, están vinculadas a esta Escola. Aínda así, a influencia desta escola no nacionalismo explicase fundamentalmente porque achegaban un corpo doutrinal que permitía explicar de xeito acaído a realidade galega, tamén polo carácter heterodoxo con que comungou e comunga o noso marxismo e –por que non?– porque o nacionalismo sempre estivo atento e na vangarda do debate social e político, sen deixar engaiolarse polos cantos de serea ou modas que eran flor dun día. Queremos logo sumarnos ao debate que se está a dar no conxunto do campo antiimperialista internacional con motivo desta efeméride ao publicarmos un artigo sobre a vixencia da teoría da dependencia da autoría de Theotonio dos Santos. Porén, no noso caso, como ficou dito, non se trata dunha postura academicista, nin abstracción teórica, senón simplemente de pór en valor e divulgar as nosas vellas e modernísimas ferramentas analíticas e que as sitúa –pois a realidade é teimuda- con plena vixencia.



Reportaxe fotográfica de Xosé Luís Alonso.
Imaxes de Costa Rica, Xordania, Siria, Tunez e finalmente de Cuba, achegándonos a través da súa cámara á realidade actual a diversos lugares do planeta que tentan enfrontar de diferente xeito o seu desenvolvemento

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS: O SURGIMENTO DAS TEORIAS DO DESENVOLVIMENTO. Com o final da II Guerra Mundial, entraram em declínio definitivo as potências imperialistas que haviam dominado o mundo do final do século XIX até a I Guerra Mundial. O domínio colonial, embora contestado a partir dos anos 20, pela emergência da hegemonia norte-americana, continuou a ser praticado e inclusive exacerbaram-se, as tentativas de redivisão do mundo. Estas lutas pelo domínio econômico e territorial do planeta levaram finalmente à II Guerra Mundial.

As duas principais potências derrotadas, a Alemanha e sobretudo o Japão, abandonam em conseqüência um importante espaço colonial. Os impérios Austro-Húngaro e Otomano desapareceram entre as duas guerras. A Inglaterra vitoriosa, não pode sustentar seu esforço de guerra e, ao mesmo tempo, preservar seu vasto mundo colonial. A França - entre de-



rrrotada e vitoriosa - também se viu incapacitada para manter suas antigas conquistas territoriais. Os EE.UU., incontestável vitorioso, sem que fosse tocado seu território, não podia abandonar sua tradição anti-imperialista de ex-país colonial. Ademais, seu poder se tornou tão esmagador que não necessitava carregar o ônus de uma dominação colonial. Ele havia ocupado a Alemanha, a Itália e o Japão e tinha tropas estacionadas e bases militares em cerca de 150 países. A guerra fria, a OTAN e outros tratados regionais legitimaram e consolidaram estes deslocamentos de tropas, sem criar uma conotação imperial.

A URSS, herdeira do Império Russo, que fora invadido 3 vezes (por Napoleão, pela Alemanha na I Guerra e pela a ocupação nazista na II Guerra), saiu da II Guerra com uma vasta zona sob ocupação, a qual procurou consolidar através de regimes aliados de corte ideológico que protegessem sua frente Ocidental. Estes foram, contudo implantados improvisadamente sem o respaldo social suficiente. Isto levará a uma sucessão de graves crises (Berlim, Hungria, Polônia). As oposições aos governos da Europa Central contavam com apoio externo significativo de várias origens. Esta instabilidade era reforçada pela intensificação da guerra fria. Esta era uma estratégia de confrontação global com a URSS e seus possíveis aliados, estabelecida pelos EE.UU e pela Inglaterra e baseada na doutrina de "contenção" de uma suposta expansão soviética. De fato, a guerra



fria foi implantada pelos EE.UU., para consolidar sua hegemonia sobre o chamado Mundo Ocidental.

féricos, onde o primeiro organize seu mercado como um consumidor dos produtos dos mercados próximos, com transferência de tecnologia para garantir a qualidade de seus abastecedores. Os EE.UU. estariam dispostos a gerar uma nova política de boa vizinhança que integrasse as Américas sob sua égide. Senão o fizer a médio prazo talvez encontre já um Brasil consolidado como líder do desenvolvimento regional, na América do Sul.

3. O DEBATE SOBRE A DEPENDÊNCIA. Para compreender a evolução da teoria da dependência é necessário tomar em consideração o longo ataque que esta teoria sofreu nas décadas de 70 e 80. Passamos a apresentar um survey desta literatura distinguindo as duas décadas.

Na década de 70 uma extensa literatura sobre a TEORIA DA DEPENDÊNCIA deu início ao debate sobre o tema, desde uma perspectiva universal.



O artigo de Suzzane Bodenheimer, “*Dependency and Imperialism*”, *Politics and Society*, n. 5, maio 1970, foi talvez a primeira tentativa de apresentar a teoria da dependência como uma escola de pensamento nova que propunha um paradigma científico alternativo ao “main stream” do pensamento social ocidental. Em fevereiro de 1973, *The Journal of Interamerican Studies* dedicou uma edição especial à teoria da dependência. De conteúdo essencialmente crítico, assumia um ponto de vista conservador. Eles levantavam a questão de que a noção de dependência era uma desculpa para explicar o fracasso econômico dos países subdesenvolvidos. Neste mesmo ano, Norman Girvan (1973) procurava aplicar o conceito de dependência à realidade caribenha, exercendo uma particular influência sobre o governo Manley na Jamaica. Na verdade, este trabalho será o ponto de partida da escola caribenha da dependência de língua inglesa (ver Blomstrom e Hettne, 1984, 1990, ps. 128 a 155).

Na África, a teoria da dependência encontrou uma elaboração teórica em curso sobre o desenvolvimento e produziu-se uma fusão bastante profícua. Samir Amim (1974), convocou uma reunião em Dakar, em 1970, para produzir um encontro entre o pensamento social latino americano e africano. Quatro anos mais tarde, Abela-tif Benachenou chamará à realização de um Congresso de Economistas do Terceiro Mundo em Argel que dará

origem a uma Associação Internacional de Economistas do Terceiro Mundo. Anteriormente, em Dar-El-Salan reuniam-se cientistas sociais de todo o mundo que tentavam um caminho teórico alternativo, muito influenciados pelo estruturalismo e pela teoria de dependência. Surge deste esforço o livro de Tamas Szentes (1971) sobre o desenvolvimento econômico que se converteu num clássico da região.

Na Ásia, particularmente Índia, havia já uma longa tradição de crítica anti-imperialista e de formulação de caminhos próprios de desenvolvimento. Mas estas propostas, apesar de mais abertamente apoiadas no planejamento estatal, não deixavam de partir da disjuntiva entre tradicional e moderno, entre atraso e desenvolvimento, apesar de reconhecer os aspectos econômico, social e culturalmente positivos da cultura indiana. Gandhi sobretudo havia apoiado sua mobilização de massas anti-imperialista no reconhecimento dos valores da cultura indiana, entre os quais não estava somente a não-violência mas também a produção autônoma e artesanal e a comunidade hindu. Por esta razão, certos setores do pensamento nacional democrático indiano receberam mal uma visão do subdesenvolvimento que o ligava à formação do capitalismo moderno como uma economia mundial. Hettne e Bromstrom (1984) insistem na pouca influência da teoria da dependência sobre o pensamento indiano.

Contudo, muitos autores hindus não somente integraram e noção de



dependência em suas dimensões teóricas ou apresentações didáticas como assumiram a teoria da dependência como instrumental analítico (ver Baghshi, e Todaro, M.P., 1977). No que respeita ao conjunto da Ásia pode-se ver este impacto no livro organizado por Ngo Man Lan (1984).

Na América Latina, o programa da Unidade Popular de Salvador Allende e tendências do governo militar revolucionário peruano incorporavam elementos chaves da teoria da dependência. A teologia da libertação que surgia no Peru com Gutierrez tomou a teoria da dependência como sua referência fundamental. Outros autores como Enrique Dussel assumem claramente esta perspectiva analítica integrando-a na sua interpretação teórica do marxismo e do cristianismo.

Em Cuba, a revista *Pensamento Crítico* abriu suas páginas ao novo pensamento latinoamericano até a derrota de Che Guevara e no debate travado entre ele e Rafael Rodrigues.

O fracasso da Grande Safra dos 10 milhões de toneladas e outros erros da direção revolucionária que levaram à adesão do PC cubano às teses do "marxismo- leninismo" ortodoxo soviético, com seus manuais de materialismo histórico e dialético, suas interpretações do imperialismo, da revolução russa, das revoluções de libertação nacional que se restringiam à passagem de sociedades feudais ou pré-capitalista para o capitalismo moderno e a democracia liberal. Eram as teorias da modernização que se cristalizavam num marxismo de inspiração positivista, no qual predominava um evolucionismo mecanicista. Cuba voltava a ser um país exportador de cana de açúcar e importador de manufaturados. O socialismo permitia contudo uma utilização dos excedentes desta exportação na implantação do mais avançado projeto educacional, de saúde e de controle popular sobre o Estado (mesmo com as deformações burocráticas im-



postas pelos russos elas não conseguiram quebrar a espinha dorsal da revolução cubana).

Vania Bambirra protagonizou uma ampla polêmica com a ortodoxia cubana, tanto guevarista como comunista. Num seminário realizado no Centro de Estudos Sócio-Econômicos, em Santiago do Chile, ela questionou as interpretações correntes da revolução cubana e reivindicou o papel das lutas democráticas, das massas urbanas, da mobilização histórica pela greve geral e até uma boa parte da militância do Partido Comunista Cubano no êxito da revolução. Estas teses foram publicados no seu livro *A Revolução Cubana*, uma Reinterpretação que foi lido por setores da direção política cubana mas não foi divulgado neste país por suas concepções não-ortodoxas. Nele, aplicava-se a teoria de dependência para mostrar não somente as verdadeiras causas do processo revolucionário cubano como também suas dificuldades.

A teoria da dependência ganhava assim uma avassaladora influência na região latino-americana e no Caribe; nos Estados Unidos, na África e na Ásia aprofundava seu campo de influência através da teologia da libertação. Na Europa, a mesma teoria encontrava eco na esquerda revolucionária, na esquerda do socialismo e da social-democracia. Ela influenciou pesquisas de grande valor como as realizadas pelo Starnberg Institute, em Starnberg, por teóricos alemães, franceses e ingleses. Entrou finalmen-

te nos países nórdicos ao influenciar as pesquisas para a paz.

Em 1977, Helena Tuomi fazia um levantamento dos modelos de dependência na pesquisa ocidental sobre desenvolvimento (ver Tuomi, 1977). Ela encontrou naquele ano cinco projetos de pesquisa que tentavam definir a ou as variáveis independentes e dependentes que procuravam medir em períodos de tempo mais ou menos longos, baseando definir modelos de explicação do subdesenvolvimento e testá-los empiricamente.

Mas era na América Latina que os estudos sobre a dependência avançavam por toda parte. Na metade dos anos 70 começa; contudo um movimento de crítica à teoria da dependência. No Congresso Latino-americano de Sociologia de 1975, em Costa Rica, esta discussão tomou grande parte do congresso. Os resultados destes debates foram publicados no livro: *Debates sobre la Teoría de la Dependencia y la Sociología Latino americana*. EDUCA, San José, 1979, publicado sob a supervisão editorial de Daniel Camacho.

Heraldo Muñoz publicou um dos melhores resumos sobre a TEORIA DA DEPENDÊNCIA em seu artigo "El Análisis de la Teoría de la Dependencia en los Centros: Ejemplos de EEUU" in *Estudios Internacionales*, Vol. 12, n. 45, janeiro-março, 1979, pp. 68-76, c "Cambio y Continuidade en el Debate sobre la Dependencia y el Imperialismo" in *Estudios Internacionales*, vol. 11, n. 44, outubro-dezembro, 1978, pp. 88-138. Em 1982 ele editou *From Dependency to Development - Strategies to Overcome Underdevelopment and Inequality*, Estudos Especiais sobre Desenvolvimento Social, Político Econômico, Editora Westview Press, Boulder, Colorado, 1982.

Veja também: Gustavo Rodríguez O., "De la Cepal a la Teoría de la Dependencia - Un Esquema Descriptivo", IESE, Cochabamba, 1979, e o capítulo sobre o Marxismo Latino-Americano escrito por Juan Carlos Portantiero para a coleção *History of Marxism*, dirigida por Eric J. Hobsbawm.



A grande onda de crítica à Teoria da Dependência ampliou-se sobretudo na segunda metade da década de 70 e começo da década de 80, vinda em parte de autores latino-americanos: Agustín Cueva, *“Problemas y Perspectivas de la Teoría de la Dependencia”*, CELA, UNAM, deu início a uma nova crítica à Teoria de la Dependencia acusando seus autores de superestimar fatores externos em relação a fatores internos e de abandonarem a análise das classes sociais. Depois disto ele publicou o livro *El Desarrollo del Capitalismo en América Latina, Siglo XXI*, México, 1978 onde deu continuidade a estas críticas. Posteriormente ele aceitaria o fato de que estava enganado em suas críticas e passou a destacar as conquistas da Teoria da Dependência diante dos ataques que ela receberia do pensamento conservador latino-americano e europeu. Octavio Rodríguez publicou seu *“Informe sobre las Críticas a la Concepción de la CEPAL”*, Secretaría de la Presidencia, México, 1974, onde ele defendia Prebisch e a CEPAL das críticas da Teoria da Dependência. Enrique Semo, *La Crisis Actual del Capitalismo*, ed. de Cultura Popular, México, 1975 apresentou uma crítica baseada no conceito da interdependência como uma tendência da economia internacional. O trabalho de Vania Bambirra intitulado *Teoría de la Dependencia; Una Anticrítica*, Era, México, 1978, responde a grande parte destas críticas. Ela mostra sobretudo os equívocos de interpre-

tação que elas continham, atribuindo aos teóricos da dependência posições que eles nunca defenderam, como a idéia de uma tendência à estagnação econômica, uma supervalorização dos fatores externos em relação aos internos, etc.

Há também um grupo de críticos da Teoria da Dependência que se chamam “marxistas ortodoxos” ou simplesmente “marxistas”. Eles acham que a teoria da dependência coloca as determinações externas como fundamentais e colocam em segundo plano a luta de classes no interior de cada país. Condenam também qualquer visão crítica do desenvolvimento do capitalismo que, segundo eles, não apresenta diferença essenciais entre os países dominantes e os dependentes. Esta tendência endogenista acredita que o imperialismo representa um progresso ao desenvolver as forças produtivas em nível internacional. Eles não compreendem em quanto o imperialismo bloqueia o desenvolvimento das forças produtivas das nações colonizadas, deceparam seu poder de crescimento econômico, de desenvolvimento educacional, de saúde, etc. Não conseguem entender o fenômeno da superexploração e a transferência internacional de excedentes gerados no 3º Mundo e enviados para os países centrais.

De fato, vai ocorrer uma convergência entre as críticas de Fernando Henrique Cardoso aos seus colegas que iniciaram a teoria da dependência e as críticas desses chamados



“marxistas” (ver o meu artigo sobre as polémicas com Cardoso). Estes levam contudo sua “ortodoxia” muito longe defendendo a necessidade de analisar os modos de produção no interior de cada economia. São chamados de autonomistas e endogenistas e foram analisados por Marini (1995) com rigor e precisão. Uma leitura séria de Marx jamais autorizaria este tipo de interpretação do marxismo. Ele sempre chamou a atenção para o caráter internacional do modo de produção capitalista e considerou o comércio mundial como condição necessária da acumulação primitiva capitalista. Marx não autorizaria jamais uma concepção classista que colocasse em oposição a análise das economias nacionais e o estudo de sua articulação com a economia mundial. Ele sempre entendeu a formação do capitalismo como a dialética entre a economia mundial, como fenômeno independente, e o conjunto de economias nacionais em competição, apoiando-se nos seus Estados nacionais.

As implicações teóricas da teoria da dependência estão ainda por desenvolver-se. Sua evolução na direção de uma teoria do sistema mundial buscando reinterpretar a formação e desenvolvimento do capitalismo moderno dentro desta perspectiva é um passo adiante neste sentido, como o veremos nos próximos capítulos.

4.A GLOBALIZAÇÃO E O ENFOQUE DO SISTEMA-MUNDO. A teoria da dependência seguia e aperfeiçoava

um enfoque global que baseava compreender a formação e evolução do capitalismo como uma economia mundial. Prebisch já falava nos anos 50, da existência de um centro e uma periferia mundial, tese que ele aperfeiçoará na década de 70 sob a influência do debate sobre a dependência (ver Prebisch; 1981). A teoria da dependência buscou refinar este esquema ao rever a teoria do imperialismo desde sua formação com Hilferding, Rosa Luxemburgo, Hobson, Lenin e Bukharin. André Gunder Frank (1991) chama a atenção para esta busca de análise do sistema mundial que se desenha sobretudo no começo da década de 70 com Amin (1974), Frank (1978, 1980 e 1981), Dos Santos (1970 e 1978) mas que ganha realmente um grande alento com a obra de Immanuel Wallerstein (1974, 1980, 1989), que desenvolve a tradição de Fernand Braudel (1979). Tudo isto tem sido objeto de uma ampla discussão.

Outros autores reconhecem a relação estreita da teoria do sistema-mundo com a teoria da dependência. Bjorn Hettne traça mesmo uma relação de evolução do debate sobre desenvolvimento e dependência em que a teoria da dependência tem como evolução a teoria do sistema-mundo enquanto a tendência estruturalista marcha para a teoria das necessidades básicas encampada pelo Banco Mundial nos anos 70 sob a direção de Mc Namara. Enquanto isto, a tendência endogenista que se pretende marxista (e que ele chama de análise dos mo-

dos de produção) se origina, segundo ele, dos modelos marxistas de acumulação de capital.

A teoria da dependência também teria tido esta origem mas teria sofrido a influência da análise econômica estruturalista da CEPAL. As teorias da modernização teriam, por outro lado, mantido seu quadro de análise ocidentalista enquanto sofria a crítica dos modelos de outro desenvolvimento ou desenvolvimento alternativo.

O enfoque do Sistema-Mundo busca analisar a formação e a evolução do modo capitalista de produção como um sistema de relações econômico-sociais, políticas e culturais que nasce no fim da Idade Média europeia e que evolui na direção de se converter num sistema planetário e confundir-se com a economia mundial. Este enfoque, ainda em elaboração, destaca a existência de um centro, uma periferia e uma semi-periferia, além de distinguir entre as economias centrais uma economia hegemônica que articula o conjunto do sistema.

Ao mesmo tempo, a teoria do sistema mundo absorveu a noção de ondas e ciclos longos de Braudel (1979) que se diferenciam dos ciclos de Kondratiev. Há, no entanto, tentativas de conciliar os ciclos de Kondratiev de 50 a 60 anos com os ciclos longos, mais ligados ao movimento do capital financeiro, que encontrou Braudel. Desta forma, a evolução do capitalismo é vista como uma sucessão de ciclos econômicos, articulados com processos políticos, sociais e culturais. Em livro recente, Arrighi (1995) conseguiu ordenar a história do capitalismo como uma sucessão de 4 ciclos longos de acumulação, baseados em quatro centros hegemônicos:

1º) O ciclo genovês (que se articula com as conquistas ibéricas) que se inicia no fim do século XIV e início do século XV, quando se forma a base da acumulação financeira de Gênova, como cidade estado e, posteriormente, como nação dos genoveses, localizada em vários centros financeiros europeus a



qual se prolonga até o fim do século XVI e começo do XVII. Este ciclo tem nas monarquias ibéricas principal instrumento.

2º) O ciclo holandês que se inicia exatamente no fim do século XVI e no início do século XVII até a metade do século XVIII.

3º) O ciclo britânico que se inicia na metade do século XVIII e que se prolonga até a 1ª e a 2ª Guerra Mundial.

4º) O ciclo norte-americano que se inicia durante a 1ª Guerra e se desenvolve durante a 2ª Guerra Mundial até nossos dias, quando há sinais de emergência de um novo ciclo que terá como centro o sudeste asiático, ou algum núcleo de poder supranacional.

Giovanni Arrighi (1995) analisa a relação destes ciclos com os principais centros financeiros que terminaram se transformando em centros hegemônicos aliados com centros comerciais. Tem faltado a estas análises



neste período, de caráter capitalista e sob hegemonia norte-americana. A evolução da economia soviética e do bloco de nações a ela mais ou menos ligadas não havia sido capaz de sair do contexto determinado pelo sistema mundial capitalista. Sempre se esperou que a agudização deste conflito na década de 80 destruiria o modelo de guerra fria que redefiniria as zonas geopolíticas mundiais. Neste sentido ver Dos Santos (1978 e 1993), Wallerstein (1979, 1984) e Frank (1980, 1981).

Os estudos do sistema-mundo se situaram como expressão teórica de um amplo debate sobre as transformações que ocorriam na economia e política mundial dos anos 70. Desde o fim de 1960, surgia uma ampla documentação empírica sobre as corporações multinacionais, sobre as novas direções da economia mundial e sobre a nova ordem econômica mundial proposta pelos não-alinhados nas Nações Unidas. Vários informes sobre a situação econômica mundial se sucederam expressando as várias correntes internacionais e sobretudo a preocupação crescente com o meio-ambiente ameaçado. Dentro desta perspectiva globalizadora é necessário afirmar sobretudo os seguintes elementos de uma nova síntese teórico-metodológica em processo:

- 1) A teoria social deve se desprender de sua extrema especialização e retomar a tradição das grandes teorias explicativas com o objetivo de reordenar o siste-


uma aprofundização maior do aspecto produtivo que estabeleça os regimes de produção, a evolução das forças produtivas e das relações sociais de produção para melhor explicar o funcionamento destes ciclos. Neste sentido, Dos Santos (1978) tenta articular a noção de sistema mundial com as grandes estruturas de produção e particularmente com a revolução científico-técnica (Dos Santos, 1983 e 1986), indicando um caminho de pesquisa em parte complementar ao esforço mais global da teoria do sistema mundial, em parte reordenador desse esforço.

Uma característica importante das análises do sistema mundial é a negação das interpretações do mundo contemporâneo baseadas na bipolarização do pós-guerra, vista como uma relação entre dois sistemas econômicos de poder paralelo. Os vários teóricos do sistema mundial insistiram sempre na existência de um só sistema econômico mundial,



ma de interpretação do mundo contemporâneo.

- 2) Esta reinterpretação deve superar sobretudo a idéia de que o modo de produção capitalista, surgido na Europa no século XVIII é a referência fundamental de uma nova sociedade mundial. Este fenômeno deve ser visto como um episódio localizado, parte de um processo histórico mais global que envolve a integração do conjunto das experiências civilizatórias numa nova civilização planetária, pluralista e não exclusivista, baseada na não subordinação do mundo a nenhuma sociedade determinada.
- 3) A formação e evolução do sistema mundial capitalista deve orientar a análise das experiências nacionais, regionais e locais buscando resgatar as dinâmicas históricas específicas como parte de um esforço conjunto da humanidade por superar a forma exploradora, expropriatória, concentradora e excludente em que este sistema evoluiu.
- 4) A análise deste processo histórico deve resgatar sua forma cíclica procurando situar os aspectos acumulativos no interior de seus limites estabelecidos pela evolução das forças produtivas, relações sociais de produção, justificativa ideológica destas relações e limites do conhecimento humano.
- 5) Neste sentido, a evolução da ciência social deve ser entendida como parte de um processo mais



global da relação do homem com a natureza: a sua própria, a imediata, a ambiental e o cosmos, só aparentemente ausente da dinâmica da humanização. Isto é, ela deve ser entendida como um momento de um processo mais amplo de desenvolvimento da subjetividade humana, composta de indivíduos e povos que estão construindo o futuro sempre aberto destas relações ■

Que pasa en Siria?

Os últimos meses foron de moita presión política e militar sobre Siria. Ademais, vemos un Occidente inmerso nunha grande crise estrutural en todos os aspectos, especialmente o económico, político, cultural e moral.

FAYED BADAWI

Analista político palestino

Para poder falar de Siria, cómpre esclarecer algúns puntos que son de moita importancia. Para poder entender o que está a pasar alí, hai que analizar os seguintes elementos:

1. O descubrimento dunha grande bolsa de gas na zona norte, un xacemento coa capacidade de producir máis de 150 millóns de metros cúbicos ao ano. Xunto coa existencia de petróleo e minas de prata sen explotar, iso crea unha competencia entre as grandes potencias pola propiedade dos recursos enerxéticos.
2. A continua reivindicación dos territorios ocupados por Israel, nomeadamente os Altos do Golán. Siria, baixo ningún concepto, está disposta renunciar a eles.
3. O apoio incondicional ao pobo palestino e o apoio á resistencia libanesa, especialmente a *Hezbollah*. Para ocultaren os seus verdadeiros motivos, as grandes potencias lanzan unha campaña de desprestixio contra Siria, ao pretextaren a defensa dos dereitos humanos e a loita contra o terrorismo internacional.
4. Os medios de comunicación non son libres, sometidos á vontade do amo, á vontade do Imperio. Na súa obra, *Actos de agresión*, Chomsky desvela como a maquinaria propagandística dos Estados Unidos constrúe unha imaxe anxelical da súa política exterior. Porén, os EUA non só violan as resolucións da ONU e a lexislación internacional, senón que as utilizan como armas contra un inimigo, encarnado unhas veces polo terrorismo internacional, outras polos narcotraficantes hispanos, e outras polo que a retórica política oficial norteamericana cualifica como 'Estados delinquentes'. Segue dicindo Chomsky: un 'Estado delincuente' non é simplemente un Estado criminal, senón un Estado que desobedece as ordes dos poderosos... os cales, evidentemente, están exentos. Este é o caso de Siria, onde vemos



como un Occidente sen escrúpulos quere criminalizar este país sexa como for, utilizando fotos terríbeis que se atribuíron a Siria e ao seu Presidente, Assad. España, Francia, Alemaña, etc., expulsaron o embaixador sirio dos seus respectivos países, co pretexto de fotos de matanzas levadas a cabo en Iraq. O periodista italiano, Marco Di Lauro, protestou, dicindo que estas fotos eran del, sacadas o 27 de marzo 2003. Estas fotos foron utilizadas para ir lavando o cerebro e xustificar calquera intervención militar por medios moi potentes como a BBC, Al Jazeera e Al Arabiya. François Hollande, o novo presidente francés, pediu con urxencia unha intervención militar.

5. Planes de Occidente: O Dr. Khalidi, profesor estadounidense de orixe palestina, déixanos clara a política de agresión dos europeos e norteamericanos, ofrecéndonos exemplos moi elocuentes sobre

Foto do xornalista Marco Di Lauro sacada o 27 de Marzo de 2003 no Iraq e que foi utilizada para dar conta dunha suposta masacre do goberno Sirio. Así foi reproducida na BBC, Al Jazeera e Al Arabiya, ao tempo que se clamaba por unha inmediata intervención militar



© Xosé Luís Alonso

esta falacia chamada 'dereitos humanos'. Os occidentais non son democráticos, nin queren traer a paz aos pobos, segundo Khalidi:

- a. Napoleón Bonaparte, Alexandria, o 2 de xullo 1798: "Escoitade, exipcios! Poden dicirvos que eu fixen esta expedición co único obxectivo de abolir a vosa relixión. Pois dicide aos difamadores que eu veño canda vós co único fin de restaurar os vosos dereitos apreixados nas mans dos opresores."
- b. Xeneral F. S. Maude, comandante do exército británico, Bagdad, o 19 de marzo 1917: "Os nosos exércitos non chegan ás vosas cidades e terras como conquistadores ou inimigos, senón como liberadores... É a esperanza e o desexo dos británicos e das nacións aliadas que a raza árabe volva alcanzar a grandeza e o renome que ten entre os pobos da terra."



© Xosé Luís Alonso

- c. Donald Rumsfeld, Secretario de Defensa dos EUA, Bagdad, o 29 de Abril 2003: "A diferenza de moitos exércitos do mundo, non viñeches a conquistar e a ocupar, senón a liberar. E os iraquís sábeno."
6. A ONU e a chamada 'Comunidade Internacional':
A pouca importancia que se concede por parte de Israel ás Nacións Unidas é histórica. Sempre é bo lembrar que a ocupación dos territorios palestinos é ilegal, e o Estado sionista nunca respectou o dereito internacional, apoiado, para colmo, pola chamada 'democracia' europea. Israel é o país que máis viola as resolucións do Consello de Seguridade da ONU. Os Estados Unidos, á súa vez, utilizaron o seu poder de veto máis de 40 veces na ONU para defender Israel cando violou o dereito internacional. Coa caída da antiga Unión Soviética, xa existe unha outra orde internacional. Esteamos ou non de acordo coa ex-URSS, había quen freaba a maquinaria bélica de Occidente. Hoxe en día, sácase unha resolución en menos de 24 horas para ocupar calquera país, desde Líbano ou Afganistán, até Iraq, etc. A sorte de Siria foi poder contar co apoio de Rusia e China, aínda que por diferentes motivos.
7. Proxecto imperialista de hexemonía e dominación mundial:
A actual crise imperial lembra a anterior experiencia colonialista eurooccidental, sobre todo bri-



A oposición interna,
malia oporse ao
réxime, non acepta a
inxerencia política, ni
militar estranxeira baixo
ningún concepto

tánica e francesa. A idea central deste proxecto consiste en facerse co control xeoestratéxico da zona para roubar as riquezas enerxéticas e ter un amplo mercado de consumo. E para iso fai falta a maquinaria militarista que representan Israel e a OTAN. Isto tráenos á memoria a visión de dominio do século XIX, a visión de Monroe de utilizar a forza para asegurar un dominio total sobre das riquezas naturais, humanas, e económicas. Hai unha liña principal nesta estratexia para o control económico, militar e mesmo cultural: a chamada 'globalización liberal'. Tamén hai que ter en conta que a economía de Occidente pasa por unha crise estrutural e global.

Á vista do anterior, achámonos perante unha terríbel situación a nivel humano. Existe un perigo de guerras e mortes, e para poder esclarecer isto, interéсанos analizar a magnitude da barbarie.

Os retos actuais no que respecta ao sufrimento dos pobos árabes son os seguintes:

1. No terreo ideolóxico:

A liberación total do dominio da ideoloxía liberal para volver á trincheira contraria ao liberalismo e ao capitalismo. Traballar para levar a cabo un programa social que, para ser xusto, implica derrocar a burguesía compradora e financeira.

2. No terreo cultural:

Representado pola relixiosidade reaccionaria, con meirande in-

fluencia nas capas sociais máis oprimidas. Calquera relixiosidade que non estiver relacionada cun contido de liberación nacional e social é unha relixiosidade reaccionaria.

3. No terreo dos gobernos árabes:

O Plan Bandar e o papel de Qatar. O plan de Bandar Bin Sultán do ano 2008 consiste en derrocar o Presidente sirio, Bashar al-Assad. Bandar é o representante de Arabia Saudita, puxo 2000 millóns de dólares para este plan, un plan moi ben estudado e elaborado polos EUA. Un exemplo: financiar o chamado Observatorio Sirio de Dereitos Humanos, con sede en Londres. Qatar traballa na mesma liña, tentando dirixir a Liga Árabe para impor sancións e castigos a Siria. Todo isto en nome da defensa dos dereitos humanos.

Pasemos agora a analizar a situación siria e todo o que está a pasar alí, afastámonos dos medios de comunicación do sistema, poderosos axentes de difamación e engano.

En Siria hai árabes, arameos, fenicios, asirios, babilonios, circasianos, curdos, armenios, turcománs, xudeus, cristiáns, acadios e outros moitos que conforman a actual base da poboación siria, onde existen vestixios de civilizacións de até 10.000 anos antes da era cristiá.

1. No ámbito político:

O réxime é antiimperialista, nacionalista e populista, actualmente gobernado por unha fronte pro-

Atentado terrorista en Damasco contra edificios do goberno deixando 27 vítimas



gresista que naceu da alianza de partidos que engloban a maioría das clases sociais sirias. Esta fronte xurdiu das últimas eleccións democráticas, celebradas este mesmo ano. Trátase dun réxime moi incómodo, tanto para Israel, como para os EUA, a UE e os gobernos reaccionarios árabes.

2. No ámbito económico:

Segundo Occidente, antes dos enfrontamentos ou 'Revolución siria', Siria era un país sen débeda externa, onde a sanidade e a educación son gratuítas e universais. Matricularse na universidade costa 3 dólares ao ano. A iso, engádense as medidas de protección do mercado interno, con gravames importantes ás importacións. A súa agricultura, favorecida desde os anos setenta pola construción de tres encoros que permiten regar amplas superficies, dedícase prioritariamente ao cultivo de cereais, algodón, olivas e hortalizas. Conta con gandaría ovina, caprina e bovina. Do seu subsolo extráese asfalto, sal xema, petróleo, fosfatos e gas natural.

As instalacións hidroeléctricas xeran 41% da electricidade, e o resto prodúcese en instalacións térmicas convencionais.

A artesanía siria segue a ser notábel, como en séculos pasados, pola grande calidade das súas sedas bordadas e das súas mantas, e polos seus traballos en metais como o latón, o cobre, a prata, o ferro e

o aceiro. As industrias de manufacturas téxtiles herdadas da axuda da URSS nos anos 70 fan de Siria unha potencia nese sector.

3. No ámbito social:

Siria é un Estado laico, onde o mosaico de confesións practican cada unha o seu culto sen inxerencia do Estado. É o país máis progresista no respecto á igualdade das mulleres en todo a contorna.

A debilidade do réxime provén dos seguintes factores:

1. O aumento da taxa de desemprego en Deraa, a zona onde empezaron os disturbios, zona historicamente subministradora de man de obra para o Líbano. Á raíz da resolución 1559 da ONU e a retirada das tropas sirias do país, foron expulsados os traballadores, volvendo aos fogares.
2. O conflito do Curdistán é aproveitado por Occidente, países árabes e mesmo por Turquía, apoiando as oligarquías locais para manter un punto permanente de desestabilización do réxime.
3. A zona máis conflitiva é a zona de Homs e Hama, bastión dos salafitas e dos Irmáns Musulmáns que tentan derrocar o réxime seguindo as directrices dos países árabes máis reaccionarios, sabendo que non é alí onde se dan os conflitos sociais. Esta zona é fronteiriza co norte do Líbano e Turquía. Estas tres zonas fronteirizas son utilizadas polas tropas internacionais na tentativa de invadir Siria.



4. Oposición interna e externa:

A oposición interna caracterízase por estar organizada, e representa sectores importantes do pobo sirio, tendo claro que, malia oporse ao réxime, non acepta a inxerencia política, ni militar estranxeira baixo ningún concepto.

A oposición externa é dirixida polo denominado *Consello Nacional Sirio* (CNS), que é, de feito, unha fracción dos Irmáns Musulmáns, estreitamente vinculada a Arabia Saudita, Qatar, os outros reis do Golfo e ao *Movemento do Futuro* de Saad Hariri no Líbano xunto con oligarquías económicas asentadas no exterior. Por suposto, hai outros elementos, tales como pro-occidentais liberais e uns extremistas wahabís e salafistas impulsados polo odio sectario contra o que describen como o 'réxime alauita'. Estes movementos son aproveitados polos EUA e Israel que anhelan a caída do réxime sirio. CNS ten a súa sede en Istambul.

5. Os erros do réxime:

A corrupción en determinadas esferas do poder, o nepotismo e algunhas prácticas non democráticas, represión dalgunhas manifestacións, como as primeiras producidas no sur na zona de Huran, onde se reivindicaban melloras sociais, fan de Siria un réxime equiparábel na represión coas democracias occidentais. Ningún réxime ten o dereito a reprimir o seu pobo. Estes males, encontra-



dos en calquera sistema político actual, non xustifican unha intervención estranxeira.

A SOLUCIÓN AO CONFLITO. A única solución ao conflito pasa pola vía pacífica e democrática, respectando a vontade dos pobos e apoiando o proceso de liberación que eles mesmos están a desenvolver. Nisto están de acordo tanto o réxime, como a oposición interna, dirixida por preto de 300 personalidades antigoberno, a maioría dos cales pasaron polos cárceres.

A solución pola que avoga Occidente, baseada na ocupación económica de Siria, é autoritaria, e implica a utilización da violencia indiscriminada contra o goberno e o pobo, seguindo o modelo da invasión iraquí, tanto no terreo ideolóxico, como no militar, sen importarlle a destrución de todo un pobo. Isto é o fascismo disfrazado de democracia e dereitos humanos, onde o que menos importa son as persoas ■

Esquerda, manifestacións e campañas contra a inxerencia externa. Só se escoita unha versión dos feitos. As outras voces son ocultadas

O debuxante Carlos Latouff presenta tamén a súa ollada crítica e alternativa do que está a acontecer nestes momentos

En Palestina

XULIO VALCÁRCEL

Poeta e narrador. Licenciado en Dereito pola USC. Colaborador habitual de prensa e radio. Ten unha ampla obra publicada

1. ANOITECE CEDO

*Que facer? Que facer sen exilio,
sen unha longa noite que esculque
a auga?*

(Mahmud Darwish)

A pouco de saírmos do aeroporto de Tel-Aviv, contra ás cinco, cinco e media da tarde, hora local, bótase a noite. Entre as sombras aparecen luces espalladas, pobos e lugares que se estenden, distantes, a ambas marxes da estrada. Entre esas luces dispersas, ignotas, destacan unhas máis altas, de cor verde. Infórmame Nimer, o meu acompañante, que pertencen aos minaretes das mesquitas árabes. En cada pobo, a mesquita é o edificio principal, o máis emblemático. A proliferación de mesquitas en territorio israelí é a primeira das sorpresas que me reserva este país fascinante, contradictorio e violento, que semella encarnar todos os conflitos: a pluralidade de credos e culturas.

Non vale a simplificación de xudeus e palestinos. A realidade é moito máis complexa: árabes israelís; palestinos, islámicos e cristiáns; xudeus ortodoxos e ultraortodoxos; cristiáns de varia estirpe, gregos, chipriotas, coptos (exipcios e etíopes), armenios, e católicos (aquí coñecidos como "latinos"). Todo un rebumbio de ideas, crenzas e actitudes nun espazo pequeno, coma media Galiza, e moi poboado, preto de sete millóns de habitantes. Distintas razas, diferentes relixións, linguas e xeitos de pensar, coinciden pero non conviven. Exemplo fidedigno é a Igrexa do Santo Sepulcro, en Xerusalén: sen saírmos dos seus muros, o Calvario está gobernado pola igrexa ortodoxa rusa. A uns metros, o sepulcro, pola ortodoxa grega, aínda que un anaco da tumba cae do lado dos coptos exipcios. O lugar onde se atopou a Veracruz está en mans católicas, pero as escaleiras pertencen aos armenios. O asunto complicaase ao permaneceren algúns elementos sen atribuír despois de varios séculos, degoirados por uns e por



Xulio Valcárcel diante do Muro das lamentacións





Xardín en Xaifa

outros. As disputas entre os monxes por limpar ou varrer, como exercicio posesorio, remataron máis dunha vez coa intervención da policía.

De seguida nos decatamos da tensión, do medo, da guerra latente, que desaconsellan a aterraxe que agora fago coa intención de achegarme a un pobo co que me sinto solidario: o palestino. Masacrado polo sionismo, incomprendido polas potencias mundiais e maltratado pola propia crase política, unha "autoridade palestina" a miúdo corrupta, con escandalosos privilexios no medio da necesidade xeral.

-Este é un dos lugares máis "quentes" do planeta —comenta Nimer. E engade, profético: -Se algunha vez estoura a terceira guerra mundial, non teño dúbida de que será aquí..., na Explanada das Mesquitas!

Porén, esta é a terra de Cristo, a terra na que viviu e predicou unha mensaxe integradora, solidaria. Independentemente do credo de cada



Deserto. Avdat Negev

Belén

Muro palestino. Xurxo Caramés

Igrexa da Natividade en Belén

Gruta da Natividade, Belén

quen, non deixa de comover a pegada nominal dos lugares bíblicos. Ler carteis nas estradas que indican: Nazaret, Cafarnaúm, Betania, Emmaús, Xericó... Pouco importa ese legado. Na realidade histórica, Palestina foi unha terra disputada por romanos, gregos, exipcios, austrohúngaros, ingleses... Polo ano 1000, os Cruzados emprenderon a conquista dos "santos lugares" cometendo mil atropelos e falcatradas. En 1947, os israelís

inventáronse un estado propio acudindo á violencia e a limpeza étnica. Nunca se acadou unha verdadeira paz nesta terra na que naceron as tres principais relixións monoteístas.

Unha serie de pezas de artillería e tanques estragados, reliquias da Guerra dos Seis días, permanecen colocados nun altiño, orgullosos fitos patrióticos para uns, do horror para outros. No entanto, unha parella de militares, case rapazolos, obríganos a deter o auto. Portando ameazantes "metralletas", achéganse cara á nós. Revisan a documentación, fannos un exhaustivo interrogatorio e á fin permítennos continuar.

2. UN MAR EN FORMA DE LIRA.

Os antigos nomeárono Kinéret, ou sexa, lira, porque a súa forma lembra o instrumento que tanguía o rei David, mar denomíno o evanxalista Xoán e moitos outros, mais non é un mar, é un lago que se nutre das augas do río Xordán, a penas un regato en canto foxe polo extremo sur e se dirixe a morrer —onde mellor?— no Mar Morto. O lago Xenesaret, ou mar de Tiberiades, recibe as Neves derretidas do Monte Hermón e doutros mananciais, Baniás, Dan e Hatbani, do norte; os sete (agora cinco) mananciais, aos que alude o nome grego Tagba, que desembocan nese punto, así como outras canles e torrenteiras, chamadas wadies, que se forman na época das chuvias nos outeiros de arredor.

Situado a uns 215 metros baixo o nivel do mar, nunha depresión orixinal por un terremoto, eses mesmos movementos sísmicos deron lugar a unha serie de fontes de augas sulfurosas utilizadas desde a antigüidade para curar, ou mellorar, as doenzas. Mesmo algúns estudosos suxiren que o gran número de enfermos que acudían a Xesús para curarse, poderían inicialmente ter chegado a estas paraxes buscando remedio nas termas. O lago, cunha extensión de 21 km de longo por nove de ancho, cubre unha extensión aproximada de 165 km². Non é moi fondo, 50 metros nos lu-


gares de maior calado. A gran virtude é ser de auga doce. Ben se comprende o que iso significa nun país tan árido, verdadeiro depósito ou alxibe tanto para uso da poboación como para o regadío dos campos.

A rexión do lago é privilexiada. O historiador Flavio Xosefo, que fora xefe da resistencia galilea contra a invasión de Roma no 66 d. C., e que coñecía, por tanto, ben a zona di: "Non só produce os froitos máis diversos, senón que os conserva en sucesivas sazóns. Os mellores entre eles, uvas e figos, recóllense sen interrupción durante dez meses. As restantes froitas van madurando nas árbores durante todo o ano. Porque, ademais da suavidade do clima, contribúen á fertilidade desta terra, as augas dunha fonte que mana con forza".

Fondeada na lama, apareceu unha barca do século 1º. Agora exhibese nun museo. As barcas daquel tempo eran parecidas ás dornas galegas. Duns seis metros de eslora, ían provistas dunha vela latina afincada nun mastro central. Distintos (aínda que un pergameo "certifique" que son réplicas dos existentes hai dous mil anos), son os barcos turísticos que navegan polo lago, capaces de transportar varias dúcias de viaxeiros, sen que falte o consabido posto de quincalla a bordo, nin a música autóctona turbando a calma do lugar. Iso si, ningunha urbanización afea a contorna e as ribeiras aparecen limpas e expeditas.

Foi nestas augas onde o Evanxeo refire unha súbita tormenta, con ondas encrespadas, atopándose Xesús adormecido. "Sálvanos, que perecemos" –disque pregaron os discípulos. Sorprende que as augas de por si tranquilas dun lago, poidan axitarse desa maneira. Porén, o fenómeno é coñecido e acontece ocasionalmente: súbitos e intensos ventos desencadean tempestades como a que describe Mateo.

A actividade pública de Xesús desenvolveuse nos pobos e aldeas das ribeiras do Mar de Galilea: Canáa,




co episodio das vodas e o viño; Naín, coa resurrección do fillo da viúva; Cafarnaúm, onde se instala, porque era punto de confluencia das caravanas que seguían a ruta de Oriente. Alí forma o primeiro núcleo, con Pedro, Santiago, Andrés, Xoán e Mateo, todos pescadores. O Monte das Benaventuranzas fica nun outeiro entre Tagba (lugar da multiplicación dos pans e dos peixes) e Cafarnaúm. Aí tivo lugar o célebre Sermón da Montaña: "Benaventurados os pobres de espírito, porque deles é o reino dos ceos. Benaventurados os que choran porque recibirán consolo. Benaventurados os mansos porque herdarán a Terra"...

3. XERUSALÉN

*Quero morrer na miña terra,
que me enterren nela.*

(Fadwa Tuqan)

Anoitece cedo pero tamén lumbri-
ga cedo o día en Palestina Rematada a



Enriba o muro e a difícil relación dos palestinos con el

Panorámica de Xerusalén. Ao fondo a cúpula da Mesquita de Omar

Rúa de Ramalah

estancia no norte, en Galilea, ás cinco da mañá deixamos o hotel de Tiberíades e collemos, baixo un sol radiante, cara á Xerusalén, onde estaremos varios días, dedicados a visitas culturais e turismo relixioso. As distancias non son longas, pero pronto muda a paisaxe, máis árida e desértica, até converterse nun deserto pedregoso. Paramos a xantar, descansamos unhas horas e continuamos ruta. Agárdanos un lugar do que estremece pronunciar o nome: Xerusalén.

Non ben chegamos, antes de acceder ao casco histórico facemos un percorrido panorámico, vendo a cidade desde o Monte das Oliveiras, o Getsemaní da Paixón. Na antigüidade estaba realmente cuberto de oliveiras pero os romanos cernáronos durante a revolta do ano 70. A montaña é mencionada por primeira vez na Biblia cando El Rei David, fuxindo de Absalón, "subiu a costa das oliveiras". Na época do segundo templo, os peregrinos ofrecían cabras e cabritos para que fosen queimados. Acendían sinais ao aparecer a lúa nova, indicando a chegada dun novo mes. Foi neste lugar onde Exequías viu os carros celestiais e Zacarías profetizou a fin dos tempos, "e afirmarán os seus pés sobre o monte das oliveiras", iniciando a paz eterna. Para os cristiáns é un lugar moi especial. Aquí foi onde máis tempo botou Xesús durante a súa estada en Xerusalén. Acostumaba a aloxarse en Betania e no camiño de ida e volta á cidade, pasaba por este monte. Aquí ensinou aos seus discípulos, profeti-

zou a destrución de Xerusalén e chorou o seu agónico destino antes de ser capturado e morto.

O noso hotel fica preto da Porta de Damasco, pola que pasaremos reiteradamente, como tamén pola Porta de Xafo, pola da Xehena, pola Porta de Sión. As portas da muralla de Xerusalén dan acceso aos diversos barrios: xudeo, musulmán, armenio, cristián. Iremos ao Monte Sión, visitaremos a tumba de David, a capela da Ascensión, o Muro das lamentacións, Getsemaní e a rocha da Agonía, o Cenáculo, a tumba de María. E, xaora, o Santo Sepulcro, o "santa-santorum" da cristiandade. Todo Xerusalén é un museo aberto no que se palpa o pouso da historia e, desde o punto de vista comercial, un inmenso bazar.

Áspera, militarista e relixiosa, con aparencia de castelo ou fortaleza, Xerusalén é unha cidade desconcertante e fermosa. Ergueita ao longo de sucesivos outeiros, con subidas e baixadas moi pronunciadas, ofrece a súa face ao "khamsim", o vento ardente do deserto, que impregnado de area lúe as pedras da muralla dese lado. No Muro das lamentacións, centro da memoria e da arelanza do pobo xudeu, e único vestixio do vello Templo que sobrevivió á destrución dos romanos, algúns fanáticos retirábanse chorando a fío, batían outros a testa como arroutados, mentres rezaban. Ao constatar a nosa indiferenza e escaso fervor, mirábanos desafiantes os que se dispuñan á oración, como preguntando, "a que vindes?, que facedes aquí?"



-Xerusalén prefire mirar á nada e ao baleiro, ensimesmada na súa tráxica importancia –di Miguel Anxo Murado.

Centro do mundo medieval, tres veces santa e varias máis destruída, en Xerusalén señorea o imperio da morte: Getsemaní, a agonía; o Val de Xosefat, o cemiterio. Entre o Monte das Oliveiras e o Templo, os xudeus crearon un inmenso panteón que desce e cubre enteira a aba da montaña: o Val de Xosefat ou Val de Cedrón, onde terá lugar o Xuízo Final. Unha lenda afirma que na "Parusía", ou segundo retorno de Cristo, "persoal, corporal e visíbel", entrará ao Templo pola agora clausurada Porta Dourada, fronte ao monte. Por iso, a máxima aspiración dos xudeus ricos é enterrarse aí para atoparse en primeira fila e seren os primeiros en seguilo cando veña, se tan improbable suceso acontece, para xulgar a vivos e mortos. Con acedo humor, Mark Twain comentou a inutilidade de tan longa espera:

-Se algunha vez estivo aquí o Mesías..., non creo que volva!

4. ACURRALADOS EN BELÉN

*Para anosa patria cautiva,
a liberdade de morrer consumida de
amor.*

(Mahmud Darwisch)

Os franciscanos están presentes nos santuarios do Santo Sepulcro, en Xerusalén; da Anunciación, en Nazaret, e da Natividade en Belén. Neste



Cúpula da Roca no monte do templo de Xerusalén

Foto satélite da Palestina

Praza do Pesebre, Belén

último, perseguidos polas tropas hebreas, refuxiáronse hai uns anos varios centos de milicianos palestinos. Amezaban os militares con voar o recinto se os palestinos non entregaban as armas e se rendían. A tensión foi límite, as negociacións complicadas, o conflito adquiriu, ao afectar a monxes de diversa procedencia, carácter internacional. Mantivéronse firmes os frades, sen cederen ás presións, protexendo aos refuxiados. Malia todo, o intercambio de disparos saldouse con máis de vinte mortos e ducias de feridos.

A comprensión e apoio á causa palestina continúa activa. Territorios palestinos son visitados polos turistas, apoiando o comercio local (fundamentalmente de artesanía relixiosa en nacar e oliveira), obtendo ingresos que contribúen a paliar as necesidades básicas: os palestinos non teñen asistencia sanitaria pública nin medios para subsistir, bloqueados por un muro que lles impide saír, mover-



Paradoxos dun espazo de grande interese polo seu patrimonio histórico e cultural convivindo entre muros actuais e anterros

Muro das Lamentacións, Xerusalén

se, facer a súa vida. A saída laboral é Xerusalén, a maioría das veces para traballaren ao servizo dos mesmos israelís que os perseguen e acosan.

Até tres veces intentamos salvar o muro e entrar en Belén, que non está nun val, como di a panxoliña, senón nun alto, e raramente cuberto de neve, desistindo ante o atasco que provocaban os controles militares. Dando un rodeo por En Karem, Katisma e outros lugares que só os iniciados, como Nimer, coñecen, conseguimos chegar ao centro mesmo de Belén, á Praza do Pesebre. O primeiro que vimos foi un cartel coa efixie de Yaser Arafat.

A uns metros, a Igrexa da Natividade, onde se celebra o nacemento de Xesús. Tampouco nisto hai acordo. As diversas igrexas celébrano en datas diferentes, que van do 24 de decembro, os cristiáns occidentais, o 7 de xaneiro a grega ortodoxa, e o 19 dese mesmo mes a armenia. Cada unha desas datas é sinalada con adornos, iluminacións e pintorescas procesións encabezadas polo Patriarca de cada Comunidade. Coros procedentes de todo o mundo cantan xuntos en Noiteboa.

Nas mañás laborais, a praza do Pesebre convértese nun bulicioso e colorista mercado, ao que acoden as mulleres das aldeas veciñas a vender os seus produtos: froitas, verduras, rosquiñas, mel..., e, xa o dixemos, moita artesanía relixiosa destinada aos visitantes. A principal fonte de ingresos das familias palestinas é o turismo.




5. NO MONEY EN XERICÓ

Sobre o osario inmemorial dos devanceiros, a chuvia, purificadora, despertará unha flor...

(Samih A. Tawfiq)

Na estrada a Xericó, a "cidade das palmeiras", aparece unha inscrición que di: "Jericho world old est city". No 3000 a.C. era unha importante cidade cananea, pero a súa fundación é moi anterior, consérvanse restos do 8000 a.C. Situada a 250 metros baixo o nivel do mar, nun val atravesado polo río Xordán, foi a primeira conquista dos israelitas cando accederon á "terra prometida", logo de errar durante corenta anos. Desde Moab, na actual Xordania, o profeta Moisés puido vela pero faleceu sen chegar a pisala. Xericó é hoxe un poeirinto enclave no deserto, preto do mar Morto, onde nos bañamos, e das covas de Qumran, nas que apareceron os famosos manuscritos, fundamentais para os estudos bíblicos, pois demostran que os textos non cambiaron en dous mil anos.

Como Belén ("a cidade do pan"), atópase Xericó baixo o goberno da Autoridade Palestina. Ao revés do que nos pasou en territorio israelí, ou cando accedemos a Ramalah e Nablus (logo de intentar sen éxito chegar a Gaza, "a maior prisión do mundo"), os gardas non nos poñen o menor problema e continúan adurmiñados na garita. A bandeira palestina ondea por todas partes.



Diante dun sicomoro de codia branca, lembra Nimer a escea evanxélica de Zaqueo, que sobe a esa árbore para ver mellor a Xesús, baixiño de estatura (disque andaría por 1,35 metros). Aquela noite, Xesús acolleuse á pousada do publicano Zaqueo, co conseguente escándalo.

Casas baixas e rúas sen asfaltar conforman o centro da actual Xericó. Pero a existencia de auga –o manantial de Eliseo– converte a terra nun verxel. Abondan as plantacións de bananas, laranxas e limóns. Preparan os dátiles de xeito artesanal, sen azucre engadido; excelente é o azafrán e as granadas son as máis grandes e lustrosas que teñamos visto. Mercamos figos, dátiles, azafrán... Nun rústico posto ofrécennos zume de granada feito ao momento. A euro o vaso.

Visitamos, nas aforas da cidade, as ruínas Pazo de Hisham, no que os soberanos antigos pasaban o inverno, aproveitando a benignidade do clima. Foi mansión real do décimo califa omeia, Walid I de Damasco, que reinou de 724 a 743. Dos patios de columnas, a mesquita e as salas de baño, só se conservan os mosaicos. Un deles representa a un león atacando unha gacela. (O león de xudea atacando a gacela palestina?) Unha inscrición en arameo atopada nunha sinagoga do século VI, di: “A paz sexa sobre Israel”. Mais segue sen cumprirse tal desexo.

Para subir ao Mons Quarantana, no que Xesús botou corenta días de

xexún resistindo as tentacións de Satanás, que lle ofreceu “todos os reinos da terra”, cómpre coller un teleférico que nos levará a un mosteiro grego-ortodoxo, escavado na rocha sobre o abismo. Confirmando os peores agoiros, o trebello detense na metade do traxecto. Colgados do cable, na altura, xorde certo nerviosismo entre a pasaxe. (Logo saberíamos que a parada era fixa, establecida de antemán para equilibrar as frecuencias de subida e de baixada). Á chegada, monte pelado, quedannos aínda 300 chanzos para arribar ao mosteiro. Unha señora maior, duns oitenta anos, sorprende á concorrencia ao ser a primeira en coroar o ascenso. Coa fachada no tallo vertical da montaña, as dependencias esténdense cara á dentro, a varios niveis, nunha serie de covas sen columnas, favorecida a seguridade pola condición calcárea do terreo.

De volta en Xericó, un neno palestino ofréceme media ducia de plátanos e dúas laranxas. É todo o que trae para vender. Mércolle as laranxas e contrariando o costume local, que aconsella o regateo, abono un prezo superior ao que me pide. Daquela, entrégame, a maiores, os plátanos, pero non llos acepto, non ían incluídos no trato. Insiste o rapaz en darmos. Consciente do que para el significan, intento pagarllos. “No money” –dime. Son para min, agasallo seu. “For Palestine” –digo, e os dous sorrimos, erguendo os polgares nun saúdo ■



Tentando sobordar muros

Pai noso, en galego

Cemiterio do Val de Xosefat, Xerusalén

Monte da Cuarentena, Xericó



XIII
rogos
populares

pontevedra
 31 de agosto e
 1 setembro 2012

Feira Franca





Ben-Cho-Shey asinando un exemplar do Catón Galego, libro da súa autoría con portada de Seoane e ilustracións de Beatriz Rei

Ben-Cho-Shey, político

Xosé Ramón e Fernández Oxea, setenta anos de militancia nacionalista

Xosé Ramón Ermida Meilán

Os movementos nacionalistas na Europa actual

Ben-Cho-Shey

Carta a Castelao

Ben-Cho-Shey

Carta sobre a reconstitución do Partido Galeguista

Ben-Cho-Shey

dosidor

Xosé Ramón e Fernández Oxea, setenta anos de militancia nacionalista

Xosé Ramón Ermida Meilán

Home de Nós, fixo de todo, porque todo estaba por facer, como gustaba de afirmar o seu amigo de sempre, o noso Don Ramón. Etnógrafo, lingüista, pedagogo, historiador, poeta, narrador, arqueólogo, os seus traballos están recollidos nunha chea de xornais xenerais, publicacións especializadas, prensa da Galiza e do exterior, monografías ou libros que deu ao prelo após moitos avatares. Primeiro como Xan Fouciño, despois da súa experiencia como correspondente de guerra no Marrocos colonial como Ben-Cho-Shey, non houbo tema galego que non o ocupase, até ser nome habitual en publicacións tan diversas na orientación, na función e mesmo no plano temporal, como *La Zarpa* ou *El Progreso*, *A Nosa Terra* ou *Vieiros*, en Galicia ou *La Noche*, sen esquecer, Nós, os caderno do Seminario de Estudos Galegos ou do CSIC e, por suposto, as revistas dos múltiples centros da emigración. “O vedraio da fala”, como se refería a el Rodolfo Padra, deixounos tamén varios libros entre os que destacaríamos *Andrómenas*, *Contos do fiadeiro*, *Berzas* ou *A ducia do frade* e *O Catón Galego*, con portada de Luís Seoane e debuxos de Beatriz Rei, elaborada nos anos 30 e editada nos primeiros 60, na que responde á súa vella preocupación de achegar materiais para a galeguización do ensino. Así e todo, da súa amplísima produción, merece unha especial atención un libro monumental publicado polos Álvarez Blázquez, dada a negativa de Galaxia, *Santa Marta de Moreira. Monografía dunha parroquia ourensá (1925-1935)*, con prólogo de Cuevillas e deseños de Xocas e Risco, obra de referencia aínda hoxe, na que achega, desde unha perspectiva multidisciplinar, na liña dos traballos do SEG, unha visión da lingua, da tradición, da historia, da arte, etc.

dese lugar de Ourense onde exerceu o maxisterio durante anos. Porén, un outro Ben-Cho-Shey é o que nos ocupa e interesa aquí; o Ben-Cho-Shey político, o afiliado, militante e dirixente que nos permite seguir toda a xeira do nacionalismo galego desde os momentos fundacionais das Irmandades da Fala ao proceso de reorganización e asentamento do nacionalismo contemporáneo tras a Guerra Civil. Unha achega coma esta, de primeira man, ao acudir a textos que até día de hoxe permanecían inéditos, alén de servirmos para coñecer o noso home, posibilita recoñecer os núcleos doutrinais do nacionalismo no período dos anos 20, 30 e 40, sen deformacións e interpretacións interesadas, os debates que se deron naqueles períodos, e tamén a capacidade para resolvelos e, por suposto, pór en valor o patrimonio ideolóxico que é de nos e segue secuestrado.


Xosé Ramón e Fernández Oxea, o Ben-Cho-Shey co que nos o coñecemos e que el empregou a oito e que non era máis que o pseudónimo que comezou a utilizar en *La Zarpa* en 1920 para escapar da censura militar con aquelas *Crónicas Marruecas*, naceu en Ourense en 1897, fillo daquel Pío Ramón, tamén militante nacionalista e profesor da Normal, que lembrou Otero no *Libro dos Amigos* e neto daquel Elixio Oxea que presidiu a Asemblea Rexionalista Galega naquel Ourense hostil pola polémica entre Lamas Carvajal e Manuel Murguía. Militante temperá das Irmandades da Fala, o seu nome aparece entre os asistentes á constitución da delegación ourensá da mesma, participa de xeito activo no proceso da súa organización e expansión, como dan conta as súas cartas con Lousada Diéguez e Luís Porteiro. Con tan só 21 anos, acode á Asemblea de Lugo,



sendo un dos asinantes do Manifesto Nacionalista, feito que se oculta, ao noso entender de xeito non casual, e xa son habituais as súas colaboracións n' *A Nosa Terra*, datadas moitas delas en Madrid e subscritas co pseudónimo de Xan Fouciño. Incorporado a filas entre 1920 e 1923, é destinado a Marrocos, onde serve como telegrafista no exército colonial español que combatía a revolta rifeña, se ben os seus artigos xornalísticos non deixan dúbida das súas simpatías entre as forzas en contenda, representando ao mesmo tempo un testemuño de grande interese sobre a brutalidade da guerra e do colonialismo, así como de defensa dos valores da paz e dos dereitos dos pobos. A finais dos anos 20, bolseiro das Deputacións galegas, pasa varios anos en Europa, visitando Francia, Bélxica ou Holanda, se ben, anteriormente en 1926, se asenta como mestre en Cariño, onde substitúe no cargo outro home das Irmandades, o poeta Vitoriano Taibo. Deses anos en Ortelgal dá conta Don Ramón Outeiro Pedraio, nos seus *Pelegrinaxes*, onde recolle a viaxe que o de Trasalba, o noso home e Risco fan ao Santo André. Aínda que vinculado ao grupo ourensá, participa en 1927 da recepción que a Irmandade da Fala da Coruña lle organiza en Sada,

a un novísimo cadro sindical emigrado en Arxentina camiño da conferencia da OIT de Xenebra, Ramón Suárez Picallo, que, naquela altura, xunto a Blanco Amor e Eliseo Pulpeiro, impulsaba a revista *Céltiga*. As circunstancias internas que tocou vivir ao nacionalismo na segunda década do século, marcadas pola división interna entre o grupo da Coruña e o resto das Irmandades, a persecución ao que foi sometido o nacionalismo galego pola ditadura de Primo de Rivera e a súa propia situación persoal con continúas estancias fóra do noso País, poden sacar relevo á súa traxectoria militante neste período. Agora ben, o Xosé Ramón e Fernández Oxea era unha referencia no campo do nacionalismo, até o punto de que o seu fiel secretario nas tarefas de dirección do Partido Galeguista de Lugo, o escritor Ánxel Fole, deixou escrito que na Galiza dos anos 20 era considerado “un daqueles 20 ou 30 galegos 100% como Castelao, Risco, Vilar Ponte ou Otero.”

O seu retorno a Ourense en 1930, após a experiencia Europea, coincide cun novo tempo político de máis activismo como consecuencia da caída de Primo de Rivera, o que favorecía maiores espazos de liberdade, e as perspectivas que se abrían co horizonte dunha mudanza de réxime que ben cedo se verían plasmadas coa proclamación da República. Este novo contexto obriga a unha reorganización do nacionalismo, tanto no proceso de concentración e formalización dos grupos existentes, naquela altura dispersos, como na necesidade de achegarse e organizar novos sectores sociais e, por suposto, de fixar unha alternativa programática clara, algo que fai Risco c’O *problema político de Galiza*, sen esquecer a preparación da loita electoral que se viña enriba. Ben-Cho-Shey aparece xa en 1930 na directiva da Irmandade de Ourense. Nese mesmo ano tórna-se habitual a súa presenza como orador nos grandes actos de masas do nacionalismo (Maceda, Allariz, ou O Barco, etc.), participando xa en 1931 como fundador e directivo do Partido Nazonalista Republicano de Ouren-



Mitin na Barreia, en Carballo, na campaña a favor do si no plebiscito do Estatuto de Autonomía, do 21 de xuño. Intervén, vestido de branco, Vicente Bóveda –irmán de Alexandre e Secretario de Organización da Federación de Mocidades Nacionalistas. Á súa beira están, entre outros, Ánxel Fole –Secretario de Organización do Partido Galeguista en Lugo-, Francisco Domínguez –Presidente do sindicato agrario da Barreia- e Xosé Díaz Vilamil –xefe de Izquierda Republicana en Lugo e fusilado tras o golpe de estado

se, polo que saíra elixido Deputado nas cortes constituíntes Don Ramón Outeiro Pedraio, e acudindo a finais dese esperanzador 1931 á Asemblea de Constitución do Partido Galeguista en Pontevedra que volvería a unificar o conxunto do nacionalismo. Centrado en cargos de responsabilidade orgánica, fai parte da directiva do Grupo de Ourense, que presidía Peña Rei, e do Consello do Partido, desempeña un papel determinante na articulación do movemento das Mocidades e dos Ultreia na Provincia, como se recolle na súa correspondencia con Xosé Velo e Álvaro de las Casas, toma a palabra nos sucesivos Mitins das Arengas, son habituais as súas conferencias de formación política nos

diversos grupos nacionalistas que se ían constituíndo nas diferentes localidades da xeografía ourensá e tócalle vivir, como ao conxunto do nacionalismo, a decepción que representa o novo réxime para as arelas do noso pobo. Após aprobar as oposicións de Inspector de Primeiro Ensino, trasládase a Lugo a finais de 1934, onde pronto pasa a ocupar a Presidencia provincial dun residual Partido Galeguista. Lugo terra hostil para o nacionalismo, até o punto de os dirixentes do mesmo se referiren a esta Provincia como “O Úlster galego”, verá como en breve comeza un proceso de activación do Partido coa organización de novos grupos (Friol, Muras, Lourenzá, Vilalba, Meira, etc.), que se sumaran



aos xa clásicos de Viveiro, dirixido por Vilar Ponte, Parapar e Cerdeiras; Ribadeo, agrupado arredor de Pérez Prieto con xente das Irmandades incorporadas en 1928 por Víctor Casas; Mondo-

ñedo, articulado entorno á revista *Galiza* e liderado por Álvaro Cunqueiro; Terras de Chantada, dirixido por Francisco Domínguez e do que facía parte o Sindicato Agrario de Carballedo;

Comarca de Sarria, con particular presenza en Láncara, cun grupo xuvenil moi numeroso organizado por Ramón Piñeiro; e na zona de Lemos, onde o intenso traballo dos irmáns Saco foi quen de organizar delegacións, a máis de Monforte, na maioría dos concellos do contorno. O labor do noso home deixou pegada na zona centro de Lugo, xa incorporado ao Comité Executivo Nacional do Partido, organiza as mocidades, onde aparecen os nomes de Piñeiro, Lourenzo Varela, Pedro González ou Figueroa, formaliza as estruturas do nacionalismo na cidade, esfareladas após a marcha de Don Ramón Martínez López, ao incorporar novos cadros como Fole, Aller, Xosé Pimentel ou Servando de la Ballina e ao activar outros como Álvaro Xil ou Antón e Xosé Fernández, até facer do nacionalismo unha forza eficaz e con progresiva influencia, como se observa na campaña do Estatuto. Sería inxusto non mencionar aquí a importancia pública que cobra a súa figura ao longo da mesma, pasando o noso home a ser un dos tres que conforman a santísima trindade do galeguismo, como afirmaba Fole, posto que, xunto ao autor de *Á lus do candil* e Aller, representan na case totalidade dos actos públicos. Noutra orde, debemos destacar a nula repercusión que a ruptura de Dereita Galeguista terá en Lugo, a pesar da presenza na cidade de Filgueira como profesor de ensinanza medias. Iso si, Ben-Cho-Shey, unha persoa incapaz de falar mal de ninguén, non lles perdoará, como testemuñou en conversas e por escrito que, coa ruptura, puxeran indirectamente no punto de mira da represión no 1936 aos que ficaron no Partido por definilos por pasiva. Aínda así, a súa xeira luguesa non foi doada e estivo chea de conflitos co resto das forzas que facían parte da Fronte Popular que daba as costas de xeito reiterado ao Partido Galeguista, até o punto de excluílos das listas para as eleccións de febreiro de 1936 para incorporar os centristas de Portela Valladares, e que tiña o seu correlato

Asistentes e intervención o 11 de xuño de 1936, na praza Maior de Lugo, no mitín a favor do Estatuto de Autonomía. Na fotografía superior fala Lois Peña Novo, fundador das Irmandades da Fala, primeiro concelleiro nacionalista en Galiza, e na inferior fala Gumersindo Montero, un dos escasos membros do PCE que daba os mitíns en galego e que remataría exiliado en Arxentina



cunha relación a cada paso máis tensa coa propia dirección do Partido que o acusaban de dogmatismo e que leva mesmamente a Ben-Cho-Shey a pór o seu cargo á disposición de Castelao e Bóveda.

O Alzamento militar fascista colle a Xosé Ramón e Fernández Oxea en Lugo, o que marca para el o inicio dun período de persecución que comeza pola súa suspensión de emprego e soldo con orde de reclusión na casa de Ourense e o seu posterior desterro a Cáceres en 1937. Iniciábase aquí a súa xeira española que o levará tamén a Toledo e a Madrid, sen abandonar por un momento a loita nacionalista. Na década dos 40, participa desde o primeiro momento na reorganización do nacionalismo na clandestinidade, como acredita a correspondencia con Otero, converténdose no apoio máis dilixente e entregado aos galeguistas presos, pasando e sacando cartas do cárcere, levando comida e conversa aos detidos ou ocupándose do roupeiro e da lavandería de Piñeiro ou dos Saco. Non houbo actividade galega, naquel Madrid dos 50, 60 e 70, na que estivese ausente, como unha sorte de embaixador, que tanto valía para cubrir coa bandeira que nos é propia a viúva de Castelao, como

para homenaxear Rosalía, Pimentel ou Cabanillas en actos organizados por *Brais Pinto* ou atender a caseta de Galaxia na Feira do libro madrileña, onde se vendían aqueles libros que el mesmo previamente pasara pola censura. Aínda así, nada o encheu tanto, como colaborar das actividades da sección galega do Clube de Amigos da Unesco, dirixida por Bautista Álvarez, onde impartía puntualmente todos os domingos aulas de galego e se fundía con mozos como Lois Diéguez, Pilar Allegue, Vicente Vázquez, Xavier Baixeras, Carme Graña, Lino Ventosinos ou Xoán Soto para descubrirlle o País. A súa militancia partidaria rematou o mesmo día que liquidaron o Partido Galeguista. Porén, xa desaparecido este, como testemuñou o pintor de Goián, Xavier Pousa, que exercía de correo, remitía a Don Ramón nomes de mozos do Fato Castelao, os Almoína, os Alonso ou Jaureguizar como posíbeis novos afiliados. Nunca compartiu esa decisión, el que coñecía de primeira man os debates entre a xente do interior e do exterior. Non é casual que fose o único galego, xunto a Otero, a quen Prada remitiu carta para darlle conta da morte de Castelao ou a primeira persoa coa que se reuniu Abreira, na súa visita a

Galiza tras a morte do de Rianxo por orde do Consello de Galiza. Ficolle sempre a dúbida sobre o que agochaba Piñeiro após saír do cárcere, cando tras ofrecerlle Álvaro Xil, Penzol e mais el axuda para seguir adiante, o de Láncara contestoulles que “el tiña outros plans.” Fosen os que fosen os plans do inquilino de Xelmírez 15, o noso Xosé Ramón e Fernández Oxea, negouse a participar do PSG, mentres colaboraba coa sección madrileña da UPG agochada tras a fachada do Club de Amigos da Unesco. Afirmábase con malicia nos círculos galeguistas de Vigo e Compostela que o Ben-Cho-Shey era unha sorte de crego preconiliar, e se cadra era certo, porque a súa igrexa era a de Bóveda e Castelao, non a de Piñeiro de Sabell, e os seus evanxeos os da tradición nacionalista, xa sintetizada no *Sempre en Galiza*, non os libros apócrifos inspirados na filosofía alemá. Morreu en Madrid en 1988, tras uns últimos anos durísimos no persoal, e foi enterrado no esquecemento en Ourense, coa presenza duns poucos amigos fieis como Bautista Álvarez.

Coincidindo co 75 aniversario do seu desterro ou –para ser máis preciso– do inicio do seu exilio español, quixemos traer ás páxinas de *Terra e*

Misa por Rosalía en San Domingos de Bonaval, Compostela, o 25 de xullo de 1955. Entre outros, Otero Pedraio, Xesús Ferro Couselo, Domingo García Sabell, Ramón Martínez López, Xosé Ramón e Fernández Oxea, Xaime Illa Couto, Xosé María Castroviejo, Francisco Del Riego, Valentín Paz Andrade, Manuel Peña Rey, Uxío Novoneira, Manuel María, osé Mosquera Pérez, Fita Bustamante, Caamaño Bournacell, Ramón Cabanillas (fillo), Sebastián Martínez Risco, Luís Viñas Cortegoso, Leuter González Salgado



Tempo unha escolma de textos de Xosé Ramón e Fernández Oxea, neste caso inéditos, na dupla intención de contribuírmos á rehabilitación da figura do seu autor, mais fundamentalmente de divulgar os debates políticos que se deron no nacionalismo que nos precedeu e a vontade das xeracións anteriores de dotaren o noso movemento dun corpo doutrinal de seu que, posteriormente, será a base sobre a que se articula o nacionalismo contemporáneo a partir dos anos sesenta. O primeiro dos traballos é unha conferencia que, so o título dos *Movimentos nazonalistas na Europa actual*, se pronunciou en Maceda en xullo de 1931, e o segundo é unha carta, até agora non publicada, remitida polo Presidente do Partido en Lugo ao Secretario Político nacional, Daniel Castelao. Un terceiro texto, datado en novembro de 1944 recolle os criterios que segundo o noso home debe rexer a política de selección de cadros do Partido Galeguista na etapa da clandestinidade, analizando os criterios que deben cumprir os dirixentes así como os debates que se vivían naquel momento entre os nacionalistas do interior. En definitiva, estamos diante dos documentos dun dirixente partidario, dun home que “reflexiona para a acción”, que diría Lenin, e, xa que logo, cunha vocación teórica sen motivacións ornamentais e aínda menos academicistas, senón que partían da necesidade de dar corpo á acción concreta, en definitiva un *modus operandi*, que chega a hoxe na obra dos seus continuadores, esta directamen-

te vinculado á vontade do movemento nacionalista de ser útil e incidir na realidade práctica. A lectura dos documentos que poñemos á vosa disposición daranos unha imaxe non deformada do que fomos e do que somos, unha visión precisa dos núcleos centrais do que foi o nacionalismo nas primeiras décadas do século XX e tamén como os núcleos reitores daquel movemento seguen a ser os do nacionalismo de hoxe, en definitiva que contamos cun pensamento de nos, que o proceso de definición ideolóxica respondeu a aquilo que escribira Mariátegui, “nin calco, nin copia”, e que o galego, ao igual que a totalidade dos movementos de liberación nacional do mundo, tomou como punto de partida os seus clásicos, “os nosos admirados populistas”, que diría Frantz Fanon, ou, se quer doutro xeito, tal como afirmaba Bautista Álvarez, na sesión de apertura do XII Congreso da UPG: “Se os cubanos ao lado de Marx puxeron a Martí, nos colocamos a Alfonso Castelao”.

Non é a nosa intención demorar máis a lectura destes documentos, do que estas liñas non son máis que un mero introito. Mais reparade, iso si, como os nacionalistas dos anos 30 cuestionaban xa o proceso de construción europea que xa estaba na axenda política do momento, a simpatía coa que ollaban para a Revolución soviética, o carácter interclasista e frontista do Partido, mais cunha clara orientación de esquerdas e, no caso do noso home mesmo comunista, a caracterización do internacionalismo e a crítica

á súa concepción abstracta cando non se vincula ao nacionalismo, a consideración do nacionalismo como un movemento emancipador vinculado a un proxecto de transformación social cuxo suxeito deben ser as clases populares, a definición da Galiza como nación e, por conseguinte, o seu dereito a soberanía, e a defensa férrea do idioma, como elemento central do noso carácter nacional. O idioma será unha preocupación constante no actuar de Ben-Cho-Shey, cuxa practica si foi monolingüe, tanto na dirección de gañar novos espazos para o uso do idioma como na preocupación por un uso correcto do mesmo, preocupación que o levou a ser a primeira persoa que publicou un artigo en lingua galega na prensa do Estado após o alzamento fascista, concretamente o 25 de abril 1947 en *La Noche* de Compostela. O nacionalismo galego ten todo un patrimonio doutrinal en bo estado hoxe agochado presto para o uso, ferrados de sapiencia dos nosos devanceiros contrastados na práctica política abandonados por descoñecemento, fanegas de experiencia acumulada que fan vellas as achegas da politoloxía de hoxe, elaboracións teóricas cheas de actualidade esquecidas por soños dunha noite de verán, elaborados co copiar e colar do último berro da intelectualidade de moda. Nós, como Suárez Picallo en carta crítica a Piñeiro, afirmamos que: “Non é posíbel a galeguización da nosa patria se non lle achegamos aos nosos compatriotas as ensinanzas dos que nos antecederon na loita” ■

Ben-Cho-Shey

Os movementos nacionalistas na Europa actual

Conferencia de xullo de 1931

Grande é o desacougo que o meu espírito sinte o chegarme a falarvos dende esta tribuna, pol-a que tantos homes de mais sabencia que eu teñen desafiado.

De certo que é ben grande o meu atrevemento; incomprendible si se ten en conta a enorme difrencia que hai entre o público culto que me escoita y-a miña cativeza e falla de preparación.

Si o vir eiqui hoxe matinales ouvir unha grande peza oratoria, ou tedes mentes de escoitar unha conferencia chea de erudición, ou adornada con magníficos floripondios literarios, confésovos dende agora mesmo que vindes trabucados. Eu dareivos o que pode dar de si un escolante rural, un home de espírito curioso e de corazón acugulado ó amor á nosa Terra que se daría por moi satisfeito si fora capaz de podervos transmitir un anaco de emoción galleguista que garda no seu peito; si tivera a virtude de contaxiarvos o fervor conque sinte a causa da resurrección de Galicia.

Galicia, esta nosa terra tan querida e tan aldraxada por propios y-estranos; esta nosa nai que logo vai deixar de ser a borrallenta pra porse a cabeza de total-as nacionalidades peninsulares pol-o esforzo y-o agarimo dos seus fillos que por ela loitaremos e pra ela temos de conquistar os dereitos que no devalar dos séculos lle foron roubando.

Mais pra eso compre que todos fagamos un esforzo, que todos poñamos a contribución a nosa vontade e que traballemos e loitemos con fé cega, con fé ardente pra conquistar a redención de Galicia que en cabo ha de ser a nosa propia redención.

Levamos catro séculos de asoballamento, catro séculos de colonización, catro séculos de un constante dispregio da nosa fala, do noso traxe, das nosas costumes, dos nosos produtos. Y-é preciso que esto se acabe como se acabou na Irlanda, na Polonia, na Ukrania y-en total-as nacións



Público asistente ao mitín no Concello de Taboada, na campaña do "Si" polo Estatuto de Autonomía, celebrado o 7 de xuño de 1936

europas que hoxe gozan de liberdade gracias a loita constante dos seus fillos, que non recuaron nin ante o sacrificio da vida.

E porque a historia do istes movementos libertadores das nacionalidades europeas é tan exemplar, quéroa taguer eiqui pra que nos sirva de modelo, pra que si na loita que temos que soste cos intereses creados en defensa da liberdade de Galicia padecésemos mágoas e sofrisemos persecucións, nos lembremos do moito que loitaron e padeceron os pobos que, sendo hoxe libres, viviron días amargurados de tiranías feroces e imperialismos asoballadores. Pra que non coidedes que nos somos un caso único no mundo, e pra que deprendades que os pobos que teñen alma, os pobos que aman a súa lingua y-as suas tradicións, os pobos con espírito cidadán, faise-lles xusticia e reconócenselles os seus dereitos, sempre que sexan capaces de sabelos esixir.

Eis o remedio. Ter concencia dos dereitos de cada un e facelos respetar.

Esto é o que cabo de moitos anos de costante loita conqueriron todolos pobos europeos que hoxe gozan da plenitude dos seus dereitos.

O falar de todas e cada unha de istas nacionalidades ocuparía un tempo do que non podemos dispoñer, e por eso limitareime a aquelas que, por estar mais preto de nos, pol-a analoxia das circunstancias políticas e xeográficas en que se desenrolaron nos merecen mais intrés, e tamén porque con ocasión dos meus viaxes son as que conozo millor y-as que poiden observar de preto dándome conta do fervor y-o entusiasmo que os seus fillos puxeron na conquista das súas reivindicacións históricas e cívicas.

Bélxica, esa pequena nación que foi pasmo do mundo pol-a heroica resistencia que durante a Guerra europea soupo opoñer o militarismo alemán, é un estado composto por

Nesta páxina: Ramón Piñeiro, Lugrís, Ben-Cho-Shey e Pura Vázquez. Na páxina da dereita, fotografía feita por Ben-Cho-Shey no Val do Mao. A 1ª á esquerda é a súa muller, Isabel Algarra; o seu anfitrión, Eugenio Campo, coa súa familia



dous pobos de raza e fala diferentes: o walon y-o flamenco.

Fai agora un século o Estado belga quedou constituído por obra e gracia de esa gran argalleira universal que se chama a Diplomacia. Mais dende o primeiro día viuse que aquilo era unha cousa artificial e foron os flamencos os que, considerándose preteridos trataron de recadar para a súa lingua igoaldade da dereitos co a francesa que é a oficial do Estado.

O problema pra os flamencos tiña grandes analoxías co noso. En Flandes os señoritos tiñan por mais fino o falar francés, y-os burgueses despreciaban o flamenco porque dicían que era o lengoaxe dos traballadores e dos criados, que ven a ser o mesmo que nos acontece a nos cos ricos analfabetos e cos señoritos cursis que pasean a sua vagancia pol-as ruas das nosas vilas e cibdades. ¡Tampouco lles serve o galego pra espoñer as grandes ideas que lle brincan nas suas testas valeiras!

Pro esto non foi reparo pra os patriotas flamencos, non que, servíndolle de aguillón, estimulounos a seguir loitando pol-o trunfo dos seus ideás que pouco a pouco foron ganando terreo nas esferas oficiaes.

Asi no ano 1850 conqueriron que se lle eisixise o coñecemento do idioma flamenco os empregados provinciais de Amberes; catorce anos mais tarde tiveron iste mesmo trunfo no municipio amberés, y-o ano seguinte xa lograron que o flamenco fose declarado idioma oficial na provincia de Amberes.

Non se pararon eiqui os defensores da causa flamenca e por aqueles dias veu darlles a razón un emocionante erro xudicial que se cometeu con dou paisanos flamencos. Acusábanos de un crimen tremendo e compareceron diante do tribunal que os habia de xuzgar. Ningún dos dous acusados sabia o francés e d'iste xeito non poideron entender o que decían o Presidente, o Fiscal y-os defensores.

Rematou o xuicio oral e foron condenados a morte. E cando xa se habia cumprido a triste sentenza, velei que se presenta o verdadeiro culpable confesándose autor do crime.

Ante a terrible inxusticia ergueuse todo Flandes n-un formidable movemento de protesta e pideu enerxicamente o uso da lengoa flamenca nos tribunales do país. A razón impúxose os gobernantes e dende entón ordeouse que nas causas criminales se usase o idioma do acusado.

Diante de iste feito histórico, sucedido n-un país de condicións lingüísticas parellas o noso, eu pregunto: ¿Cantos erros xudiciales se terán cometido nos tribunales de xusticia galegos? ¿E que todos nos non coñecemos anécdotas de trabucamentos nos interrogatorios a que son sometidos os nosos paisanos por funcionarios que desconocen a nosa lengoa? ¿Podríamos asegurar que adeministran xusticia os xueces que non entenden a fala dos testigos e dos procesados? Velai un dos grandes argumentos en favor da reivindicación da nosa fala.

Os flamingants souperon aproveitar a ocasión que se lle presentou, e dende aquela as victorias fóronse sucedendo mais apresa do que iles mesmo podían matinar. Primeiro esixíuse-lle o coñecemento do flamenco a todol-os funcionarios públicos de Flandes; logo fíxose usual nas escolas a lengoa flamenca; despois estableceuse o ensino de ela nos Institutos; mais tarde declarouse obligatoria en todo o país, e, derradeiramente, adoptouse o bilinguismo nos Tribunales, fundouse unha Academia de Lengoa flamenca e crearonse teatros adicados a representar obras no idioma do país.

Non cabe dúbida que a loita foi grande e continuada, en fin de contas os flamencos viron o trunfo dos seus ideais hoxe, por calqueira parte de Flandes que se vaia, pódese ver como o idioma flamenco ten igoaldade de trato co francés.

Eu poiden ollar como n-aquil país os letreiros das oficinas, dos edificios



públicos e hastra os das rúas están escritos nos dous idiomas; as moedas levan inscricións nas dúas lengoas; o xornal oficial que fai as veces da nosa Gaceta, imprentase a dúas columnas: unha en francés y-outra en flamenco, y-en fin, hasta os oficiais do exército belga se lles esixe que sepan falar o flamenco.

Hai en terras de Flandes tal amor e devoción pol-o seu idioma que chega a contaxiar as persoas alleas o país. Eu lémbrome agora de un feito que presenciei na incomparable e poética cidade de Bruxas. Celebrábase un concerto n-un magnífico xardin de aquela vila de engado. A música era a dos Exploradores, y-arredor do templete apretábanse centos de persoas que escoitaban con intrés as pezas que tocaban os rapaces. A o final a música deu en tocar unha especie de marcha, y-eu vin como todas as cabezas se descubrían, como as xentes se erguían das cadeiras en que estaban sentadas y-as caras se transfiguraban. Eu mesmo fiquei parado e candoaquelo rematou aplaudin como eles, e con tal calor o fixeron que a música repetiu. Entón crebouse o silencio y os espectadores romperon a cantar; eu non entendía o que cantaban, pro había tal forza n-aquelas voces, puñan no canto unha fé y-un entusiasmo tal que me sentin arrebatado.

Pregunteille a un home novo que estaba a miña veira e coa voz rota pol-a emoción díxome somentes: ¡É o himno!

Confésovos que se me engradaron os ollos e que n-aquel intre as miñas lembranzas viñeron eiqui, a esta nosa terra pra a que eu desexaría unhos fillos que a confesasen e a defendesen con aquilo fervor.

Pro con ser significativo este feito aínda me reservaba outros mais emocionantes a cidade dos lagos y-os canles embruxados.

E costume nos países do Norte da Europa de dar concertos co as campañas que gardan as outas torres das catedrales ou dos *befroi*. O de Bruxas é un dos millores do país e vese en toda a chaira de Flandes. Con ocasión das festas do Toisón de ouro poiden presenciar un dos espectáculos mais arrepiantes de emoción que vin na miña vida.

O carrillón do *befroi* daba un concerto de música escolleita que abundaban as composicións do país; a inmersa plaza que se abre os pés estaba ateigada de un publico que escoitaba con relixiosa unción os sons que do outo da torre descían sobre as nosas cabezas en singular bautismo musical. O estridor das trompetas misturado co a suavidade das voces y-a dozura das campañas facía un conxunto de unha harmonía maravillosa. Houbera un desexado rubir o ceo envolto n-aquilo sudario impalpable. E cando o ánimo estaba xa preto do éxtasis velai que o *befroi* aparece roxo, como si un incendio terrible o fose devorar. A campana solemne soaba maxestosa como pedindo auxilio, y-o carillón, axudadas



trompetas y-arrepuxada pol-as voces da xente que enchía a plaza, entoaba o himno flamenco. Endexa-mais agardaba ver un cadro de maor grandeza, nin que mais fundamente fora o meu ánimo. Aquelo era a voz de Flandes que tomaba corpo, e rubia o ceo como unha oración, como unha demanda; cando un pobo sabe sentir así, cando un pobo sabe cantar de iste xeito, Dios escoitao, y-os homes fanlle xusticia.

Foto de mediados dos 60, na Casa de Campo de Madrid após un acto reivindicativo a favor da liturxia en galego na que están presentes, entre outros, Ben-Cho-Shey e algúns militantes e simpatizantes da UPG en Madrid como Carme Graña, Reimundo Patiño e María, Manolo Conde e Cuqui, Xosé Soto (Pepiño da gaita) e Mari, Bautista Álvarez, Lois Diéguez, Vicente Vázquez, Pilar Allegue, Fernando Campos e Sabela Pita



O amor a lingua vernácula e tal en terras de Flandes que, nas escolas de anormales, emprégase o uso do flamenco con exclusión de todo outro idioma. Eu vin y-escoitei falar en flamenco as nenas xordo-mudas do Colexio de Amberes, xordomudos de Bruxas y-os anormales de Gante. Quizais esto vos pareza unha eisaxeración, pro a verdade é que nas escolas de xordomudos, nas de cegos e nas de anormales mentales tanto de Bruxas, como de Gante, como de Amberes o ensino faise na lingua nai, que é a mais indicada baixo o punto de vista pedagóxico, moito mais si se ten en conta que os anormales, por iste feito, son seres mal dotados; individuos que teñen en deficit as suas facultades e que pol-o tanto son capaces de un menor esforzo. Si este pequeno esforzo se emprega en ensinarlles un idioma que non han de falar na sua casa unha vez saídos do colexio, perden o tempo os rapaces y-os mestres. Esta razón que guiou ás autoridades belgas pra prescindir do francés no ensino dos anormales, debía ser tida en conta pol-os nosos governos o legislar n-esta materia, pois o ensinar a falar en castelán a un neno xordomudo que vai a vivir toda a súa vida n-unha aldea da nosa terra, é conde-

nalo o aislamiento e facerlle faguer un esforzo inutil.

Deciavos denantes que un dos meios e que se serviron os flamencos para o espallamento y-o ennobrecemento da sua lingua foi o teatro. Y- agora lémbrome de outro espectáculo que ollei n-unha das vilas flamencas de mais enxebrea.

Camiñaba eu sin rumbo pol-a encrucillada de ruas cheas de engado e recendentes de poesía; a cibdade somellaba deserta, y-escoitábase o ecoar dos meus pasos devolto pol-os muros que outrora foran testigos das falcatruadas dos soldados españoles; n-unha reviravolta, que ameazaba ser canella sin saída, dei con unha praza mistura de bosque e de xardin, atei-gada de unha xente tan quedifia que se podían tomar por figuras de cera de algún museu. Tal era o silencio y-a devoción con que estaban. Calqueira houbera matinado haber dado n-un espectáculo relixioso; y-algo había de esto. Aquela praza era un teatro da natureza onde mozos e mozas da millor sociedade representaban a tal hora unha peza dramática pol-o estilo dos autos sacramentales. A representación facíase en língua flamenca, asegún poiden saber, os artistas eran membros de unha sociedade de

amigos da fala. Puxeron aquela tarde varias obras de curta duración e de grande intrés, y-o final da festa o público ergueito e co meso entusiasmo que xa tiña visto outras veces, rezou millor que cantou aquel himno que por todo Flandes me saia o camiño como unha manifestación da conciencia flamenca e como un exemplo a imitar en Galicia.

Somentes contando con un espírito cibdadán como o que teñen estes pobos, que con tanto coidado saben gardar y-esixir os seus dereitos, se pode chegar a un trunfo total das ideas, y-este tivérono os flamingants co a flamenquización da Universidade de Gante que n-istes derradeiros tempos apasionou o pobo belga.

Faleivos hasta d'agora do movemento nacionalista flamenco cuia principal arela, ou millor dito a única, estriva na reivindicación da sua fala postergada oficialmente polo francés; pro vos ben saberes que as nosas aspiracións galeguistas non se reducen o problema importantísimo da fala. Non, nos que debemos gabarnos de conocer millor que os políticos seu-dogalegos as necesidades do noso país, sabemos que ademais da cuestión do idioma hai a cuestión agraria, y-o problema mariñeiro, y-a sangría

emigratoria, y-a falta de comunicacións, e a desigualdade sanitaria, y-a carencia de transportes pra os nosos gandos y-os productos, e mil e mil anqueiras mais que todol-os días se repiten ante a indiferencia dos gobernos centralistas, e que somentes se poden resolver de un xeito lóxico con un criterio exclusivamente galeguista.

Mais denantes apuntar solucións compre que vos reseñe brevemente o calvario de outra nación oprimida, de unha nación celta como a nosa, de chao verdecente como o noso chao, e a cuias costas bretemosas chegan alentos da saudade galega envolvementos nas tépedas ondas da corrente mariña do Gulf Stream. Falo de Irlanda, da mártir das nacións, do país que centos de anos denantes do nacemento de Cristo foi poboado por xentes saídas de Galicia a cuio fronte iba o caudillo celta Milesius, fillo de Breogán.

De este pobo de quen dixo Goldwin que ten a historia mais triste de total-as historias, xa que durante sete séculos non foi mais que unha serie ininterrumpida de loitas, matanzas, asesinatos, malos gobernos, guerras civís, asoballamentos e miserias.

Irlanda, que foi a esclava de Inglaterra hasta os nosos días, pelexando pol-a súa liberdade tiña planteados tres problemas decisivos na súa existencia como nación: a fala, a relixión y-a propiedade agraria.

Fixareime agora somentes no derradeiro, pois é o que ten mais parecido co a situación agraria de Galicia, e de que, pol-o tanto podemos sacar mais ensinanzas.

Inglaterra, domiñadora da Irlanda, impúxolle a esta un réximen de esclavitude y-oprobio. Os irlandeses católicos foran desposeídos dos dereitos relixiosos, civís, políticos y-económicos.

As confiscacións tiñanlle arrincado os irlandeses a propiedade das súas terras. Os labregos de Irlanda eran simples arrendatarios da terra que traballaban, e tiñan que reconecer como propietarios os señores ingleses a os que tiñan a obriga de pagar fortes sumas pol-a renda. De iste xe-



Centro Gallego de Madrid, 11 de xuño de 1966: estrea de "A comedia da oliña" polos alumnos do curso de galego. De esquerda a dereita, sentados, Luís C. Coello, Xosé García Caral, Mariano Martín García e María del Sol Vázquez Varela. De pé: Xosé Ramón e Fernández Oxea, Tito Vázquez, Pilar Allegue Agüete, Ayuco (xaponesa), Xosé Roca López, Pilar Torres Baamonde, María Luísa Vide Ocampo e Gonzalo Araujo

to os labregos irlandeses traballaban somentes pra facer ricos a os nobles ingleses. Por si fora pouco aínda tiña que pagar diezmos a eirexa protestante, a pesares de non sela súa.

Os señores podían botalos das terras por calqueira motivo, valendose de leises inxustas e inicuas.

Esto foi a causa de unha grande miseria e de que en vinte anos houberese catro longos periodos de unha fame desoladora. A fame abriulle paso a desesperación, y-os labregos xa fora de si botáronse sobre os seus tiranos e deu comezo unha era de terror que trouxo como resultado a fuxida dos señores ingleses a súa terra.

Un xornal de aquil tempo xuzgaba a situación de Irlanda decindo: "Os crímenes agrarios irlandeses foron o resultado inevitable, non de unha dosis de pecado orixinal na natureza humana dos irlandeses, sinon de un perverso sistema de goberno, que se negou a escoitar as reclamacións legais. Os crímenes agrarios son, polo



tanto, a resposta salvaxe da natureza humana, asoballada y-aldraxada hasta mais a dos límites que pode resistirse. As mesmas causas habrían producido idénticos efectos en calqueira país da Europa".

A lección foi dura pra os ingleses, pro a pesares de isto cabe preguntar: ¿Houberan trunfado na súa xusta rebelión os agrarios irlandeses de teren estado solos? E mais que probable que non. Pro entónces xurdiu o movemento fenian que foi outro movemento de desesperación polo que os fervientes e abnegados patriotas irlandeses véndose xa impotentes pra sacudiren de riba de si o xugo inglés, cansos xa de persecucións e asoballamentos, lanzáronse como bichos acorralados, pol-o camiño do terrorismo e da venganza, nin recuando nin ante o crímen.

Os fenianos habíanse proposto aterrorizar os ingleses facerlles pagar con sangue os dolores da probe Irlanda, pra elo non reperaron en medios queimando edificios, provocando cando motins, poñendo bombas e asesinando ingleses.

Do outo espírito que guiaba os fenianos, e da súa grandeza de miras da idea o xesto incomparable de Allen, de Larkin e de C'Brien cando subiron o patibulo donde foron executados por haber acometido a policía de Manchester. Denantes da súa morte dirixíronse o tribunal que os xuzgou y-en actitude serea, digna e valente dixéronlle: "Idenos mandar a presenza de Deus: estamos preparados pra

A nosa posición política

DIANTE DAS ELEIÇÕES

Explicación inexcusable.

Ainda non é tarde para fixar a nosa posición política diante das eleccións próximas. Pero, en todo caso, a demora en facela pública viulle imposta a este «Grupo» pol-a necesidade de agardar as resolucións definitivas do «Comité Central do Fronte Popular» e da nosa Consello Executivo Nacional. An fin aquel, logo da desautorización que nos consta, prefería «sinorar» o pacto elaborado por unha parte do bloque de esquerras, I-o Centro; Partido político «ad hoc» pra ser estrenado nestas eleccións.

Esta explicación, pol-o que foi o tempo en que se produciu este manifesto. No que respecta a utilidade que «chuxa», ha de saberse que non tivemos sesión pra denunciála denantes, porque o «Comité local do «Fronte», nin xiquira convocou ao noso «Grupo» a precipitada xuntanza en que, ao parecer, se consentiu o acordo centro-esquerda. Todo elo, non embargantes tévenos distribuído un posto na coalición lucente, según fixeron públicos os xornais e lle foi concretamente ordenado ao «Presidente de Izquierda Republicana»; orden recibído e non comunitado, conforme ao traslado que lles no noso poder.

Proceso íntimo dun acordo.

Non nos propoñemos airesar neste documento deslealdades cometidas con noso. Non é o íntimo, nin o lugar. Ademais non somos nos dos, que levamos ao quinteiro os pleitos cativos, nin dos que fuéramos das resacas domésticas todo o actuar programático. As xentes coñecen dabondo todo o pintoresco proceso íntimo levado en col dinda cobiza personal, que, sin dúbida, estíma indispensable, pra porvir da República e pra salvación de Galicia, a súa presenza no próximo Parlamento.

Sexa. Somentes nos compro agardar afervoradamente o triunfo dos candidatos de esquerda e despois xurdir oxeivamente a gran labouza parlamentaria que seguramente desenvolverán os que, tendo a obriga de inaugurar un novo xullo político, adquirena a mais indispensable de interrompir a tradición de deputados turistas e xordomados que, fai máis século, vézulle proporcionando unha triste souna a nosa provincia.

Unha candidatura única.

Na turba misturanza dunha candidatura única, que nin se cuidou, con pudor mínimo, de rematicar procedencias, nin diferenciar filiacións; na compañía do Ilustre Ministro de Berenguer e de algún outro campión do transfuguismo, van os esquerras-cinguidos a inédita ideoloxía do Centro—a ganar nesta provincia batallas de decencia política, amosando rubros anticaricuis e quimándose os beizos con verbas de sapeta galegitude.

Está ben. Na loita contra un caciquismo luente, que principalmente subsistieron—compre non esquecerlo—compungos cómodos e alternas alianzas e rompimentos da oposición de oxe, todos demandamos un posto ao sol. O «Partido Galeguista» venno ocupando desde o primeiro instante en que alonxon, dica Lugo, o seu programa de acción, cando os outros atacaban con reservas ou calaban con prudencia. Pero esta é unha cousa, e outra—moi outra—que a asta que linxo soste a bandeira común, sexa somentes pendelle que cubra a mercadería dunha máis comenza partidista.

Esto, por unha banda. Pol-a outra, pouca fé poden inspirar os berros de foita anticaricuis gañados pol-os vástagos de aquelas subcraques que forma a raíz natricia—dica oxe é un sabemos si mañán—do albre da Boa Nova, que agora se pretende esfolar.

A sinceridade dos propósitos.

Non queremos dúbida da sinceridade de ningún propósito digno. Mais tampouco, en tanto non academos a experiencia do que se vai a ensaiar, non poderá confiarse dabondo naquela sinceridade. Nin se poderá evitar que o pobo, arquivador dos bilaterales antecesentes políticos, abra sospeitas lexifimas.

Unha d-elas é, por de pronto, a de que, en realidade, importa mais á lienda «Coalición», pra uns a reavancha de retropróximas fuxidas da súa; por outros o desexo de ti a maliberar o exercitimo a corón da planta de estufa do partido gubernamental. Partido unu sabemos si autonomista ou centralista, porque aínda non livo tempo de pensalo. Partido de que, en fin, se saben poucas cousas, e excepción de unha que se coñece ben: a presión a que viu reguando un clima artificial, pra que—«arabudada pazote», o próximo día 16, un paridoiro de pitos lograas.

Recomendación aos nosos afiliados.

Absténdonos nos de intervir nestas eleccións, a nosa recomendación perto dos nosos afiliados e simpatizantes dedócese claramente.

Desde logo, non é posible votar a ningún candidato de dereitas que, en Lugo especialmente, representen o caciquismo secular e o caciquismo vergoñento. Por principio, os galeguistas somos inimigos naturais dunhas dereitas consustanciais co cesarismo centralista das dinastías estranxeiras que asoballaron a multitude variedade ibérica.

De sempre, as dereitas foron en España imperialistas, antidemocráticas, antiautonomistas, antigalegas. Agora—paradosticamente—o son máis. A política que víveron desenrolando sobre de Cataluña e de Euzkadi no fíeno móico, síñlica a recidiva virulenta d-un revellido concepto monárquico, que tiñámes dereito a soldar cañado pol-a inmorredoiro 12 de Abril.

Contra esta política, encetada en España e singularmente destacada en Lugo dende as eleccións de 1933, seguimos estando os galeguistas. E seguiremos. Diputados forasteiros, que sinron tratados ruinosos pra nosa economía labrega; que nin nos conocen, nin nos aman, nin nos comprenden; que veñen a outar da oligarquía caciquil local—prorrogada por torpeza republicana—o regalo d-un acta; todo eso, endexamais.

Os nosos afillados, os nosos simpatizantes deberán volar, feita exclusión de todal-as dereitas, as candidaturas que esleñan nomes de auténticos republicanos, que, pol-o menos, teñan capacidade de galeguización.

Algo mais que episodio electoral.

O «Partido Galeguista» fén acreditado que é insobornabel ao destino. Ningún dos seus «Grupos», pois, pode recibir desalentos por unha incidencia de política baixa de telto.

A nosa misión é algo mais que un simple e divertido episodio electoral. A cumplida camiñamos.

Teñen definido os nosos mestres, que a política síñlica pro Galeguista un accidente, un meio, unha circunstancia que non nos foi posible afastar na procura de crear unha conciencia autóctona e unha civildade ergueita que nos póna en camiño de restaurar a nosa colectividade nacional. Importunos eso. O demais, si de algo sirve, é de estímulo pra aguilloar o noso traballo, motorizar a nosa fé e afondar a nosa esperanza.

Galicia é o noso sono. Ledamente, modestamente, incansabelmente, seguiremos labouando por Ela con aires renovados cada día. Alumbéanos a absoluta seguridade do noso triunfo da mañan, mais ou menos lonxano. O exemplo anda xa por España.

Teemos unha idea, un sentimento, una convicción. Pero si non abundara con eso pra continuar adiante, outro pulo nos empurraría con intima forza inasgotabel: o cumprimento do noso deber.

Lugo, 11 de Febreiro de 1936.

Pol-o "Grupo Galeguista" de Lugo

O SECRETARIO,

Servando Gómez Aller

V.º P.º

O PRESIDENTE,

Xosé Ramón e Fernández Oxea

Tip. Moucero—Lugo.

Abaixo, Ben-Cho-Shey atendendo a caseta de Galaxia na Feira do Libro de Madrid



elo. Non nos arrepentimos de nada, non rectificamos nada. Soio nos resta decir: ¡Dios salve a Irlanda!”

Con un espírito tan sublime como o de estes homes que así sabían morrer ofrecendo a súa vida en holocausto da patria asoballada, forzosamente habíase de conseguir o trunfo aunque os inimigos fosen xentes de temperamento tan frío e corazón tan seco como son os ingleses.

Y-en efecto os gobernos da nación opresora foron pouco a pouco reconecendo a xusticia das reclamacións irlandesa y-unque as máis das veces as melloras foron otorgadas ante a forza dos argumentos irlandeses, estes chegarón a conquistar a tan ansiada autonomía e con ela, a solución do problema agrario devolvéndolle a terra a quen a traballa y-establecendo un réxime cooperativista que conviria adoptar e fomentar na nosa terra.

¿Non vedes no problema agrario de Irlanda un grande parecido co problema agrario galego? Eiqui tamén tiñan os labregos que pagar fortes rendas a señores que endexamais se preocuparon das terras, e que as máis das veces non sabían con seguranza onde caían. De Galicia tamén tiñan fuxido os que pol-a forza da costume aínda se seguían chamando de nobreza e habían deixado as súas propiedades en maus de administradores rabuñeiros namentras iles gastaban sin tino por aparecer opulentos e por darse o gusto de ser criados do rey.

Por calqueira sitio que botemos unha ollada, veremos na nosa terra a



confirmación de esto que digo. Nos castelos hoxe medios esborrallados, que algún día serviron de defensas a moitas das nosas vilas, e que as máis das veces foron o orixen de elas, viviron n-outros tempos señores que quizais se preocuparían das terras que os rodean e se darían conta das penalidades e das necesidás dos seus traballadores e rendeiros. Aquí os homes, ben que mal, poden alegar algunhos títulos de propiedade sobre as terras, xequera fose pol-o dominio que lle daba o feito de pasear a cotío por elas. Pro ¿podían decir o mesmo os descendentes de aqueles, que nin de lonxe conoían o país, que por unha absurda lei foroal seguían cobrando ata hai pouco unhas rendas

que xa deberan estar caducadas hai tempo por extemporáneas e por estar pagadas con exceso?

En conciencia coido que non.

Pro n-iste caso os que traballan as terras pódense facer donos de elas aunque teñan que pagar rendas e foros. Y-esto non sucede en todo Galicia.

Alá pol-as outas terras de Melide e da Arzúa hai grandes extensións de terreos que pertencen a donos ausentes do país. Os labregos de aquelas terras non son propietarios e sin embargo trabállanas. Eiqui tedes un caso parello o que vimos de ver que había na Irlanda.

Nos temos que loitar por forza contra de iste absentismo; temos que defender o reparto adecuado ou a

millor distribución de aquelas terras cuia propiedade detentan indibidamente xentes alleas o agro, y-estamos obrigados a procurar que a terra sexa para quen a traballa.

Pro convén que denantes de seguir faga unha aclaración que estimo necesaria. E mais que probable que entre os que agora me escoita haxa xentes de ideas burguesas, elementos das dereitas a quen es postulados que veño de espoñer lles parezan escesivamente radicaes. Eu non vou a criticalos por eso, pro como das miñas verbas poideran deducir que o galeguismo é un ideal comunista, compre que deixe posto moi en claro que isto non é así, que no galeguismo caben total-as ideas que se encamiñen a millora y-a redenzón da Galicia asoballada, e que si na miña conferencia podo chegar a conclusións que a moitos lles parezan demasiado avanzadas, isto non quere decir mais que eu, como galeguista, estou situado nas forzas de choque, nas primeiras liñas da esquerda, pro non por eso deixo de lle dar todo seu valor a retaguardia, porque comprendo que n-un país ben orgaizado, o progreso ha de sel-a resultante de todas as forzas da dereita, da esquerda e do centro que cooperen a millor consecución de iste fin, é decir, que os que amamos a nosa terra, debemos axuntarnos todos esqecendo difirencias de interpretación, e procurar por todol-os meios o noso alcance que o pobo renaza e se eduque politicamente.

Do mesmo xeito que non é o menciñeiro o que cura a un doente, sinon que é iste, é a súa natureza a que reaccionando contra da doenza recobra a saude perdida, do mesmo xeito repitovos, a curación das nosas enfermidades políticas e cívicas, non se ha de facer por milagre, nin moito menos pol-a aplicación do unguento marelo que veña ofrecernos o primeiro gabeante que a nos se chegue na procura de unha acta de diputado. Ise miragre, isa curación maravillosa débemola de facer nos, que somos o pobo doente, reaccio-



nando contra da apatia e contra da falta de civismo, co a axuda de unhas gotiñas de amor a Galicia que nos farán sair trunfantes de esta doenza que pol- grave, hai veces que se somella a morte.

Aló no centro da Europa hai outro pobo eminentemente agrario que, somentes despois da Gran Guerra, chegou a ver cumpridas as suas aspiracións de gobernarse a si mesmo, como un pobo libre. Iste pobo é o checo, donde a poboación labrega representa moi cerca do 50% da totalidade dos habitantes.

Os checos viñeron sufrindo durante mais de cinco séculos a tiranía alemana; y-o idioma checo, que no século XIX fora declarado oficial na Bohemia, na Moravia e na Siles foi constantemente perseguido pol-os asoballadores durante toda a Edade Moderna. No século XIX iniciouse un renacemento literario que tivo que loitar con todol-os obstáculos que decote opoñen os dominadores os pobos escravizados.

Tamén na Bohémia, e sobre todo na Moravia, habia planteado un serio conflito agrario, moi somellante o da Irlanda y-o noso. Abondaban ali os latifundios y-era corrente o absentismo dos propietarios, que deixaban

as terras en maus dos labregos os que explotaban inicualmente.

Os patriotas checos tiveron que loitar bravamente contra da burguesia alemana, conservadora e imperialista. No seu programa tiñan dous problemas pol-os que combatian a vida ou morte. Eran os dous problemas que decote vamos vendo planteados en todol-os pobos asoballados; en total-as nacionalidades europeas que sofren a colonización de outras razas mais absorventes: a libertade da terra y-a libertade da fala.

O enemigo contra quen tiñan que pelexar os checos era d'abondo forte pra que lles quedase a esperanza de trunfar algún dia; e con todo, firmes no seu camiño, traballaron sin descanso hasta que nos nosos dias amañeceu pra iles un abrete de xusticia; abrete roxo, tinguido pol-o sangue dos millóns de homes que a verteron en defensa da libertade.

O tratado de Versalles reconeceu a personalidade da nación checa y-entón tiveron solución os problemas da terra y-os da dignidade cibdadana.

A terra foi de entón acá pra quen a traballa, como é de xusticia que se faga, y-ademais as leiras consideranse como un instrumento de traballo, e pol-o tanto non poden ser embargadas.

Nesta páxina e nas seguintes vemos fotografías da Campaña de propaganda a favor do si no plebiscito do Estatuto de Autonomía. Tomadas nas rúas de Lugo en xuño de 1936

Velei tedes o exemplo actual de outro pobo que trunfa porque soupo defender con dignidade os seus dereitos, e porque tivo valor para loitar hasta conquistar a total reivindicación das súas tradicións. E como estes casos que acabamos de ver, xiquera sexa de moita presa, poderían axuntarse o de Polonia, y-o de Lituania, y-o de Ucrania, y-os tantos outros que hoxe poden rexirse a si mesmos por haber chegado a maior idade como pobos.

Mais xa sabedes que a maior idade non se consegue somentes por ter cumprido un tempo determinado, sinon que unha vez chegado a il hai que demostrar que é un capaz de rexerse a si mesmo, e que non lle compren tutores, nin curadores. Y-esa é a nosa laboura; a de educarnos como cibdadans, a de aprender a facer uso dos nosos dereitos pra saber esixilos no seu día; a de facernos con una personalidade como pobo, oumillor dito, a de recobrar a que en mala hora perdimos por deixadez. Y-esto consiguiese con vontade: hai que querer, e hai que querer facer.

Habrédesevos decatado como o denominador común de todos os movementos nacionalistas é a fala. Terán n-unha parte o problema da terra, haberá n-outra a cuestión relixiosa, un pobo loitará por unha reivindicación social, outro farao por diferencias de raza; pro sempre a veira de estes problemas, e con mais urxencia que iles, xurde a cuestión do idioma.

O idioma ten pol-a Europa adiante unha importancia moi difícil de comprender, en pobos como o noso, que perderon a conciencia de si mesmos.

Y-é que o idioma é eso, é a persoalización da conciencia é a característica mais destacada da personalidade de unha nación. A fala é o que mais xunta ou separa os pobos, é o vehiculo do pensamento; a expresión do sentemento; a exteriorización do espírito. Pol-a fala sentimos a irmandade dos homes mais difrentes a nos; y-a fala arrédanos dos que son irmans da raza. Nos entenderémonos millor con un home negro ou marelo que



fale galego, que con un blanco que fale inglés ou alemán. ¿Porqué nos parecen tan alleos a nos os coitados emigrantes que regresan de América falando un castelán absurdo? ¿E pol-o seu traxe señoriteiro tan pouco axeitado a vida da aldea? Non. ¿E pol-a cara queimada do Sol tropical, ou pol-a ostentosa cadea de ouro falso ou pol-o loro que traen de compañía? Non: É única y-exclusivamente pol-a fala; porque ise linguaxe pampero, ou esa xerga cubana chocan co noso paisaxe, e desdicen o pé da lareira, e nin xiquera o entende a facenda afeitada dozura da lengoa galega.

Pro isto non quer decir, ni por un momento, que o galego sirva somentes pra falarlle a facenda; nin que sexa unha lingua de categoría inferior a ningunha outra, non digo eu peninsular, nin xiquera do mundo inteiro. Non. O galego como idioma, ten os mesmos dereitos que calqueira outro, sexa de donde sexa. E baixo o punto de vista do seu espallamento no planeta, ben sabedes que non se fala somentes en Galicia, sinon é o idioma que falan 10 millóns de portugueses, e no que se expresan 25 millóns de brasileiros, y-o que se escoita decote en toda a ruta de America; nas Azorez y-en Cabo verde; é un idioma que se emprega en Asia y-en Africa; pro que por riba de todo esto nos temos unha razón fundamental pra usalo con preferencia a ningún outro, y-e que o galego é o noso idioma.

Na psicoloxía de certa clas de mulleres galegas, dase un fenómeno

dino de ser tido en conta, pois revela canto importa o troque de lingoa y-hasta que punto leva consigo o troque de personalidade. Cando unha muller que falou a cotío o noso idioma comenza a baixar escalons no orde da estimación persoal; cando a vida a arrempecha as esferas mais baixas do vicio, endexamais a escoitaredes falar en galego. O renegar da sua fala, é como si quixera borrar pra sempre da sua conciencia a lembranza dos tempos millores, dos tempos en que os seus ouvidos castos deprendían dos beizos da sua nai os contos medonhos y-as cantigas de agarimo. E si a unha de estas mulleres lle falades de pronto na lengoa da sua infancia, veredes como aquelas meixelas, incapaces de ningún rubor, se tinguen de roxo, como si n-aquilo momento a conciencia lle puxer diante de si toda a depravación da sua vida.

E unha lei humana que os homes pensan con arreglo o idioma no que se expresan. A iste respecto, lémbrome agora de unha carta famosa de Eça de Queiroz, na que lle recordaba a unha señora, que lle pedia un profesor de lengoas para o seu fillo, que procurase que iste falase sempre os idiomas alleos con acento portugués. De iste xeito -decía- evitará que o seu fillo chegue a identificarse nunca co francés ou co inglés, e que sexa o que debe ser sempre: portugués.

Esta é unha das causas de que os políticos que hasta agora viñeron falseando a representación de Galicia, non fixeran nunca nada en proveito da



nosa terra. Non podían facelo: falaban en castelán e pensaban en castelán; pol-o tanto pra eles tiña que ter moita mais importancia a exportación dos trigos de Castela, que a libre entrada do millo pra que poideran comer os gandos galegos; necesariamente lles habia de preocupar mais o [...] que o ferrocarril Zamora-Ourense-Santiago.

Por eso nos, queremos que Galicia desperte, e por eso chamamos no corazón dos bos galegos, pra ver si responden con un xesto rebelde, e se dispoñen a cumprir co a súa obrigaçión de cidadans, facendo respetar os dereitos políticos e obrigando os que aspiren a ostentar a represtandión de Galicia a que pensen en galego, e sintan en galego e obren en galego, único xeito de conseguir a solución dos nosos problemas.

Que se acabe de unha vez para sempre esa vergonza de que dende Madrid nos impoñan un deputado. O deputado débeo elixir o pobo, deben ser os electores os que escollan e decidan o representante que mais conveña. A elección ha de ser unha especie de contrato, donde si os electores dan o voto, é a cambio do compromiso formal que adquire o deputado de defendel-os intereses da terra. Namentres esto non sexa así,

y-os pobos sigan aturando a desconocidos que sin pizca de aprensión nin coñecemento dos problemas galegos se prestan a trepar en riba de nos, estarános ben merecido que nos traten como escravos e nos desprezieren como xente incivil e indigna de consideraciós. Entón non teremos dereito a pedir que nos escoiten, e farán ben en negarnos a sal y-a auga, y-en expremernos os bolsillos.

Hai moita xente que, presumindo de avanzada, di que é internacionalista, chámanse os tales a si mesmo cidadan do universo sin cair na conta de que o sentimento de pátria non é una cousa abstracta, sinon que se refire sempre a unha chea de afectos íntimos, de lembranzas da infancia, de sentimentos da terra que o espírito ha de referir necesariamente a un lugar xeográfico determinado.

Os que tal din non se decatan de que para ser internacionalista hai que ser primeiro nacionalista, porque si o internacionalismo non é unha federación de nacionalidades o xeito da Federación de Repúblicas Socialistas Soviéticas de Rusia non é nada.

O mundo camiña a grandes pasos cara unha organización mais xusta. A Revolución francesa despertou o sentimento da liberdade nos pobos



americanos que sofrian a colonización da Europa. Esta gran Revolución rusa dos nosos días, que eu coído moito mais importante e de mais proveito que a francesa, tivo entre outras virtudes a incomparable de sacar do seu letargo as nacionalidades europeas que dormían baixo o asoballamento dos pobos domiñadores. Primeiro en Rusia, e como consecuencia da revolución, lograron a súa liberdade os pobos bálticos que estaban xunguidos pol-a tiranía dos zares. Mais tarde na Europa central o tratado de Versalles diulle a liberdade as nacionalidades xermanas y-eslavas asoballadas pol-os Austrias y-os Hohenzollern. Y-ahora mesmo en Asia y-en Africa os indios y-os exipcios están asombrando o mundo cos esforzos tremendos y-o incomparable espírito de cidadanía con que tratan de desbotar da súa terra a opresión inglesa.

Os grandes imperios están hoxe en crisis. A guerra europea demostrou o grande peligro que a súa existencia representa para a conservación da paz mundial, y-os homes de estado, que padecen as consecuencias de aquela tremenda catástrofe, provocada pol-o militarismo imperialista da Alemania ven a solución do problema da paz europea na formación dos Estados Unidos de Europa.

Eu coído tamen que iste seria un gran paso no camiño da fraternidade dos pobos, pro pra levar-a a cabo teñen que conseguir denantes as súas reivindicaciós total-as minorías na-



cionalistas de Europa. E cando todolos pobos estén satisfeitos e gocen da liberdade que hoxe non teñen, poderá ser unha realidade o proxecto dos Estados Unidos da Europa. Entón non haberá o peligro das guerras, porque os pobos pequenos son pacíficos de seu, e sabedores do triste que é o aturar unha dominación allea non tratarán de asoballar a ninguén.

Mais imos a supoñer que os Estados Unidos da Europa fosen xa un feito; que nos agora formásemos parte da federación. ¿Coidades posible que a constitución de estes Estados fose centralista co a capital en París ou en Berlín? Porque entón si algún día se nos ocorria facer unha estrada ou un tren teríamos que ir aló a xestionalo, e por moita e moi abondosa burocracia que houbese na capital dos Estados, sería imposible que en París estivesen o tanto das necesidades do pobo galego. ¿Cal sería entón a solución? Entón, y-ahora, e sempre a mellor solución é que nos nos gobernemos a nos mesmos, porque millor sabemos nos as nosas necesidás que as poden saber en París ou en Madrid.

E tanto pra o caso lonxano aínda da formación dos Estados Unidos da Europa, como pra o mais próxima

de unha nova adecuación da vida dos pobos peninsulares, estamos na obriga de prepararnos a ser cidadáns, de aprender a resolver os nosos problemas por nos sin ter que chamar a valedores alleos. E pra esto, non me cansarei de repetilo, non hai mais remedio que sentirse galegos e, como tales, capacitarse pra gobernar a Galicia.

A pouco que recordedes e meditedes na historia da reivindicación dos pobos de que hoxe vos falei, veredes que o paralelismo co caso de Galicia non pode ser maior. Galicia é un pobo colonizado por Castela hai catro séculos e os galegos suxetos a este asoballamento foron perdendo a súa personalidade como pobo, y-a falta de dignidade colectiva fai que agora mesmo haxa galegos que coidan o noso idioma de categoría inferior o castelán, e se maxinan seren mais xente por renegar da nosa fala. Lembrádevos do caso de Irlanda, de Flandes, dos Checos onde vimos que tamén houbo un tempo -o de maior rebaixamento cidadán e de máximo asoballamento- en que estes pobos se avergoñaban de falar nos seus idiomas respectivos. E sin embargo, chegaron a libertarse, pro foi cando recobraron a súa personalidade perdida.

Iste é o caso noso, é o caso de Galicia que en mala hora perdeu a súa y-alma e que agora anda a precurala sin decatarse de que a leva dentro de sí.

Que non sexamos nos como aquel desterrado de Laménai que andaba errante sobre da terra, e un día vía rapazas guapas como un sol de maio que brindaban o seu amor casto e puro a rapaces fortes coma buxos, outro día vía como nenos e os abós se xuntaban peito contra peito para axudarse a saír dos trollos do camiño, e outro día vía o fumegar das chimeneas entre brétemas arraioladas d'unha mañan d'Abri!l, ou ouvía na serán os cantos das labregas lavando pra casa-mater as suas facendas; pero nin aquelas rapazas o miraban, nin aqueles cantos lle traguían ningún lembro, nin aquelas xentes entendían as suas penas; e cando na veira do camiño, canso de camiñar sin fin, desafogaba a súa tristura, nenos e vellos bulrábanse das súas bágoas.

Como aquíl desterrado serán os galegos que non estean identificados co pensamento e co sentemento de Galicia, todol-os seus esforzos perderanse n-unha esterilidade tráxica como a de aquíl home morto sin acougar na procura de unha pátria ■

Ben-Cho-Shey

Carta a Castelao



Lugo 21 de marzal de 1936
Sr. D. Alfonso R. Castelao

Querido irman: Pra que te des conta do noxenta que é a política niste Lugo, pra que te decates de como se cumplen os pactos do Frente Popular e de como se practica a repubricanización da nosa terra, pra que logo non lle carguedes o grupo de Lugo culpas que non ten, nin nos tachedes de suspicaces, vouche dar conta das cousas que sucederon despois da xuntanza do Consello en Santiago.

Os poucos días de voltar de Compostela recibiu o grupo unha invitación de Unión Republicana, fíxate ben, de Unión Republicana pra que acudísemos a constitución do Comité do Frente Popular. O noso Grupo, que non desexaba outra cousa, foi ali pra cumprir o que se lle habia mandado. A primeira xuntanza acudiron representantes de U.R., de I.R. dos socialistas e nosos. Todos, menos o de I.R. levaban poderes pra actuar; os de I.R. deron en poñer dificultades i en obrar con unha cazurreria de cacique aldeán que a todos lles acaiu mal. Pra segunda xuntanza, que se celebrou xustamente o sábado pasado día 14, xa eran outros os delegados de I.R. pero tampouco eran os



definitivos. Acorduse ir ver o gobernador para facerlle presente que o Frente ficaba constituído e que de ali en diante se nos tivese en conta pras renovacións de xestoras que se levasen a cabo ao igual que se viña facendo nas outras provincias. O gobernador dixo que lle parecía moi ben, i-en efecto, o domingo seguinte constituíase a Xestora de Monforte, onde nós temos grupo, sin que o Comité do Frente se enterase de ren.

Despois de Monforte foi Láncara, e Rábade e Sárria e non sei cantas mais todas nomeadas a espaldas do Comité. Cando eu protestei dixéronme que o Gobernador cumpría ordes que lle daban desde Madrid. Claro que daba a pequena casualidade que por ises días xa estaba en Madrid o Sr. Diaz Villamil.

En esta situación noxenta e desagradable chegamos a onte; tratouse das eleccións municipais. A candida-

Día da Galiza

25 da Segra. Día da Galiza.

Xornada na qu'a ánima galega conculga co pasado e co porvir, fito remarcabel do actual camiñar galego, ó que amosa o seu vieiro d'un n'outro, cada vegada mais craro, mais rotundamente concreto, no evolucionante desenrolo do ser galizian, en demanda d'un mañán ceibe e fundamentais seu. Día sagro no que fai ensame de concencia a Galiza viva, a Galiza que sinte na sua carne os doores da Galiza morta, a outra Galiza que esval-se a sua personalidade na griseira umbra que proleuta a sobor de si o veciño; intre de fondo recollemento e sentida contrizón dos «bos e xenerosos» que, diante do altare da propia concencia, alumeado pol-o atavismo da Raza (que batido, mais non abatido, ó longo dos séculos, amosa aínda ó coto reuto l-ergueito onde frolecel-a rosa, roxa de sagrefizo, da sua rexa e lindeira afirmazon), renovan a saudade acesando unha nova lampadilha a Patrea no intemo santuario, e recóbranse acadando novos azos pra acontinar na teima sagra arránxando enquivocos e co-a sua leición, asíñalando a norma e o vieiro a seguir nos días vindeiros até o fito seguinte que marcará outra estazón no longo, mais comenente *vía crucis*, car n'el forxaráse, templado no dór, o Gran Pobo Galego que virá.

¡Día da Galiza! Ó teu conxuro, cuase que fosen meigas d'arripiante santa compañía, velen encher até ateigala a maxinazón, longas greas de tristesiras lembranzas, días prétos do noso pasado, e aldraxes inesquecentes que terán de non voltare endexanais, car o rexurdimento do pobo, pasenifo mais seguro, lumiosa xeira encetada pol-os «Santos Precursores» que foron na vida a Rosalía e o Pondal, o Faraldo e Brañas, o Porteiro e mais, abranguerá a Galiza inteira l-erguerá a sua concencia até a outura da verdadeira diñidade human. D'aquela, os credentes da ldeia, os termadores da fe no seu bon sino, n'un ensoño, cobizosos do tempo, e levados pol-a ilusión a longas alcancañadas, hachamos-nos no perto e derradeiro intre do conquerimento da Liberdade, e ollamos o troque operado en todo o paisaxe da nosa vida: atuándonos de igual a igual cos outros parentes da Hespaña e cos irmáns do Portugal e da Irlanda, enchendo un posto inteiro, non, en colaborazón obrigada, un recanto, no concerto dos pobos da humanidade; alentando ceibe, sen cangas a sobor do peito co ataleguen; comendo o pan do seu propio traballo sen medo a voracidade dos bandullos alleos; e donando xenerosamente unha man e un achego a todol-os pobos do mundo.

Galegos de Lugo, en chegando ista data, pra nós sagra, e sen mais fidoos qu'o sermos vosos irmans, pregamos-vos unha lembranza agarimosa e doce pra aqueles hérois da nosa Grande Arela, e un achego pra nós, pra facermos xuntos n'ista Diada da Patria Galega, un homaxe afervoado e sinxelo o *geos* é o *ethnos* de quen somos, procrmando d'ste xeito a todol-os ventos e rubindo por enriba de todal-as outuras, a fachenda da nosa personalidade e do noso sangue, e tamen pra comprir o mesmo tempo c'unha das leises de Deus, de: donar ensoño o que non sabe, pónndo diante dos seus ollos os coores da nosa bandeira en todal-as casas onde mora xente que ten fachenda de ser galega; e acodindo a donar proporcions e quentura os aitos populares a se celebraren n'iste día, donand'o exempro os non sabedores, e contribuindo asína a mór brileza do limpo espello da nosa señeira, que é a de todos.

¡LUCENSES! ¡AXUDADE POR ORGULO DE GALEGOS A ESPRENDIDEZ DO VOSO DIA DA GALIZA!

O Grupo Galeguista

Fig. 10. 11. 12. 13. 14. 15. 16. 17. 18. 19. 20. 21. 22. 23. 24. 25. 26. 27. 28. 29. 30. 31. 32. 33. 34. 35. 36. 37. 38. 39. 40. 41. 42. 43. 44. 45. 46. 47. 48. 49. 50. 51. 52. 53. 54. 55. 56. 57. 58. 59. 60. 61. 62. 63. 64. 65. 66. 67. 68. 69. 70. 71. 72. 73. 74. 75. 76. 77. 78. 79. 80. 81. 82. 83. 84. 85. 86. 87. 88. 89. 90. 91. 92. 93. 94. 95. 96. 97. 98. 99. 100.


Ben-Cho-Shey co seu pai, Pío Ramón Oxea, Deputado provincial do Partido Galeguista en Ourense no ano 1936, a súa nai Matilde Fernández, a súa muller, Isabel Algarra e a súa irmá, Teresa Ramón. Foto tomada no ano 1936 en Ourense



tura de maiorías leva trece nomes; os socialistas non pediron mais que dez postos deixando tres pra que os repartíssemos entre os outros tres partidos. O representante de U.R. fixo unha proposición altruista e desinteresada: 6 postos pra os socialistas, 3 para U.R., 3 pra I.R. e un pra nós. Como non houbo xeito de se entender, deixámoslos co as espadas en outo pra o luns.

Pero veleiqué que hoxe entereime de que se nomeou a xestora da Diputación pol-o mesmo xeito democrático que se viña facendo cos concellos e sin darlle tampouco representación os galeguistas. E agora eu pregúntovos, ¿é que coidades que segue sendo nosa a culpa de que Lugo non se vexa libre de caciques e de que se reduza todo a troque de un Pepe por outro Pepe? ¿E que se pode seguir dinamente n-un Comité do que non fai caso o gobernador namentres o que derixe todo iste tinglado sigue sendo o Sr. Villamil?

Eu confésovos que nunca tiven vocación política nin teño ambición nise orde, e que todo isto magoame moito. Si vos coidades que apesares de todas estas porcalladas e de todos istos desprecios eu debo continuar no Comité, fareino como un grande sacrificio da miña dinidade e doéndome moito, tanto mais, cando que coido que iste meu sacrificio será inútil e que os galeguistas non adiantaremos ren porque ista xente ten alma de cacique rural de terceira clase e son incapaces de corrixirse. Van o seu, e como o meu non é iso, e como eu coido que isto non



quere republicanizar a Galicia, nin obrar de xeito democrático, nin ter lealtade cos aliados, nin xiquera ter vegoña, por eso vos agradecería que me librásendes do tormento que para min supón o ter que aturar e tratar a xente de ista calaña.

Vos xuzgades a Lugo pol-o que ocorre en Pontevedra e non hai comparación posible. Ahi dirixe a I.R. un home como Tafall que ten un senso moderno da política i é leal convosco; eiqui temos un cazurro como Villamil cheo de ambicións persoas e a quen lle ten sin coitado a renovación dos métodos vellos. O panorama político de Lugo non variou mais que nas persoas que rixen as cousas públicas; os métodos son os mesmos quizares peores, i eso é o que non se pode aturar.

Agora vos dicideiredes.

Unha aperta cordial do teu decote irmau.

Xosé Ramón

Esquencíame decirche que na nova xestora non somentes non se nos deu un posto os galeguistas, sinón que en troque deronllo a un centrista. De donde resulta que o J.P. sigue sendo eiqui o mesmo que foi as eleccións pra deputados, e que os de centro son mais da casa que nos ■



Carta sobre a reconstitución do Partido Galeguista

Ben-Cho-Shey

Cáceres, 6 de Outubro de 1944



Coido que todos estamos conformes en que os encargos representativos do Partido han de recaer, hoxe máis que nunca, en persoas que poidan falar de igual a igual aos delegados dos outros partidos e aos que ninguén lle podía por a menor chata.

Convén asimismo que todos se lembren de que somos demócratas e que polo tanto non se pode admitir o que un señor se erixa por si e ante si en dereitivo do Partido, aunque o houbera sido denantes da guerra, sin contar co asenso dos que nos dirixen co beneplácito de todos nós.

A xente que nistes oito anos non haxa tido unha conducta limpa e nidia como a luz do sol; ós que por unha cousa ou pola outra estiveron en contacto cos anteriores gobernantes ou manexaron negocios ao servizo deles non poden, de ningún xeito, levar agora a nosa voz diante de ninguén. Aos que se atopan neste caso non se lles pode negar a súa boa fé nin o seu galeguismo, pro teñen que se decatar



que iste non é o momento deles e que si denantes foron concelleiros agora terán de limitarse a seren soldados de fila, namentras o Partido non poida deliberar libremente pra xustificar diante del a súa conducta parada.

O partido ten xa os seus representantes i en nome da disciplina que todos debemos gardar non se pode permitir que ninguén legalmente se abroque representacións que non ten, e que tomadas así porque sí, poñen

en grave perigo a seriedade do galeguismo diante dos outros partidos.

Pra ninguén é un segredo que ao triunfar as nosas ideas hase ir a unha revisión das fortunas chamadas da guerra e que se xurgará incluso a actuación das empresas. Polo tanto non podemos dar a nosa representación a aqueles correligionarios nosos que estén comprendidos nistes casos ou que tiveran encargos de responsabilidade nas empresas que figuran nas listas negras dos aliados.

Asi pois estimo que deben vosdes cortar de raíz as intromisións dos que veñan sin seren chamados e facerlles saber que deben obedecer aos que nos representan limitándose a cumprir co que se lles pida, cando diles se precise, e advertíndolles que non deben tomar endexamais o nome do Partido nin facerse pasar por dereitivos dil, para evitar as perxurios que ao galeguismo lle poideran vir de representacións tan pouco aceptadas.

Paréceme inútil o engadir que ao facer estas advertencias non me move rencor algún contra ninguén, porque nono teño; tan soio me impulsa o desexo de evitar que algún poidera chegar a confundir os intereses do galeguismo cos dos galeguistas desaprensivos que podesen estar dispostos a chalanear connosco. A experiencia distes oito anos foi moi doorosa pra que dela non tiremos proveitosos ensiños e non atinemos a distinguir o metal puro do doublé, deixándonos levar de sentimentalismos que nos perxudicarán sen dúbida.

Poidose haber sido un bon galeguista i estar incluso perseguido nos primeiros meses botando logo a perder ises méritos con unha conducta posterior, boa cecais, pro discutible e agora non estamos para que nos discutan nin desconffen de nos sinon para impormos aos mais pola nobleza da nosa executoria. Afortunadamente aínda hai galeguistas que non claudicaron nin se emporcallaron aunque pasasen privaciós e istes gozan do respeto incluso dos nosos nemigos, que como somos poucos coñecémonos todos ben ■

LABREGOS do distrito de Villalba

Galiza ten un intre único na súa historia pra conquistar a súa liberdade, no orde material e no espiritual. Iste intre preséntaselle o día 28 e Galiza ten que demostrar que quere e que merece esa liberdade; que desexa unha nova vida.

No plebiscito pro Estatuto de Galiza pergúntasenos a todol-os galegos si queremos que Galiza sexa ceibe, ou pol-o contrario siga sendo escrava de Castela. Nos temol-a pravoá.

Ninguén millor que ti, labrego sofrido, sabe d'as tuas miserias. Ti que te levantas ó mecer, que traballas sempre, que non tes carreteras por dendo dar saída ós froitos do teu traballo, que tes que comer o mais malo pra MALVENDER o millor, que tes que mandar a filla a servir e o fillo a segar pr-os «miragatos», que non tiveche escolas, que fuche sempre tido pol-os señoritos da vila com'un cidadaán de derradeira categoría, que fuche sempre o punto d'apoio d'un facho de «lambós», parvos, pra maior vergoña q'anda encima te aldraxaron) escóita:

Galiza paga atualmente ó Estado Central TRES VECES MAIS que o resto de Hespaña, en proporción ó seu número de habitantes.

Galiza paga por contribucións territoriales tanto com'as provincias de Badajoz, Segovia, Valladolid, Soria, Castellón, Vizcaya, Alava, Barcelona, Cáceres, Zamora e Navarra XUNTAS, e ten a QUINTA PARTE d'estensión.

As demais rexións do resto de Hespaña, vólvenlles de Madrid pra atencións de servizos do Estado 83 pesetas por cada habitante, e a Galiza solo 22.

Na Hespaña a tributación media das terras cultivadas e de 5'16 por hectárea. En Galiza a a mesma tributación sube a 15'78 por hectárea.

En resumo: Que Galiza ten que pagar ao ano a Castela, pol-o dereito de comer pan, ademais do prezo do pan, cen millóns de pesetas.

En troque, cando en Valencia se perde a naranxa, ou en Andalucía o aceite, ou na Mancha o viño, os Gobiernos de Madrid apresúranse a socorrelas.

Si en Galiza as xeadas levan os froitos, ou ten tinta o castaño, ou seca o millo, etc. etc, nald-e s-acorda de nos... Temos a mansedume do irlandés e en Madrid solo ós feros lles fan caso. Ténen a Galiza por unha rexión menor d'idade.

¡LABREGO DESPERTA!

Co Estatuto poderemos, nos mesmos, facer as leis que milloren a nosa vida, e a nosa industria.

Somentes co Estatuto poderemos poñer en pe a nosa terra.

¡LABREGO! Cando un galego desleigado, fillo sin nai, EXTRANXEIRO, s-atreva a decirche que Galiza non pode vivir independente, chámalo pol-o único nome que ten, e acórdate qu'è o fillo do cacique e que quer que sigas sendo o seu escravo.

¡¡VIVA GALIZA CEIBE!!

DELTA - LUGO



A Fundación Baulista Álvarez de Estudos Nacionalistas
presenta a publicación

da autoría de **Emilio López Pérez**

A Terra sabe a loita

Testemuño de rebeldía labrega

Inclúe 2 DVD



Un libro que narra, con datos e
documentos, un século de
guerra social e política, un
período que, para a historia do noso país,
representa un momento crucial na
construción da identidade nacional e
na formación do espírito crítico e do
sentido de responsabilidade social.
Este libro é un documento de referencia
para todos aqueles que desexan
coñecer a historia do noso país e a
lucha social e política que se desenvolveu
na primeira metade do século XX.

Non llimiar de 1,000 copias

á venda en
quiosques e librarías

Fundación
Baulista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



36

CARREIRA
PEDESTRE POPULAR "SAN MARTIÑO"

18 de novembro de 2012
11:00 h ponte do milenio

Organiza:



concello de
ourense
CONCELLARÍA DE DEPORTES





Rutas fluviais

COMPRA DE BILLETES:

Reserva anticipada

Tfn. 982 260 195

(luns a venres de 8:30 a 14:30 h)

www.lugoterra.com

Non mesmo calamarán: 20 minutos antes da saída

Belesar e Doade: Adultos/as 9 €

4-12 anos e >65 anos, carté xove 5 €

Nenas/as 0-3 anos GRATIS

Grupos (mínimo 30 persoas)

Adultos/as 7 €

4-12 anos e >65 anos, carté xove 4 €


Nenas/as 0-3 anos GRATIS

Os Robles: Adultos/as 3 €

4-12 anos e >65 anos, carté xove 2 €

Nenas/as 0-3 anos GRATIS

O funcionamento do programa de rutas está condicionado ao nivel de auga dos encoros e ríos. A Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo reservase o dereito a facer calquera modificación en horarios e rutas.



Os Robles

Esta ruta, de aproximadamente 40 minutos de duración, atravesa o río Miño nunha zona de singular beleza natural e valor biolóxico. Durante o percorrido podemos observar numerosos exemplares de flora e fauna de ribeira, que conforman un hábitat natural privilexiado, así como algún vello carteiro dos que hai ao longo do río ao seu paso por Lugo. Estes cualidades méltaron que a UNESCO declarara a zona Reserva da Biosfera.

Salidas diarias: Mañás ás 11:30 e 12:30 h. Tardes ás 17:00, ás 18:00 e ás 19:00 h.

Calamarán: Pelegrín (60 prazas)

Duración aproximada: 40 min

Belesar

Esta ruta percorre o río Miño desde a aldea de Belesar até a illa de Matorga, tamén chamada illa de Serrande, nun percorrido de aproximadamente 1 hora e media de duración. Desde o catamarán podemos observar a ambos os dous lados do río, os bancos de viñedos da Ribeira Sacra. Esta singular maneira de cultivo confírelle á zona unha paisaxe sorprendente, que nos axuda a comprendermos a dificultade e o esforzo que require o cultivo da vide na denominación de orixe Ribeira Sacra. O embarcador de Belesar dispón de servizo de restaurante-bar, especializado en gastronomía da zona.

Salidas diarias ás 11:30, 17:00 e 19:00 h

Calamarán: Pelegrín (60 prazas)

Duración aproximada: 1 h 45 min



Doade

Esta ruta, de aproximadamente dúas horas de duración, atravesa fondos vales e cañóns, entre as montañas pelias que discorren o río Sil. Este itinerario ofrécenos unha paisaxe de paraxes poboadas de viñedos que forman parte da denominación de orixe Ribeira Sacra, e na que se pode ver o seu cultivo en terrazas. Así mesmo, non se pode esquecer a ruta do románico, inzada de mosteiros e igrexas e que se estende por todo o leito do río Sil e tamén do Miño. Nesta zona, ten moita sorte a cerámica de Gundivós, que se caracteriza pola súa cor negra, que se consegue mediante o alufado.

Salidas diarias ás 11:30, ás 17:00 e ás 19:00 h

Calamarán: Mercía (110 prazas) e Cañón do Sil (60 prazas). Só sairá un barco en cada saída

Duración aproximada: 2 h

